

Actas da XVIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Onde van os marcos?

**As narrativas no ano
da oralidade das mulleres**

Consello Directivo da AELG Presidencia Cesáreo Sánchez
Vicepresidencia Beatriz Maceda Abeleira
Secretaría xeral Diana Varela Puñal
Tesouraría Xosé Monteagudo
Vogalía de Lugo Lois Pérez
Vogalía de Vigo Leticia Costas
Vogalía de Santiago de Compostela Daniel Asorey
Vogalía de Ourense Xoán Carlos Domínguez Alberte
Vogalía de Pontevedra Marta Dacosta
Vogalía de Relacións Internacionais Xavier Queipo
Vogalía de Cataluña Alicia Fernández Rodríguez
Vogalía de Literatura de Tradición Oral Lois Pérez
Vogalía de Literatura Dramática Afonso Becerra
Vogalía de Novos Proxectos Rosalía Fernández Rial

Secretaría económica e técnica Ramiro Torres Maceiras e Brais Cubeiro Fernández

Edita Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
aelg.gal – aelg.gal/Polafias
oficina@aelg.org

Deseño base da capa e marca de auga Alberte Sánchez Regueiro – Distrito Xermar

Fotografías do apéndice fotográfico e biografías Arquivo AELG-Eduardo Castro Bal
Alberte Sánchez Regueiro – Distrito Xermar
Adrián Méndez

Maquetación Gráficas Mera S.L.

D. L. VG-1293-2005
ISSN 1889-9579

Imaxes (os dereitos de reprodución son os mesmos que os que se citan nas fontes das que se obtiveron) Distrito Xermar
Arquivo AELG-Eduardo Castro Bal, Ana Cabana, Almudena Falcón, Lois Toirán

©Das respectivas autoras/es
©Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Decembro de 2025

Agradecementos
Grupo de traballo da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (Ana Acuña, Calros Solla, Carme Pernas Bermúdez, Cesáreo Sánchez Iglesias, Félix Castro Vicente, Lois Pérez, Xosé Manuel Varela e Xurxo Souto).

Esta edición contou co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos/as titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra: www.conlicencia.com, 91 702 19 70 / 93 272 04 47.



Desde a Vicepresidencia e a área de Cultura da Deputación de Lugo saudamos a publicación das actas correspondentes a esta XVIII Xornada de Literatura de Tradición Oral, que nesta ocasión puxo o foco na oralidade que salvagardaron as mulleres e na súa transmisión.

Este ano 2025 foi un ano de efemérides tan importantes como o ano Castelao, o Día das Letras Galegas dedicadas ás cantareiras e á tradición oral... Creo que non esaxero se digo que esas dúas figuras son inabarcables, especialmente a homenaxe ás cantareiras, xa que homenaxear a todas as mulleres que gardaron coplas, contos, melodías e toques tradicionais para que chegaran a nós é inmenso... pero non imposible, porque este ano sucedéronse homenaxes tras de homenaxes co obxectivo de mantelas vivas e de mantelas, non só na memoria, senón tamén de traelas á actualidade.

Durante todo este ano de recoñecementos intentouse non quedármomos en momentos de lamento colectivo por todo o que se perdeu por esa ruptura da transmisión oral da nosa lingua, senón en valorar e recoñecer a todas estas mulleres como mestras e piares da nosa cultura, un acto de resistencia cultural e de liberdade, unha maneira de afirmar quen somos fronte a quen nolo prohibiu.

A recollida destas actas durante estes dezaioito anos supuxo unha maioría de idade que creou unha bibliografía moi valiosa para os e as investigadoras da nosa cultura popular, imprescindible para o futuro. Quero transmitir tamén os parabéns aos e ás relatoras que participaron nesta edición e tamén á sección de Literatura de tradición oral da AELG, sempre na vangarda da organización de eventos relacionados coa oralidade.

Non quero rematar este saúdo sen destacar que a través das coplas e dos contos aprendemos moito máis que melodías, aprendemos valores, historia e identidade. Díxoo María da Pontragha o día anterior na Gala de Mestres e Mestras da Memoria, mentres teñamos contos, cantigas e ditos, teremos un contrarrelato.

Desde a área de cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo agradecemos o esforzo que se fai desde a AELG na organización desta xornada e comprometemos o noso apoio para as vindeiras edicións.

Saúde e Terra!

*Iria Castro Fernández
Deputada de Cultura
Deputación de Lugo*

Achegamos esta publicación da XVIII Xornada de Literatura de Tradición Oral, grazas ao sempre xeneroso apoio da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo e a colaboración da AS-PG.

Este ano celebramos unhas xornadas sobre as posibilidades que nos ofrece a oralidade, a lingua viva, para fortalecer o noso idioma. A isto dedicamos as xornadas do ano 2025, como un paso máis na implicación da AELG en axudarnos desde a oralidade á normalización da nosa lingua.

Agradecer ao escritor Lois Pérez, á escritora Eva Teixeira e á narradora oral Branca Villares, a coordinación das xornadas e a súa participación no desenvolvemento delas, arroupados pola equipa técnica da AELG e da AS-PG. Neste ano, desde a AELG, a través da súa Sección de Literatura de Tradición Oral, honramos a oralidade de xeito especial ao ser o tema elixido para a súa celebración nas Letras Galegas do 2025. Recoñecemos a poesía da tradición oral das mulleres como elemento fundamental na transmisión da cultura e lingua galegas como recollemos no manifesto, “Daquelas que cantan”, elaborado por Branca Villares e Eva Teixeira, que brevemente enunciou. Nel propuxéronse diversas reflexións sobre o xeito de abordar a celebración das nosas letras, das futuras programacións institucionais, presenza nos medios de comunicación e divulgación nos centros de ensino.

Fálanos da importancia do contexto para subliñar a música vocal en comunidade.

Enuncia estas condicións a modo de valorización de honrarmos a música vocal feminina, e debemos facer unha lectura en clave de xénero.

Constata que as mulleres cantadoras foron as grandes esquecidas nos diferentes procesos de patrimonialización da nosa cultura, subliñando que a voz da muller debe ser a protagonista, á vez que entende que as mulleres cantaban e compoñían versos en calquera momento, acompañando calquera traballo.

Como unha das pedras basilares da nosa cultura, nas músicas de tradición oral sempre hai unha mestura entre o herdado e o que xorde pola necesidade de narrar algo novo, sendo a propia comunidade quen regula o que vai permanecer. As nosas cantigas son reflexo da sociedade que as compón nun tempo concreto, sen vocación de transcender. Cantigas herdadas que falan dos oficios de mulleres: muiñeiras, costureiras, panadeiras, taberneiras, criadas....

A oralidade é permeábel e faise eco de toda clase de influencias no rural e urbano, de todas as modas. Axúdanos a promover a creación en galego, así como a crear novos espazos de normalización lingüística e consolidación de falantes. Ao celebrarmos a oralidade estamos

a escoitar, contar e cantar o que somos, a nosa interpretación do mundo no que de máis complexo nos constituíe.

Agardamos que traian froitos significativos para a normalización lingüística e cultural do país, dando comezo a unha nova maneira de entender a produción oral da colectividade.

As xornadas, cuxo desenvolvemento contén esta publicación, falan das moitas maneiras de seren alimento non só do sistema literario galego, mais tamén das moitas funcións sociais que poden ser desenvolvidas. A oralidade traballa tamén como catalizadora na mocidade sendo parte da docencia, con experiencias alentadoras por todo o país. No proceso de desenvolvemento do ciclo completo da oralidade, a nosa Sección, de moi diversas formas, sempre levou adiante a recollida, a creación e a súa difusión.

Igualmente, a oralidade pode ser fonte de inspiración para alimentar a escena galega.

A incorporación de novos e vellos soportes como a radio ou o audiovisual pode axudarnos a traballar no ensino ou na divulgación o patrimonio inmaterial.

Convocando á memoria, a súa recolleita pode ser un dos piares fundamentais para construír un arquivos das voces intrafamiliares.

O arquivo da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, que foi elaborado ao longo dos anos da maó de Antonio Reigosa, Isidro Novo, Lois Pérez e de todas e todos os membros da Sección, é para orgullármonos. No horizonte inmediato, coa colaboración do Concello de Lugo, sempre atento no apoio aos proxectos de país da AELG, o ensino da oralidade e da tradición oral é e será un dos labores fulcrais na Escola de Escritores e Escritoras das AELG.

Cesáreo Sánchez Iglesias

Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

No ano en que a Real Academia Galega estableceu a literatura de tradición oral como cerne da celebración do Día das Letras Galegas, recoñecendo a oralidade como forma de pleno dereito da creación literaria e remitindo á figura das mulleres transmisoras, especificamente ás cantareiras, a Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) considerou oportuno que as Xornadas que organiza cada outono en Lugo arredor desta manifestación da cultura popular tivesen como protagonista o relato feito dende as voces femininas.

Con esta escolla completábase un percorrido previo, posto que ao longo dos 17 anos en que se desenvolveu esta actividade houbo outras ocasións en que se focalizara a atención nas mulleres, nomeadamente en 2018, na XI edición, cuxo lema foi “O rol da muller na literatura de tradición oral”. Nese caso concreto incidíase máis ben no feminino como obxecto –realidade– presente acotío no repertorio popular, non sempre en positivo. Noutras edicións cuxo eixo central non remitía de xeito directo ao ámbito feminino, este contido apareceu inevitablemente de forma transversal, como ocorreu coas Xornadas centradas nas figuras dos mouros e mouras, nas que abordaban o tratamento do sexo e a obscenidade, ou as que aludían ás prácticas da medicina popular (respectivamente as número V, VII e IX).

Nos últimos tempos, dirixiuse de novo a atención ás mulleres, mudando de maneira substancial o enfoque, pois tanto no pasado 2024 como neste 2025 a análise centrouse na súa consideración como suxeito produtor, completando así a ollada ao feito da creación tradicional en lingua galega que se tiña feito con anterioridade. A proposta de atender á súa narración (“Onde van os marcos? As narrativas no ano da oralidade das mulleres”) na edición deste ano, supuxo darlle continuidade ao camiño comezado o ano anterior, cando se abordou a construción discursiva no referido ao canto (“Daquelas que cantan”, título de inequívoca referencia rosaliana), que se anticipaba xa á conmemoración da oralidade das mulleres derivada da proposta da RAG.

A aposta pola visibilización das achegas deste amplo sector da poboación non só se xustifica por seren elas partícipes na creación (coautoras do relato, polo tanto), senón que se referencia ademais co feito indiscutible de teren sido as grandes transmisoras deste inxente patrimonio inmaterial e de haber unha nómina considerable de mulleres que traballan na actualidade por mantelo vivo. A isto hai que engadir que no ámbito galego hai mostras relevantes de que tamén foron pioneiras na recolleita e posta en valor da tradición oral popular, cun exemplo tan representativo como Dorothe Schubart (Mestra da Memoria 2019).

Xa é hora, pois, de recoñecer a simbiose entre os espazos periféricos e a actividade das

mulleres das clases populares nas marxes do canon do sistema artístico-literario, e así o fixeron as persoas relatoras nestas xornadas, onde se recoñeceu a oralidade como fonte de inspiración –e creación, polo tanto– e de recursos tanto na escena cultural e musical como no ámbito educativo, constituíndo unha poderosa ferramenta de aprendizaxe vivencial. Porén, tamén se abordou a importancia das recolleitas, do rexistro que deixa constancia das voces subalternas (na súa maioría mulleres) e mesmo da súa presenza física, con imaxes que contradín a versión oficial que nega a súa xeira cotiá como sustentadoras da identidade, para xerar así un arquivo verdadeiramente representativo da colectividade á que pertencen e á que contribúen de xeito decisivo no referente á salvagarda da memoria do pobo.

Esta Xornada permitiu reivindicar a sabedoría das mulleres anónimas, o vínculo indisoluble entre a lingua e a cultura, o valor do colectivo e do experiencial, as posibilidades da patrimonialización da memoria intrafamiliar, ao tempo que amosou a necesidade de renaturalizar –(re)crear, non limitarse a reproducir– e de resignificar a tradición, mais tamén a necesidade de acompañar o activismo, exemplificado en numerosos proxectos referidos nos relatorios, co compromiso institucional e mediático (cuestións pendentes), para facer medrar a cultura propia, o feito diferencial por excelencia, “sen sacar os pés da terra pero mirando cara ao futuro” (Tereixa Novo).

Ao fin e ao cabo, as manifestacións concretas da oralidade poden ser transcendentales ou efémeras, segundo a vontade popular, como se lembraba nas mesas de debate, pero constitúen un conxunto universal e eterno, como expuña Castelao nunha sentenza referenciada por Sés no s. XXI: “A tradición non é a historia, a tradición é a eternidade”. Correspóndenos facer parte dese devir continuo, ultrapasando os marcos que acoutan a vida e o espectáculo e incorporando a memoria en feminino ao patrimonio inmaterial, para poñer fin ao relato oficial que silenciou as súas achegas.

Eva Teixeira e Branca Villares
Coordinación da XVIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Programa

XVIII Xornada Literatura de Tradición Oral

Onde van os marcos? As narrativas no ano da oralidade das mulleres

Lugo, 25 de outubro de 2025

Da polavila á escena: recollida, creación e difusión (conferencia)

Adrián Méndez

A regueifa no ensino: a oralidade como catalizador na mocidade (conferencia)

Almudena Falcón

O valor da palabra, sempre e mais despois (conferencia)

Tereixa Novo

A oralidade das cantareiras: fonte de inspiración e recursos na escena cultural e musical
(mesa redonda)

Almudena Falcón, Tereixa Novo e Adrián Méndez

Branca Villares, moderadora

A radio escolar como ferramenta para traballar o Patrimonio Inmaterial (conferencia)

Lois Toirán

As voces das mulleres rurais e a construción dun arquivo oral. Terra e memoria
(conferencia)

Ana Cabana

Colleita e recolleita: a patrimonialización da memoria intrafamiliar (conferencia)

Branca Villares

A oralidade das cantareiras: salvagarda da memoria do pobo. O valor dos arquivos e a súa difusión (mesa redonda)

Lois Toirán, Ana Cabana e Branca Villares

Eva Teixeira, moderadora

Cantareiras: o poder da poesía do pobo (sesión práctica)

Jara Ortiz

Os vídeos da XVIII Xornada de Literatura de Tradición Oral están dispoñíbeis na páxina web da AELG:

<https://www.aelg.gal/actividades/xornadas-de-literatura-oral-0/2025/10/25/xviii-xornada-de-literatura-de-tradicion-oral-onde-van-os-marcos-as-narrativas-no-ano-da-oralidade-das-mulleres/video>



Da polavila á escena: recollida, creación e difusión

Adrián Méndez

1. De onde vimos e onde estamos

As pandeiretas do país marcaron durante séculos o ritmo da vida galega. Foron o latexo das festas, das ruadas, polavilas, etc. Ao redor do canto xuntábanse as mulleres, o rural e o urbano, o traballo. Era moito máis ca música: era un modo de estar no mundo, unha linguaxe compartida que se aprendía observando, imitando, convivindo, en definitiva era a tradición oral.

Mercedes Peón fala destes espazos como microhábitats culturais, pequenos ecosistemas onde cada comunidade xeraba un xeito propio de cantar, tocar e bailar. Non existía unha “música galega” uniforme, senón moitas variedades sonoras, corporais e afectivas. Cada parroquia, cada familia, cada reunión tiña a súa gramática rítmica e melódica. Peón lembra, en varias entrevistas, que cando comezou a recoller cantos e ritmos, descubriu “unha riqueza inabarcable, unha diversidade que a modernidade reduciu a catro clixés repetidos”.

Nas imaxes podemos observar unha comparanza. O de “onte e hoxe” ou “onde vimos e onde estamos”. Nas primeiras imaxes de arriba observamos a polavila na Fonsagrada hai 70 anos, por exemplo, e á dereita, unha de hai 3. Nas de abaixo un cadro pictórico representando outro tipo de polavila e a vestimenta para representar a identidade galega, e á dereita, unha polavila de hai 3 anos.

O traxe tradicional galego que vemos en cadros como La Muñeira, baile gallego (1872) procede da vestimenta cotiá das distintas comarcas nos séculos XIX e XX, combinada con gravados e fotografías que pintores e etnógrafos seleccionaron para crear un símbolo visual da identidade galega. Ao institucionalizarse, moitos traxes uniformáronse para a escena ou a representación simbólica, en definitiva, para o folclorismo. Se o folclore é vivencia, o folclorismo é vivencia desa vivencia, segundo Josep Martí. Durante o franquismo, a Sección Femenina empregou este traxe como ferramenta de propaganda e educación cultural. Este folclorismo do que vimos falando creará un traxe identitario e único para cada territorio

partindo do costumismo pictórico e narrativo do pensamento do século XVIII. Unhas pinturas que idealizan a sociedade do momento e, sobre todo, o mundo rural, onde adquirirán gran protagonismo a música e o baile en romarías e feiras.

Quen consumirá todo isto será a burguesía, unha nova clase social que nacerá no século XIX e que poderá permitirse o luxo de colgar este tipo de pinturas no salón das súas casas. Dentro desas casas, o peso e protagonismo na preservación e na recuperación deste tipo de traxes recaerá na muller burguesa do momento. Esta vestimenta, sacada fóra do contexto rural, adquire así un sentido identitario e etnicitario.

Hoxe, nas rúas e nas festas, a xente mestura pezas tradicionais con roupa moderna, reinventando o traxe. Xa non é só símbolo: convértese en expresión viva da tradición, do corpo e da creatividade contemporánea. Así, o traxe conecta o pasado co presente, mantendo identidade e liberdade ao mesmo tempo.

A modernización, o éxodo rural e o proceso de folclorización alteraron ese tecido. Moitos deses microhábitats desapareceron, e o folclore institucionalizado pasou a ser espectáculo. Mais hoxe, entre xeracións novas e colectivos de recuperación, vemos un xiro: estamos a volver ás fontes, non por nostalxia, senón por necesidade. Recuperamos a idea de comunidade como espazo creativo e vivo, onde a tradición se reinventa cada vez que se comparte. Volvemos estar soldando a cadea da transmisión oral pero dun xeito diferente, contemporáneo.

2. A recollida: escoitar, aprender e acompañar

A recollida é un acto de humildade e presenza. Cando alguén decide poñerse diante doutra persoa para escoitar, non busca posuír un saber, senón deixarse tocar por el. Escoitar é aprender o ritmo do outro, aceptar o seu tempo e o seu silencio. A gravadora ou o caderno son ferramentas, pero o esencial é o vínculo humano que se establece. Josep Martí i Pérez, no seu ensaio *El folklorismo: uso y abuso de la tradición* (1996), advirte que o folclore pode converterse nunha imaxe allea de si mesmo cando se descontextualiza. Segundo Martí, “*o perigo do folklorismo reside en fixar o movemento, en presentar a tradición como un produto estático e non como un proceso vital*”. Esta reflexión é fundamental para quen recolle ou traballa con materiais tradicionais: debemos lembrar que o folclore non é unha reliquia, senón unha práctica viva. Martí insiste tamén en que “*o uso político e turístico da tradición tende a anular a súa función orixinal como expresión comunitaria*”.

Cando acompañamos a persoas maiores que cantan ou bailan, non só recollemos melodías, senón xeitos de mirar, pausas, timidez, orgullo. Esa transmisión é unha escena íntima, case doméstica. As mellores recollidas son as que respectan o tempo da conversa e o contexto: a cociña, etc. Non é só documentación: é convivencia.

Nas recollidas tamén nos damos conta que nada é novo. Igual que dixemos, está en constante transformación e adaptación. Faise agora, facíase hai cincuenta anos e facíase hai mil anos.

Para mostra son os exemplos que vemos cos audios que vos vou poñer. Todas teñen un nexo en común. A tradición oral e adaptalas aos tempos.

3. Do material á linguaxe.

En De Ninghures, o noso punto de partida é sempre o encontro co material humano e sonoro. Cada recollida convértese nunha semente de creación. Escoitamos as gravacións. Todo iso é material expresivo.

Non buscamos reproducir o repertorio tal e como o atopamos. O noso traballo parte da idea de que o folclore só vive se se transforma. O proceso creativo en De Ninghures é, así, un diálogo entre pasado e presente. Empregamos o material recollido para crear novas linguaxes escénicas, coreográficas e sonoras. A pregunta constante é: como facer que esa voz recollida por Dorothé resoe hoxe, en escena, sen perder a súa verdade? Cando interpretamos un canto aprendido dunha veciña, non o facemos como un número artístico illado, senón como unha conversa prolongada con ela e coa súa memoria.

Deste xeito, a creación convértese tamén en acto de devolución. A recollida non remata coa gravación: continúa cando ese material inspira unha nova peza, cando regresa á comunidade transformado en canción e performance. Para mostra estes exemplos. Por unha banda a forma de mover os corpos no baile. Cada quen, como dixemos tiña a súa maneira de bailar e así ten que ser na realidade e no torreiro, como se pode ver nos exemplos. Collemos unha recollida, analizámola e vemos que cada persoa ten a súa maneira de expresarse. Nos torreiros a pé de rúa pasa igual.

Por outra banda, temos as melodías que podedes atopar na rede; tanto en Spotify ou Youtube como é o último baile, e a fonte pola que bebemos, que é a de Salomé de Maroxo de Arzúa, gravada por Dorothé Schubarth.

4. A Polavila 2.0.

Hoxe asistimos a un fenómeno fascinante: a tradición volve á rúa, pero tamén ás aulas e ás redes. A mocidade toca pandeiretas, gaitas, violíns, zanfonas, acordeóns, etc. mestura *loops* electrónicos con alalás, e comparte vídeos de foliadas en TikTok. A “Polavila 2.0” é un espazo híbrido onde o rural e o dixital se cruzan sen complexos.

Nas escolas de música tradicional, nos festivais e nos encontros informais, rexorde un sentimento de pertenza. As novas xeracións non queren copiar, queren participar. Retoman os saberes da tradición para crear os seus propios códigos. O corpo que baila non repite: reinterpreta. O baile convértese en conversación contemporánea.

Mercedes Peón xa anticipaba este movemento cando dicía que “*o futuro da tradición dependerá de quen a viva, non de quen a archive*”. A súa idea de microhábitat adáptase agora a espazos en liña: pequenas comunidades dixitais onde se comparten ritmos, vídeos, aprendizaxes... Son novos microhábitats interconectados, onde se segue cultivando a diversidade expresiva que define a nosa cultura popular.

Da polavila á escena, e da escena de volta á polavila. Ese é o camiño circular que define a nosa relación coa tradición. A recollida, a creación e a difusión son etapas dun mesmo proceso: escoitar, transformar e devolver. A festa, o corpo e a palabra seguen a ser os eixos desa cultura viva.

O esencial é manter o vínculo: que a nosa cultura popular siga xirando, que os corpos sigan bailando, que as voces sigan berrando. Que cada xeración poida facer o seu baile, pero sempre coa súa linguaxe.

Bibliografía

Peón, Mercedes (2010). *Microhábitats e linguaxes do corpo tradicional*. Entrevista en *Revista Galega de Cultura*, nº 23, pp. 45–50.

Peón, Mercedes (2011). *A memoria corporal: do arquivo ao corpo*. En *Cadernos da Lingua e da Cultura Galega*, nº 12, Universidade da Coruña.

Martí i Pérez, Josep (1996). *El folklorismo: uso y abuso de la tradición*. Madrid: Ediciones Istmo.



A regueifa no ensino: a oralidade como catalizador na mocidade

Almudena Falcón Folgueira

Despois de máis dunha década percorrendo varios centros de ensino como docente en expectativa de destino, cheguei a Vilalba, ao IES Basanta Silva, con moitos desexos de asentarme nun instituto da Terra Chá para poder levar a cabo algún proxecto de certa continuidade. Preguntarédesevos como cheguei á regueifa. Máis ben foi ela a que chegou a min. E fíxoo ben tempo atrás, moito antes de que nin eu sospeitase que me ía dedicar a esta profesión.

No tránsito entre a infancia e a adolescencia descubrín as coplas populares nos beizos da Josefa de Trigo e do José de Atilano, os meus avós paternos e padriños. Tamén dunha tía avoa, a Remedios, con aquel romance de “*Aló cando eu era mozo*” que tanto me deu que aprender. Coa regueifa tomei contacto a través da pantalla, no programa *Luar*, cunha Mercedes Peón de cabelo longuíssimo e cuns regueifeiros que traían a vella regueifa de raíz tradicional. E, un chisco máis adiante, coas Gharotas da Ribeira e a súa valentía. Ano tras ano, no Entroido de Ansemar, pensaba para min coplas ben xeitosas, mais non me atrevía a subir ao escenario e cantalas.

Aquela rapaza tímida que tanto gostaba das coplas e cantigas populares converteuse nunha profe de galego bastante argalleira e, como non, recorreu en comezar a xogar coa regueifa canda o seu alumnado. O primeiro ensaio foi no curso 20/21, despois da COVID, con dous grupiños de primeiro da ESO dun centro de Lugo cidade. Fixemos uns vídeos para o Correlingua nos que cantabamos coplas, aínda mangados/as con tapabocas. Eu daquela tiña facilidade para escribir as coplas, pois escribira poesía dende nena e sempre me sentín cómoda no verso octosílabo. Mais non era quen de improvisar. A iso aprendín canda o alumnado. Porque a regueifeira non nace, senón que se fai, como acontece con outras disciplinas que requiren horas e horas de práctica. Con isto quero transmitir a calquera docente que non ten que agardar a dominar a arte da improvisación; que se empodere e se bote a regueifar coa rapazada.

Iso decidín facer eu cando no curso 22/23 asumín a coordinación do Equipo de Dinamización do IES Basanta Silva. Pareceume que traballar coa regueifa podía ser un bo xeito

para continuar na loita pola lingua. E para tal empresa, había que armarse de valor.

Comecei por formarme un chisco no tema, en boa medida de xeito autodidacta, que é unha das miñas teimas persoais. Mais tamén tiven a sorte de acudir a un obradoiro de regueifa para docentes, organizado polo proxecto Enreguéifate, que marcou un antes e un despois. Aquela tarde de outono entrei oficialmente na irmandade da regueifa. Alí, entre petiscos e bo viño da casa á caloríña dunha taberna de Compostela, improvisamos en roda ao son do acordeón de Manolo Maseda.

Dende daquela, as nosas actividades regueifeiras desenvólvense ao abeiro do Enreguéifate, un proxecto impulsado polos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo que, dende 2017, apoia a difusión da improvisación oral en verso para contribuír, por medio dela, á promoción do uso da lingua galega. Alén das Xornadas para o fomento e aproveitamento educativo da improvisación oral, o Enreguéifate organiza accións formativas para o alumnado, amais dun certame de vídeos e un encontro anual de regueifa (a Regueifesta), dos que falaremos despois. Detrás destas iniciativas están xente boa e xenerosa coma Séchu Sende e Manolo Maseda, que dende o principio me deron azos e me prestaron toda a axuda do mundo.

Daquela xornada marchei cunha enerxía inconmensurable e decidín que o alumnado do Basanta Silva tiña que aprender a regueifar. Xa que logo, a primeiros do mes de outubro, organizamos un obradoiro de regueifa con Alba María para o alumnado de cuarto da ESO repartido en dous pases. Alba introduciunos na historia da improvisación oral en galego e deunos pautas para compoñer as primeiras coplas. Ademais falouse de rap, de inclusión, de igualdade e de moitas outras cousas. Pero eu non quería que iso quedase na flor dun día, así que decidín aventurarme a impartir eu outros obradoiros no meu centro, pois os orzamentos para o fomento do galego son os que son. Para tal fazaña enrolei unha compañeira coa que sabía que ía funcionar, pois aínda que coma min era principiante naquilo da regueifa, ela conectaba moi ben co alumnado. Xa que logo, á volta das vacacións de Nadal, Vanessa Martínez e eu ofrecemos obradoiros de regueifa a varios



grupos, dende 1º a 3º da ESO.

E argallamos outra idea para que o noso proxecto non morrese aí. Neses obradoiros anunciamos a nosa primeira liga de regueifa (que bautizamos con humor como “Regueifa Champiñóns League”), na que se apuntaron máis dunha ducia de grupos. Cada un deles estaba formado por tres ou catro alumnas/os. O funcionamento deste campionato regueifeiro foi o seguinte: todos os martes e xoves no lecer había unha controversia entre dous dos grupos participantes, que foran designados por sorteo, igual ca o tema sobre o que debían tratar as súas coplas. O xurado completaba una rúbrica a partir das intervencións dunhas e outros e ao final sumábanse os puntos que obtivera cada equipo. O que máis puntos levase ao final, gañaría un premio. A liga tivo un éxito de público fabuloso. Nos meses máis fríos fixemos os encontros regueifeiros no Salón de Actos, que se encheu de aplausos e berros de admiración. Na primavera celebráronse no patio, amenizando o tempo do lecer.


Ese ano escolar gravamos o noso primeiro vídeo para o Certame Enreguéifate, que en cada edición outorga varios galardóns a pezas audiovisuais dun máximo de tres minutos nas que deben aparecer polo menos dúas persoas regueifando, cunha categoría xeral e outra escolar. O noso traballo levaba por título “Regueixornal” e con el obtivemos o premio á regueifa máis reivindicativa. O 14 de abril de 2023 asistimos á nosa primeira Regueifesta, que é así como se coñece a gala de entrega de premios que se vén celebrando no Auditorio de Galicia. Aquel ano tocaba intercambio con alumnado do País Vasco, que nos deixou impresionadas cos seus bertsos improvisados. E aínda aproveitamos a saída para percorrer as rúas de Compostela e degustar a regueifa, a rosca que era parte do premio, á sombra da Alameda.

Despois desta aventura marabillosa viñeron outras ben gorentosas, coma os primeiros obradoiros que impartiron xa no mes de abril varias alumnas de 2º da ESO que participaban na Liga de Regueifa. Os destinatarios privilexiados foron varios grupos de sexto de primaria dos colexios de Vilalba (CEIP Antonio Insua Bermúdez e CEIP Manuel Mato Vizoso) e tamén alumnado de FP Básica e Ciclos Formativos do IES Lois Peña Novo, outro centro da vila. E a experiencia, claro, foi marabillosa para ambas as partes. E por suposto para min como docente, mais sobre todo como persoa. Non é doado expresar con palabras a emoción que se sente ao ver a rapazada transmitindo con tanta forza a outras persoas o que ti lles ensinaches.

Neste punto convén incidir en que son as alumnas, convertidas xa en mestras regueifeiras, as que imparten os obradoiros. Unhas van aprendendo das outras, a modo de transmisión xeracional. Cando acaban de chegar á regueifa acoden a algún obradoiros coas compañeiras máis experimentadas; pero, en pouco tempo, xa dirixen con decisión as sesións formativas coma se levaran toda a vida facéndoo. É ben sabido que, cando hai motivación, se aprende con moita facilidade.

O funcionamento dos obradoiros é sinxelo, análogo ao que realizan as grandes profesionais coas que contamos hoxe en día no mundo da regueifa –a enorme Lupe Blanco, por suposto, ou a xente do colectivo Erre que Erre–. Comezan por explicar brevemente o que é a regueifa, de onde vén ese concepto, co apoio dunha presentación de diapositivas. Despois comentan a estrutura da regueifa, cantan algunhas das melodías que se poden empregar e ofrécenlles varias estratexias para construír unha boa copla.

Entón chega o momento de poñelo en práctica, que é a misión principal, e a rapazada participante debe facer grupíños de tres ou catro persoas para realizar os aclamados “xogos regueifeiros”. Cando hai xente de varias idades ou de centros de ensino diferentes, os grupos fanse cando entran asignándolles un número que corresponde coa mesa ou espazo que han de ocupar. E así conseguen que se coñezan e interactúen, ao saíren do seu espazo de confort.



Antes de comezar os xogos, unha vez que están feitos os grupos, deben poñer un nome que represente a todas/os membros do grupo, cousa que non sempre é doado. Por iso hai que tirar de temporizador para poder avanzar. Mais sempre rematan por saír algúns nomes ben orixinais e divertidos. Con eles van cubrindo una grella na que se irá anotando a puntuación ó longo de todo o obradoiro. Non somos defensoras da competitividade, mais funciona ben coa rapazada, afeita a esas dinámicas na vida cotiá. Os xogos consisten en que cada equipo debe ir facendo as súas coplas a partir de palabras ou de versos que se lles dan previamente. E, unha vez que as teñen escritas (improvisar é un proceso máis complexo que non se consegue nunha soa sesión) cántanas ente todas e todos os membros do grupo. Moitas veces dálles vergoña, algún cantan moi baixiño, ou non collen ben a melodía. Pero sempre van saíndo coplas fermosísimas e enxeñosas. As persoas pequenas teñen moita imaxinación e hai que aproveitala.

O xogo final, o da bomba, é sen dúbida o que ten máis éxito. Está inspirado nunha tradición que aínda se conserva nalgunha zona de Ourense e consiste en guindar coplas a outros grupos a modo de ataque. Sempre advertimos que non se pode atacar a unha soa persoa, senón que hai que dirixirse a todo o grupo; e que deben facelo con respecto e sen incitar para nada á violencia. Se non, quítanse puntos. Iso xa queda gravado a lume e a rapazada sempre o cumpre. E cando teñen a súa copla escrita, todo o grupo debe berrar: “Bomba!”. No momento que estouran as primeiras, iso xa non hai quen o pare. Soa o timbre e queren seguir xogando ás bombas. É un éxito total. Poden expresarse libremente cara a cara, o que nos mundos de hoxe é algo inaudito. E penso que por esa razón se emocionan tanto.

Por outra banda, a liga de regueifa ocupou boa parte do curso e, cara ao seu remate, decidimos facer unha gala onde regueifasen os equipos que máis puntuación obtivesen. Nesa festa rachada houbo actuacións musicais, improvisación, baile e moita festa. Entregáronse tres premios aos grupos nomeados “As Laretas”, “As Galeguiñas” e “As meigas chegan”, un total de 11 rapazas de 2º da ESO que na gran final nos deleitaron coas súas enxeñosas coplas. Entre os membros do xurado había varias profesoras do centro e tamén estivo Séchu Sende, ao que nomeamos padriño regueifeiro por toda a súa axuda. Nese evento estreamos o noso primeiro *photocall* que campaba moi ben co lema “Espalla a regueifa pola Chaira” que demos en empregar dende daquela nas redes sociais e nos cartaces. A gala emitíuse en directo polo *Twitch* e difundíuse tamén por Instagram e Facebook grazas a Álex, o noso técnico regueifeiro.

No curso 23/24 decidimos que este grupiño de alumnado constituiría un club de regueifa, e así o fixemos constar a partir dese momento en todas as actividades de difusión. Actualmente, a improvisación oral en verso nas aulas da Galiza está a vivir un momento marabilloso. Neste curso 25/26 atopamos constituídos 23 clubs de regueifa ou brindo, e seguimos a medrar. O noso club comezou a súa andaina cun obradoiro na Casa da Cultura, aberto a público de todas as idades, grazas ao convite do Concello de Vilalba.

As que impartiron esta actividade formativa foron “As Laretas”, que daquela comezaban 3º da ESO, xa que resultaran as gañadoras da liga. As catro rapazas deleitaron ás/aos asistentes con técnicas e recursos enxeñosos para compoñer as mellores coplas.

Nese momento, a prensa local comezou a facerse eco do noso traballo, cousa que demostraba que dalgún xeito estaba a funcionar bastante ben. A difusión das actividades na conta da biblioteca e do EDLG do centro (@biblioagustin) contribuíu en boa medida a ir tendo certa repercusión social. Amais, en novembro de 2024 saíra á luz o perfil RegueifaNaChá (@regueifanacha) que a día de hoxe xa conta con máis de trescentos/as seguidores/as.

En datas posteriores continuamos os obradoiros por varios centros educativos da contorna (nomeadamente o IES da Terra Chá José Trapero Pardo e o CEIP Veleiro Docampo de Castro Riberias de Lea). A rapazada que recibiu esta formación pertencía aos cursos de cuarto e quinto de EP e de varios grupos da ESO e de Bacharelato. Foi un éxito enorme e enregueifáronse marabillosamente.

Nese curso, grazas á regueifa, coñecemos dun xeito moi especial ao músico Manu Chao, de orixes vilalbesas, co que intercambiamos unhas coplas ben sentidas. A través dun amigo común enviámoslle un vídeo no que lle cantabamos unhas coplas coa melodía dun dos seus temas e el respondeunos cunha mensaxe ben emotiva. Máis adiante enviámoslle como agasallo unha camisola do Regueifa Tour e deunos a sorpresa de aparecer con ela nun dos seus últimos videoclips. No mes de novembro presentamos o noso primeiro espectáculo aberto ó público xeral, no Auditorio Carme Estévez de Vilalba. Nel participaron un grupiño de adolescentes regueifeiras da Escola Semente Compostela que nese curso inauguraban o Regueifa Tour, unha xira marabillosa que levaría a improvisación oral en verso por diferentes espazos da Galiza. Acompañáronnos no escenario Lupe Blanco e Suso de Xornes, facendo gala da regueifa de raíz tradicional de Bergantiños.

E xusto antes de marchar de vacacións en decembro fomos visitar a Residencia de Persoas Maiores de Vilalba para achegar a regueifa a un público moi especial e que era novo para nós. Ao son das nosas pandeiretas improvisamos coas palabras que nos ían brindando os residentes. Entre copla e copla foron xurdindo conversas moi emotivas entre maiores e rapazas. As fotografías son fieis testemuñas dese alumear dos ollos dunhas e doutras. Foi unha experiencia que, de seguro, nunca esqueceremos.

E de aí, veu o salto ao televexo, como dicía o Manuel María. Unha mañá recibimos una chamada do programa “Quen anda aí?” da CRTVG convidándonos a falar no plató sobre o noso proxecto e mais a improvisar unhas coplas. Hai que dicir que, por aquel tempo, tiñan xa grande habelencia escribindo as coplas para cantalas posteriormente, mais aínda non se botaran a improvisar con soltura, e moito menos baixo a presión dun directo televisivo. E tampouco tiñamos moito tempo para practicar a improvisación; a falta de tempo co alumnado é unha das maiores eivas á que nos enfrentamos neste proxecto. Así que, desta vez, levamos unhas coplas preparadas e cantáronas alí en directo (o certo é que as compuxeron no bus, de camiño ao local de gravación). O caso é que, para a rapazada, compartir escenario con personaxes da pequena pantalla tan coñecidos como Eva Iglesias ou Marcos Pereiro foi moi motivador. Vin que se sentían importantes, empoderadas, que é un dos obxectivos do noso proxecto.



En febreiro participamos coas nosas coplas, desta vez totalmente improvisadas, na festa de reapertura da Biblioteca Municipal de Vilalba. E de novo atopamos un público moi especial, a xentiña marabillosa do Centro Ocupacional de Vilalba. Iso si que foi unha acollida calorosa. E é que na regueifa coñecemos xente de todas as idades e características persoais, feito que lle dá á rapazada unha bagaxe importantísima.

Por outra banda, continuamos a desenvolver pequenos festivais de regueifa no noso centro, como aconteceu o día 15 de marzo, onde as rapazas fixeron unha exhibición no Salón de Actos do centro, demostrando xa a súa valía como improvisadoras ante rapazada do primeiro ciclo da ESO.

De novo participamos no Certame Enregueífate e por segunda vez obtivemos premio, desta volta á regueifa máis aguda co noso vídeo “Regueifando apréndese mellor” (podedes visualizalo na plataforma YouTube), no que reivindicabamos o uso da regueifa como ferramenta para o ensino. E aló fomos outro ano máis, á gala de entrega de premios, desta volta no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Unha festaza do repente galego cargada de enerxía onde se demostrou que a nosa rapazada ten madeira regueifeira.

Grazas á regueifa, seguimos viaxando. En abril collemos camiño cara á Pobra do Brollón, onde se organizaban unhas xornadas de convivencia que arrincaban cunha camiñada ata o veciño Castro de San Lourenzo e un xantar con actividades lúdicas ao aire libre. Pola tarde celebramos un pequeno festival, no CEIP da Pobra, no que participaron estudantes de varios centros educativos. Foi esta a nosa primeira convivencia con adolescentes regueifeiras/os doutros puntos do país, na que puxemos en común as nosas experiencias arredor da improvisación oral en verso. E da Pobra ata o País Vasco.

Convidadas polo proxecto Regueifesta, viaxamos a primeiros de maio ata a localidade biscaíña de Igorre, compartindo viaxe con alumnado do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces (co seu mestre regueifeiro Séchu Sendé) e do IES Río Cabe de Monforte (canda á súa mestra, Sara Marchena). O obxectivo principal era participar no “Regueibertso”, un proxecto de intercambio con alumnado vasco que traballa coa improvisación oral en verso. Neste ano acolleunos o instituto Arratia BHI, que traballa o bertso nas súas aulas. Alumnado dos catro centros educativos participantes compartimos unha camiñada polos arredores da cova de Baltzola mentres aprendíamos sobre historia e mitoloxía vasca. Tamén intercambiamos coñecementos sobre danzas tradicionais galegas e euscaldunas; fixemos xogos de presentación, xincanas e, sobre todo, houbo moito repente nas dúas linguas. Como colofón, organizamos un festival onde a rapazada vasca e a galega lle presentou á poboación o traballo deses días. Foi unha experiencia totalmente enriquecedora que, sen dúbida, repetiremos. Polas Letras Galegas fixemos unha actividade nova, as “RegueiLetras”, que combinou diversos xogos de regueifa con outras actividades lúdicas arredor de Luísa Villalta.

Visitounos alumnado de Primaria (de 3º a 6º) dos colexios de Román, Monseivane e Muimenta. A rapazada do Club de Regueifa organizou xogos que consistían en construír coplas con versos de Luísa. Como peche da mañá, as nosas regueifeiras improvisaron para toda a xente alí presente e contamos coa actuación musical da rapeira High Paw. Para rematar o curso con bo pé, aínda nos quedaban dúas actuacións ilusionantes: na Romaxe Artesá da Chaira, en Muras (convidadas pola Concelleira de cultura deste municipio) e no último espectáculo do Regueifa Tour 2024, en Compostela, onde improvisamos con rapazada da Escola Semente desa cidade e mais dos IES de Vila de Cruces e do Milladoiro.

O curso 2024/25 comezou de maneira desesperanzadora, pois boa parte do alumnado que levaba dous cursos implicado nas actividades da regueifa chegou a cuarto da ESO e quixo “desapuntarse” por diversos motivos. Este feito supuxo un golpe moi duro na miña autoestima como profe regueifeira, mais sobre todo como persoa. Mais decidín seguir. Catro desas persoas continuaron e botámonos a impartir obradoiros, xa no comezo do curso, nos grupos de primeiro e segundo da ESO. Dese xeito conseguimos que outras cinco ou seis rapazas e rapaces se unisen ao club de regueifa. Algunhas delas participarían máis activamente ca outros/as; mais as que o facían, eran e seguen a ser maravillosas.

Ese foi o ano dos obradoiros en colexios da contorna. Supoño que influíu que era o ano da oralidade, pola conmemoración das cantareiras nas Letras. Tivemos moitísima demanda por parte de mestras e mestres que nos pedían que fóssemos impartir obradoiros nos seus centros. Mais, por cuestións organizativas e de axenda, non conseguimos chegar a todos os recantos

dende onde nolo solicitaban. Aínda así, enregueifamos a nenas e nenos de infantil e primaria de localidades próximas como Friol, Castro de Rei, Guitiriz, Parga e tamén dos colexios de Vilalba.

Unha experiencia que non imos esquecer dese curso foi o I Campus de Regueifa, no mes de xaneiro, que xuntou durante toda unha fin de semana regueifeiras e regueifeiros adolescentes de varios puntos de Galicia (O Courel, Compostela, Porto do Son, Vila de Cruces ou Coristanco). Vivimos momentos máxicos cheos de humor regueifeiro e compañeirismo. E para maxia, as palabras que lle dedicou Sés á rapazada falando da música e de tantas outras cousas. Ou os versos que cantamos co *Auto-Tune* grazas á marabillosa Laura Lamontagne. Nestas xornadas de convivencia e aprendizaxe ofrecemos por segundo ano consecutivo o espectáculo do Regueifa Tour, que tivo lugar no Auditorio Carme Estévez para público de todas as idades. Contamos tamén nesta ocasión coa colaboración do Concello de Vilalba, que fixo incorporou ao escenario aos magníficos Lupe Blanco e Josinho da Teixeira.

Alén diso, por terceiro ano consecutivo volvemos gravar a nosa peza audiovisual para participarmos no Certame Enreguéfate. Xa que neste 2025 se conmemora o 75 aniversario do pasamento de Castelao, quixemos dedicarlle o noso vídeo ao polifacético rianxeiro e titulámolo “O mestre Castelao”. Nese traballo, as alumnas do club de regueifa cantaron as súas coplas ao ritmo dunha base electrónica, con moito xeito, engalanadas con lentes de sol e gorras moi rapeiras. Malia que nesta edición non obtivemos premio material, quedamos moi orgullosas do noso traballo e asistimos ilusionadas á gala de entrega dos galardóns, a Regueifesta-Regueibertso, que tivo lugar no Auditorio de Galicia. Alí volvemos xuntarnos con alumnado do País Vasco e mais doutras zonas da Galiza.

Ademais destas actividades, baixo o nome artístico de “Regueifeiras da Chá”, levamos a cabo actuacións en feiras e festivais da comarca. En Vilalba improvisamos na Feira do Capón, na do queixo de San Simón e na foliada das Letras Galegas. Mais tamén fixemos demostracións de regueifa na Romaxe Artesá de Muras e mais no Festival de Pardiñas. Nestes espectáculos facemos xogos de improvisación oral en verso no que o público participa moi activamente, fornecendo palabras ou versos a partir dos cales componse as nosas coplas. Neste ano introducimos unha innovación que consistiu en improvisar a partir de versos de coplas populares que se repartían previamente entre o público e que este debía recitar ou cantar. A actividade funcionou de marabilla con xente de todas as idades.

Paralelamente, seguimos a traballar nun proxecto de investigación sobre a historia da improvisación oral en verso na nosa contorna. Este arrincou cun modesto traballo de campo realizado polo alumnado de terceiro da ESO no curso 23/24 e xa deu froitos tan interesantes como varios nomes e certos datos de persoas que tiñan sona como improvisadoras polas nosas bisbarras. Amais, estamos intentando contactar con algunha delas que, afortunadamente, segue viva na actualidade. Pensamos que, na nosa comarca, os termos “regueifa” e “regueifeiro” se popularizaron a raíz da aparición de improvisadores como Calviño de Tallo ou Fermín da Feira Nova no programa *Luar*, mais seguimos pescudando se existiron outras denominacións do repente por estas terras. E isto constitúe outro aliciente moi importante para continuarmos a espallar a regueifa. Cos datos que foron saíndo fixemos unha presentación de diapositivas que proxectamos ante o público no Regueifa Tour de 2024. Máis adiante temos en mente facer una pequena peza audiovisual sobre estas investigacións e, sendo un pouco máis ambiciosas, gustaríanos organizar a máis longo prazo un roteiro polos lugares onde viviron persoas – especialmente mulleres– que tiveron sona como improvisadoras na nosa comarca.

En definitiva, a Nova Regueifa está a medrar de xeito exponencial, fomentando a transmisión da lingua entre iguais, ao tempo que a asocia con valores de activismo social,

creatividade, feminismo e identidade propia. As regueifeiras do Basanta Silva seguimos cheas de ilusión e forza. Continuaremos a espallar a improvisación oral pola Terra Chá, especialmente entre a xente máis nova, para que o carro de Manuel María cante outras mil primaveras máis.





O valor da palabra, sempre e mais despois

Tereixa Novo

Bos días a todas e moitas grazas por terme convidado a participar nestas xornadas da AELG, que coma todas, teñen moi boa pinta.

Vouvos contar o pouco que podo contar, que é a miña experiencia. Digo pouco, porque eu non son estudosa nin da oralidade nin da tradición, nin fixen nas miñas escolas traballos tan interesantes e importantes como a compañeira de Vilalba, e que expuxo antes sobre a regueifa. Eu fun vivindo a miña vida o mellor posible e sempre, desde que chegaron uns anos, cun sentido crítico da vida, da situación e do momento no que estabamos e estamos.

Como dixo Branca, culpable de que eu estea eiquí, vou dar unha pequena ollada do que eu mamei da cultura tradicional e da oralidade. Nacín no 56 en Doncos, unha aldea do concello das Nogais, cando o mundo rural tradicional inda existía. As casas estaban cheas de xente, os carros seguían cantando polos camiños, na escola estabamos moitos menos e nenas, cada quen en seu local!, e moitos menos xa que xeración anterior.

Mais tiven a sorte de participar activamente aínda na vida rural, que xa se vía que ía esmorecendo. Formaba parte dunha familia mui humilde –meu pai sempre me dicía que me estudara unha cocha que tiveramos na casa moitos anos, que era moi boa parideira e vendían camadas moi numerosas–. Outros quedaban para cebar e dar uns chourizos e xamóns maravillosos dos que parte deles tamén se vendían.

Todo era pouco para axudar á escasa economía familiar. Tal situación non foi óbice para que ós 10 anos puidese ir estudar a Lugo, volvendo para a casa todas as vacacións. Este era por tanto o meu xeito de estar no mundo, que lembro como moi feliz.

A casa na que viviamos (non era nosa), tiña unha pequena taberna na que se vendía, ou se trocaba de case todo. Era unha taberna na que sobre todo nas longas noites de inverno, moitos homes (nunca mulleres) viñan pasar o tempo: tomar un viño, parrafear, xogar a partida, a “loiar” ou cantar, (antes dicía a compañeira de Vilalba como se chamaban as regueifas; na montaña de Lugo son LOIAR), a contar contos... moooitos moooitos contos, dos que non

me lembro a día de hoxe, e sobre todo moitos contos de lobos. Todo sen ser consciente do enorme valor do que tes arredor. Pero deste inmenso patrimonio de transmisión oral e vivencial ía empapándome, simplemente vivindo a vida e disfrutando dela. A posteriori funme dando conta de que todo iso foi calando en min. Meus pais non é que fosen moi cantaríns, pero miña mai cantaba moi ben e cantábame e contábame moitos contos, arrollos, ditos que se lles dicían ós nenos e nenas pequechos, como o “dedín dedín do pequenequín...” de meu, pai que non o facía mal, cantos de Reis e cancións da guerra, que quedaron na miña memoria e que pouco a pouco fun contextualizando, e todo iso é tradición oral.

Recordo tamén que me gustaba moito ir con meus pais á feira, sobre todo á de Pedrafitá, que era a de máis cerca, e gustábame sobre todo, porque na feira case sempre había cegos (non recordo cegas) cantado, e a min aquilo parecíame marabilloso. Claro, eu non tiña nada para gravalos, nin se me ocorría tal cousa, pero si me gustaba escoitalos con moita atención e mercar aquelas follas de coloriñas nas que viñan as letras dos romances que cantaban; e como que tiña certa facilidade para quedarme coas músicas e me gustaba moito cantar, era capaz de reproducir a maior parte dos romances e cantigas.

Por outro lado a música que eu escoitaba era música na radio e todos e todas sabemos que música se escoitaba naqueles tempos pola radio. Pero a min gustábanme (tampouco sabía que houbese outras cousas) e aprendías todas, sabías de memoria e pasábao en grande diante do espello do meu cuarto horas e horas cantándoas e facendo coreografías. A miña ilusión sempre foi cantar... o que fose, pero base musical ningunha.

Ós 10 anos marchó para Lugo a un colexio de monxas, “O Santísimo Sacramento”. O colexio funcionaba como residencia, ás clases íamos ó instituto feminino, e todas as nenas que había eramos da mesma orixe rural de toda a provincia ou zonas próximas. Todas falabamos en galego e cantabamos, unhas sabían unhas cancións e outras, outras. Teño que recoñecer que non recordo que nunca ninguén me castigase ou rifase por falar en galego. A mestra que tiña en Doncos era do mesmo lugar: Dona Mercedes da Riega, que inda vive; e o que si me sorprendía moito era que ó entrar na escola todas tiñamos interiorizado que se falaba en castelán, incluída a mestra, pero despois cando me atopaba con ela por algún camiño, as dúas falabamos galego. A min isto non me cadraba moito aquilo, pero era así e punto!

Estou a falar dun tempo no que inda se facían os traballos de xeito comunitario como a sega, a mallega, a matanza, o entroido etc... axudabámonos uns os outros; primeiro ía cos outros nenos e nenas xogar, pero tamén tiven a posibilidade e o tempo de participar activamente nelas e case sempre se acababa comendo e cantando. Non recordo que na miña zona se tocase a pandeireta. Cerca, en Cervantes, si. Tේñollo preguntado moitas veces á miña mai e outras mulleres do lugar, e non recordaban ningunha. O que si se facían eran as foliadas (en Doncos era o filandón) onde cantaban e bailaban, eu xa non as recordo. No verán facíanse nos cruces de camiños e no inverno nalgunha corte ou portal tapado, que primeiro se lle daba unha pequena limpeza para o evento. Si había homes que tocaban gaita, tambor ou bombo, e en Doncos mesmo tiñamos un saxofonista: Ramón dos Xirigados, e en Cruzul, perto de Becerreá, había un acordeonista, que se dedicaba xa dun xeito semiprofesional a tocar. E eses eran os que viñan para facer os moitos bailes que se facían ó longo do ano, sobre todo no inverno. No verán había festas por todas partes. Pouco máis tarde xa empezaron as discotecas e máis tarde as orquestras espectáculo, e con elas foron acabándose tamén os festexos populares que daban lugar a moita riqueza tradicional, inda que xa se notaban as influencias alleas.

Dando xa o salto a Lugo, no colexio no que estaba facíanse moitas actividades e unha delas na que eu participaba era o coro que dirixía o cura Xesús Mato, e que naceu fundamentalmente para cantar a misa dos domingos que se retransmitía por Radio Popular desde a capela da Casa

Diocesana, que celebraba Mato “en galego”, e na que o coro do colexio cantaba. Todo isto nace moito antes do xermolo de Fuxan, que foi a finais do ano 1971, cando Mato nos dixo que ían incorporarse ó coro un grupo de rapaces que coñecera precisamente nas misas da “OJE”, que se facían nun dos locais deiquí da Deputación que dá ó canellón de San Marcos, onde por ausencia do cura habitual viñera Mato celebrar a misa na que eles cantaban.

Ó final da misa fala con eles e proponlles incorporarse ó coro para cantar na misa de Radio Popular. Ó domingo seguinte xa baixaron á misa e quedaron definitivamente incorporados ó coro. Nós encantadas de convertérmonos nun coro mixto.

Pasado pouco tempo, os rapaces dixéronlle a Mato que querían intentar facer un grupo musical e necesitarían algunha voces de rapazas. No seguinte ensaio Mato sinala tres voces graves e tres agudas entre as que estabamos Carmen Vázquez e máis eu, e dinos que ó rematar o ensaio imos quedar un cacho cos rapaces que nos queren propoñer unha cousa. Así nace un grupo *variopinto* con poucos coñecementos musicais, sen nome, pero con moitas ganas de cantar.

Ensaíabamos todos os días despois do coro e logo empezamos a facer pequenas actuacións cantando todo tipo de cancións no propio colexio ou nalgún de Lugo como o “Eijo Garay”, Milagrosa, etc.

É a comezos do 72 cando Mato nos propón presentarnos ó Festival das San Lucas de Mondoñedo; probablemente o único que naquel momento se celebraba en Galiza e en galego, onde ademais había que presentar pezas orixinais tanto na música como na letra. A nós aquilo deunos para atrás, porque naquel momento non eramos capaces de facer unha peza inédita.

Recordade que a maior parte de Fuxan fomos sempre autodidactas, inda que daquela algún estaba empezando con estudos musicais. Para Mato iso non era problema, dixo que a peza facíanola el. Así si estabamos dispostos e dispostas e... ó pouco tempo chéganos con Fuxan os Ventos. A canción encantounos, pero vaia plan para ensaiala!, melodía e letra preciosas, pero cunha harmonización e uns xogos de voces que nos parecían inalcanzables. Puxémonos a iso e conseguímolos. Moitas horas de ensaio e algún que outro problema. As rapazas que empezamos a ensaiar a canción eramos todas do rural e rematado o curso cada unha volvía para a súa casa todo o verán, e non tiñamos posibilidade ningunha de seguir ensaiando durante o verán. Volviamos para Lugo despois do San Froilán, que era cando empezaba o curso, o 14 ou 15 de outubro empezaban as clases e o certame era o 22 de outubro. A solución foi incorporar ó grupo dúas rapazas de Lugo, Matuquín e Esther, que ensaiaron todo o verán e que foron elas á actuación a Mondoñedo. Ganamos o primeiro premio, 50000 pesetas no ano 72, que nos deron para moito: instrumentos, local de ensaio, megafonía e moitas, moitas actuacións. Empezamos a patear vilas e aldeas sobre todo pola montaña de Lugo. Nesas actuacións ó final cantabamos e bailabamos coa xente e sempre había alguén de nós cunha gravadora para recoller todo o que alí se cantaba ou se contaba. Aí empezamos, polo menos eu, a darnos conta da grande riqueza cultural e idiomática que había na nosa xente e que ía desaparecendo con cada persoa que morría. Era urxente recoller e localizar persoas que puidesen ser informantes para que non se perdese, e nós ir incorporando pezas ó noso repertorio. Así recolleemos centos de pezas. A nosa idea non era estudar todas esas cintas, nunca fomos nin nos consideramos estudosos da tradición popular, mesmo a recollida era sen ningún criterio predeterminado. Queríamos aprender, recuperar, empaparnos da nosa tradición. Desas recollidas faciamos unha escolma do que nos interesaba para incorporar, sen ningún prexuízo nin auto-limitación ó noso repertorio: cambiando ou adaptando as letras, arranxando e harmonizando as músicas ou interpretando moitas delas tal e como as recollemos, pasándoas pola peneira de Fuxan os Ventos.

A maior parte do noso repertorio ten base tradicional, inda que fomos criticados

publicamente por algún ortodoxo da tradición por facer o que considerabamos oportuno. Tamén fomos moi conscientes da cuestión do idioma. Non hai cultura nin identidade sen un idioma propio. Había que tomar postura, e desde comezos do 74 empezamos a cantar só en galego. O que pretendíamos era que todas esas cancións volvesen á xente, actualizándoas ao noso tempo, tanto musicalmente, onde pouco a pouco fomos incorporando novos instrumentos e novas harmonías, como nas letras onde falamos da problemática e da situación de atraso de Galiza, adoptando unha clara posición na defensa da mesma.

A partires de aí, e da saída do primeiro disco “Fuxan os Ventos” no 1976, as actuacións máis masivas complicaban o procedemento da recolleita, aínda así, e aproveitando que a maior parte de nós eramos mestras no rural ou pequenas vilas, seguimos localizando informantes e facendo recolleita. Con todo ese material, no meu caso o traballo de escoita e limpeza das cintas a dixitalización, así como pasar as letras a papel e algunhas músicas, fíxoo o meu compañeiro Moncho (xa falecido), inda que a maior parte das transcripcións e arranxos musicais son de Xoán Fortes. Calquera presentaba unha canción ó grupo, onde todos e todas facíamos suxestións, en maior ou menor medida e con maior ou menor éxito. Se ó final non quedábamos contentxs, descartábase ou volvíase a ela noutro momento, pero o que máis me interesa destacar do meu discurso hoxe, é o papel de intermediarias que considero fixemos. Empezamos recollendo a comezos dos 70, como dixen antes sen moito criterio nin saber como se facía realmente, e tamén nos valemos de cancioneiros xa publicados, ou do que tiña recollido Mato sobre todo no referido ós cantos propios do nadal que parecía que eiquí non existían, e onde tamén temos moita variedade: panxoliñas, cantos de nadal, de entrada e saída do ano, de reis... e de aí naceu *Galicia canta ó Neno*.

E de pronto aparece Dorothe Schubarth. Como nos abriu a cabeza esta muller! Este país nunca lle agradecerá suficiente o traballo de recolleita, estudo, valorización e dignificación que fixo, xunto coa colaboración e asesoramento de Antón Santamarina pola tradición oral e musical de Galicia, publicando baixo o patrocinio da Fundación Barrié o *Cancioneiro Popular Galego*. Ela, que nada tiña que ver con Galiza, deunos una tremenda inxección de autoestima. Grazas Dorothe, grazas Antón. Como dixen antes, en Fuxan nunca nos consideramos estudosos da tradición oral, só colaboramos na súa recolleita para que non se perdese e devolverlla á xente actualizada, pola peneira de Fuxan os Ventos. Creo que non o fixemos mal de todo. A xente identificouse rapidamente con nós, recoñecéndose nas músicas como propias, e nas letras que falaban dos seus problemas, da situación de atraso que vivía Galiza no eido económico, social, político ou cultural. Sempre tivemos claro que a cultura ten que ser comprometida e transformadora, ou non é cultura. Cumprir coa función de crear conciencia e tentar modificar e mellorar a realidade que nos toca vivir en cada momento, en defensa do PAÍS. Algo fixemos!

Pero o mundo segue e a nosa función transmisora (xunto con moita outra xente) tanto a nivel público como no privado e familiar estase cumprindo, e as novas xeracións adaptan, crean, divulgan desde a súa propia realidade, con moita máis información e formación, con respecto e identificación coa tradición, facéndoa evolucionar sen sacar os pés da terra, única maneira de que perduremos no tempo como pobo diferenciado con identidade, cultura e idioma propios.

Para que poidamos ver esa evolución traio dous exemplos. Imos escoitar dúas pezas que nós recolleamos, en tres versións: 1ª a da persoa informante, que neste caso é Francisca García da casa de Recadeixe, en Quinzán, Taboada; 2ª a versión de Fuxan os Ventos e 3ª a versión de Faia, artista que neste momento lle está dando unha importante e acertada volta á nosa tradición, con respecto, calidade, e moita dignidade.

As cancións son *A Costureira*, e *A Malvela*. Para poder escoitalas incorporo dous QR, un por cada canción, onde dentro atoparedes as tres versións das que falei.



A COSTUREIRA



A MALVELA

E para rematar, unha pequena reflexión. A cultura non pode ser só materia de museos, ten que ser viva, evolucionar cos tempos sen sacar os pés da terra, crear, actualizar, non só reproducir. Por sorte hoxe hai moita xente nova, e non tan nova, que está traballando na boa dirección, pero ollo, porque resulta demasiado habitual que arredor de moita boa xente riba dun escenario, no teatro, no cine, nunha foliada, na TV, na radio, no ensino... en calquera ámbito da cultura e vida, tan axiña como saen do escenario do público dáste conta que o seu idioma habitual é o español. Isto é unha contradición en si mesmo. Temos que ser moi conscientes que non quedará PAÍS sen CULTURA, que non hai cultura sen IDIOMA. O Idioma é o que nos dá a identidade a diferenza, o sermos un país único no mundo con dereito e ganas de permanencia, mais os inimigos de Galiza e dos galegos e galegas sábeno e por iso temos o galego na situación na que está. Reaccionemos colectivamente antes de que sexa demasiado tarde.

MOITAS GRAZAS.



A oralidade das cantareiras: fonte de inspiración e recursos na escena cultural e musical

(mesa redonda)

Modera: Branca Villares

Participan: Almudena Falcón, Tereixa Novo e Adrián Méndez

Moderadora

Agradece aos tres relatores as súas intervencións e explica que vai facer unha proposta inicial para o debate na mesa. Engade que despois haberá quenda de palabra para quen queira intervir, e de non ser o caso, continuará ela achegando reflexións e preguntas. Comenta que en relación co seu traballo de divulgación e estudo da tradición propia, interesouse tamén por aprender doutras culturas e tradicións aínda vivas. Confesa nese caso atender máis ao “como” (de que maneira se chega á xente e se mantén en activo esa literatura oral) que ao “que”. En concreto remite á súa estada no Senegal, onde estivo en contacto cos mandinka, do grupo étnico mandé, de quen obtivo unha definición desta realidade que lle gustou moito: alí decláranse “yalis”, é dicir, “músicos de sangue”, porque maman a tradición no seo da familia e dende que nacen se están formando para continuala. Non todas as persoas dunha familia son yalis, pero esa tradición pasa de xeración en xeración. A continuación, explica os tres deberes que cumprir todo yalis:

- Aprender (anos de formación) e transmitir a tradición (debe escoller a quen lega o seu saber, nomear á persoa continuadora)
- Participar na vida social da comunidade (cidade, aldea, vila, familia) á que pertence, de maneira que cando hai un casamento ou un nacemento, ten a obriga de ir alí e cantar e contar a historia desas familias, nomeando a todos os seus membros nunha canción.
- O yalis ou a yalis –Branca aclara que a súa mestra, Adama Sissoko, era unha muller– sempre canta de atrás para adiante, isto é, non pode estar só replicando o que herdou

porque é fillo (ou filla) do seu tempo, o seu traballo ten que reflectir o que está a acontecer, e se hai algo polo que protestar teñen estar na súa cantiga.

A moderadora considera que as tres persoas que a acompañan na mesa son yalís, porque souberon ser parte, empaparse de aquilo que as rodea, ampliaron a súa formación e agora demostran o seu bo facer. Engade que a pregunta que quere facerlles –e ao público se se anima a intervir– é sobre os procesos de renaturalización da tradición. Recolle o que dixeron con anterioridade, en concreto refírese a que Adrián comezou diferenciando entre folclorismo e folclore, algo que é unha idea común a maioría dos presentes, xa que non se trata de apostar polo modelo de foto fixa, moi superado xa, senón declararse amantes da tradición oral, exercéndoa de verdade. A cuestión en concreto é, a maiores das iniciativas que están a defender as tres, que outras destacarían do ano 2025 de celebración das cantareiras. Propón tamén que falen do que botaron en falta, se foi o caso.

Intervención de Tereixa Novo

Recoñece que non participou de moitas actividades pero pensa que foi un acerto grande que a RAG dedicara o ano á tradición oral e ás cantareiras malia as críticas iniciais. Pensa tamén que foi a celebración das Letras máis popular, onde máis actos se fixeron, e onde máis xente participou. No seu conxunto foi positivo, puntualizando que aínda non acabou o ano. Para ela é importante que a celebración das Letras Galegas non se quede nunha publicación puntual de libros (necesarios, por suposto). Entende que igual é necesario establecer outra data para celebrar a tradición popular e cultural de Galiza, se é que non cadra co que é esoutra efeméride (segundo a interpretan algúns, limitada a publicacións impresas, malia existiren numerosos cancioneros trasladados á escrita), pero a visibilización da oralidade deberíase facer sempre, tratando cuestións máis concretas cada vez (a regueifa, o romance, por exemplo). A súa proposta é fixar un día específico, independente do 17 de maio, para a celebración da cultura tradicional galega.

Intervención de Adrián Méndez e Almudena Falcón

Subscriben a proposta.

Intervención de Adrián Méndez

Confesa que botou en falta a referencia máis informantes, porque só se citaron expresamente seis, e faltaban moitos nomes; recorda que ademais só estaba representada unha provincia. Pola súa conta di que indagou sobre violinistas como Modesta [Fernández] da que vai saír un libro, compañeira de Florencio da Fontaneira, e outras como a Cega de Miranda ou a de Ouselle... Aclara que estas referencias aparecen só pensando no que comentaba Tereixa do ámbito do romance, pero hai moitas máis persoas transmisoras.

Intervención de Tereixa Novo

Achega que a xente, en xeral, non se quedou nos nomes dados. Ela supón que se fixo unha personificación concreta nestas seis mulleres porque eran as de máis sona pero a xente non se limitou a iso. Por exemplo, a señora Francisca de Quinzán non era coñecida; en Taboada, no seu concello, organizaron unha xornada dedicada á súa figura, á que asistiron a relatora e Faia, cantando e compartindo experiencias, e así foi en moitos sitios: na práctica cada lugar celebrou a cantareira que tiña na contorna, o que a ela lle parece o lóxico.

Intervención de Almudena Falcón

Pon en valor o feito de que tamén se falou da lingua na que estaban escritas as coplas, un aspecto no que se incidiu bastante, pola súa relevancia, porque a oralidade correspóndese coa fala do pobo.

Moderadora

Dirixíndose ao público anima a poñer en común experiencias que se consideren destacadas do que foi este ano da oralidade. Pola súa parte cita dúas: a iniciativa “Andar cos tempos”, que fixo por nomear ás mulleres cantadoras cunha pequena base de datos, o que lle permite conectar cunha afirmación feita previamente, a necesidade de ter presenza nas redes, pois o que non se nomea non existe. Por outra parte, volvendo á renaturalización, fala dos tradirecros que existen en distintos centros educativos de Lugo, de maneira que no colexio ou instituto se habilita un espazo varios días á semana para que a xente se poida xuntar a cantar e bailar. Parécelle algo increíble, e recalca que non se trata de actividade dirixida, senón que se cede un espazo e se pregunta ás persoas participantes se precisan algo (facilítaselles na medida do posible). Remite á súa propia experiencia para lembrar o importante que é contar cun local onde ensaiar (caso de Liñaceira, cando empezaron, e agora do grupo *Pank’ on keixo*, grupo dos seus fillos). Conclúe que dispor dun espazo supón unha oportunidade para a convivencia, para interactuar libremente, e favorece a renaturalización. No que se refire aos tradirecros, pensa que non hai ninguén involucrado nesa proposta entre o auditorio, pero sabe que existen no Feminino, nos Maristas e noutros centros da provincia. Despois deste comentario, abre a quenda de palabra para o público.

Intervención de Eva Teixeira

Comeza parabenizando aos membros da mesa polas súas achegas previas. Parécelle moi positivo [este ano de celebración] da oralidade, porque a nivel individual e particular tamén tivo unha repercusión, pois moita xente que tiña unhas coplas coñecidas que escoitara a familiares, ou a propia persoa de certa idade que as sabía, lles deu un valor, cando ao mellor antes deixara de cantalas e reproducilas. E se ben reconece que esta actividade tivo certo recoñecemento mediático nalgún momento co *Luar*, parécelle que quedaba lonxe, e permitiu de novo entendela como un valor propio, algo importante cando os medios de comunicación van sempre en contra, suprimindo os espazos de convivencia onde que non está constantemente reproducindo algo que vén de fóra (tanto na televisión como na radio). Tamén comparte a súa propia experiencia, recuperando coplas soltas que escoitara a súa nai e as súas tías, para recoller así a memoria oral da súa familia, aínda que era bastante modesta. Considera isto unha achega máis, de carácter individual, si, máis aló de toda a importancia da manifestación colectiva, porque de maneira íntima e persoal permitiu descubrir esas luciñas tan próximas (un par de frases ou de versos), que ás veces eran interpretados como refráns ou ditos populares, non como coplas.

Intervención de Tereixa Novo

Considera interesante esa reflexión, parécelle importante que houbera xente que fixera iso, e manifesta o seu desexo de que haxa na radio e na televisión públicas de Galicia programas que de xeito adecuado e ben feito recollan a tradición e expoñan o que se está facendo. Conclúe dicindo ao respecto: “temos que conseguilo”.

Intervención de Adrián Méndez

Aproveita a referencia feita ao *Luar*, en relación co seu traballo de fin de grao (“La evolución del folclore de 1900 hasta nuestros días»), feito na Universidade de Oviedo, en castelán, no que falaba do que fixera nese espazo Mercedes Peón nos anos 90. Di que el coñeceu á súa avoa polo Luar, porque ela bailaba, formaba parte das Bailadoras de Santa Xulla, que a daquela presentadora levou ao programa en 1992. Agradece o labor de Mercedes Peón, sobre todo polo impacto que tivo o programa no estranxeiro (era o máis visto pola xente emigrada, na Arxentina, por exemplo), e aproveita para facer un chamamento á televisión pública, porque ninguén ten acceso a eses arquivos. Concreta que existía fai dous anos un “Luartube” que agora xa non está en liña; alí estaban as regueifas tamén. Só os familiares teñen acceso ás gravacións, dando os datos correspondentes, pero non se poden difundir, son para uso exclusivo da familia. Non se pode facer nada con eles legalmente, o que lle parece absurdo.

Intervención de Tereixa Novo

Pide a palabra para contarlle a Adrián unha cousa: cando estiveron traballando para facer a exposición “50 anos de Fuxan os Ventos”, contactaron coa televisión de Galicia e ca radio, que tiñan moito material gravado do grupo. Interesáballes en concreto algunhas emisións para o que houbo que facer cantidade de escritos, houbo que pagalas, e houbo que ir seleccionalas e recompilalas. Eles non facían ese traballo. Facilitábanlles as cintas, e alí estiveron Freire e máis ela tres días, buscando e minutando para poder coller algo do que lles interesaba. Confesa que da televisión española nin iso puideron conseguir. Querían localizar un programa moi interesante que no ano 82 facía un médico galego, Torreiglesias, falando das cousas que pasaban en distintos lugares. En febreiro dese ano fíxose un programa sobre o galego, foi público de aquí –recorda un colexio de Carballo, por exemplo– e tamén representantes da administración (Figueira Valverde, o que fora presidente da Deputación que fora Concelleiro de Educación na Xunta, Cacharro Pardo) e intelectuais como Alonso Montero e Carlos Casares. Como levaban actuación en directo cando o tema se prestaba, foi Fuxan os Ventos, que cantou en directo, e ademais houbo unha intervención dalgúns deles despois, porque facían preguntas. Tereixa conta que ela disentiu do que se estaba a dicir: falaban de bilingüismo e ela explicou que o que había diglosia, non bilingüismo, algo podía ratificar o señor Alonso Montero que tiña escrito sobre o tema; porén, o aludido non confirmou na réplica o que dixerá Tereixa. Pois ben, a algo coma iso, un documento interesantísimo, non se puido acceder.

Moderadora

Parécelle increíble.

Intervención de Almudena Falcón

Entende que hai censura polo medio.

Intervención de Tereixa Novo

Non sabe se é censura ou se é que non o teñen.

Moderadora

Confirma que é complicado acceder aos arquivos.

Intervención de Almudena Falcón

Confesa que nunca tivo que pedir nada no arquivo televisivo e engade con retranca que cando saian no *Luar* regueifando, pedirán os vídeos.

Moderadora

Pregunta sobre os novos retos dos espazos culturais, en canto a cal pode ser a presenza neles da expresión oral e da oralidade, nas súas diferentes expresións nun contexto de profesionalización da cultura e das programacións culturais. Concreta que está a pensar nos procesos creativos aos que tanto Tereixa como Adrián aludiron por enriba: recollida, traballo da melodía de maneira individual na casa, e momento posterior de posta en común, en colectivo, ben por parte dun grupo musical, ben por parte dunha serie de amigos que non ten esa categoría formal, ou un grupo de alumnos que abordan un tema cunha regueifa. Pregúntase se neses espazos non formais, fóra do que é o espectáculo nun escenario, nesas antecelas do supostamente importante, están pasando cousas, e pono en relación co que comentou previamente Almudena ao respecto dos intercambios: a convivencia é importante porque é cando se regueifa de verdade, e o mesmo ocorre coas foliadas. A súa reflexión é que ao igual que das xuntanzas de traballo sae un tipo de material, da vivencia de xuntarse cos amigos sen maiores pretensións sae outro, pero parécelle que se está esquecendo favorecer ese tipo de espazos coas novas programacións culturais.

Intervención de Tereixa Novo

Non ten claro se é esquecemento, ou é que resulta complexo. Entende como factores negativos o feito de que o mundo rural desaparecera como o fixo, que as novas tecnoloxías e a globalización cultural o inunde todo, e que á administración pública non lle interese potenciar determinadas cuestións relacionadas coa identidade propia. Porén, reconece que existe o voluntarismo de moita xente, que é do que hai que tirar, evitando, iso si, reduci-lo á simple reprodución. Manifesta o seu interese polo que ocorre nos colexios neses tradirecreos, do que non tiña noticia. Parécelle fundamental.

Intervención de Almudena Falcón

Mellor que voluntarismo, prefire o termo activismo. Como profe regueifeira nota moito de falta tempo –non espazo físico–, pois as actuacións e obradoiros que fan non soen poder practicalos e preparamos ben antes, improvisanse. Non hai tempo para xuntarse, só os leceres, cando hai moitas outras cousas para facer, e non queda marxe para improvisar xuntas. No ensino faltan horas, dedicación temporal recoñecida... faise de forma voluntaria, activa e desinteresada. Admite que está ben iso, que é unha maneira de transmitirlo tamén como algo importante no ámbito persoal pero . reivindica tempo para dedicarlle oficialmente nos horarios lectivos.

Intervención de Tereixa Novo

Aclara que nese sentido dicía o do voluntarismo, parécelle difícil que haxa profesorado para ir un fin de semana co alumnado facer un intercambio con outros.

Intervención de Almudena Falcón

Aproveita para dicir que cada vez máis, e concreta que este ano hai 20 clubs de

regueifa en Galiza.

Intervención de Tereixa Novo

Pregúntalle a Almudena, en relación coa regueifa, se as coplas que saen quedan dalgún xeito gravadas ou escritas.

Intervención de Almudena Falcón

Responde que moitas quedan gravadas porque sempre hai alguén que o fai e despois difúndense polas redes sociais. Admite que escritas non soen quedar, pero remite a Séchu Sende, quen considera que se está “conformando un cancionero novo”, tamén virtual: é o cancionero do s. XXI, que ademais de existir no plano físico, no momento que ten lugar, queda nas redes, e dese xeito pódese conservar.

Moderadora

Intervén antes de que o faga Adrián Méndez para dicir que Dorothé Schubarth xa falaba diso, ao respecto do rexistro: está ben que se faga, aínda que logo o tempo e o pobo decidirán as que coplas que quedan e as que non, nun proceso de selección. Recalca que é importante ese procedemento porque a oralidade está para iso, non se fixo para transcender ou perdurar, fíxose para vivir o momento.

Intervención de Adrián Méndez

Subliña o do activismo, sobre todo pola parte docente, e pon o exemplo de Noemí Basanta que estivo na Fonsagrada fai uns anos facendo unha recompilación de palabras, algo moi en relación co cancionero. No que se refire á tradición oral el comenta que no café previo saíu na conversa a cuestión da fala, algo ao que tamén aludiu Tereixa: pérdese a lingua propia porque enriba dun escenario se fala, pero ao baixar fálase outra (“el castellano perfecto”). Algo semellante ocorre co traxe, na súa opinión, como xa comentou antes: semella que con poñelo xa se é galego, pero falta a fala. Volve sobre a proposta de Noemí Basanta, que fixo un cancionero recollendo como se denominaba algo nas distintas parroquias da Fonsagrada, un concello inmenso. A idea da compilación saíu do instituto pero o activismo non só foi da profesora, pois deixáronse en cada bar folletos para que a xente do pobo, a colectividade, a comunidade fora recollendo palabras (por exemplo, “como se denomina a noite?” a apareceu unha forma como “noute”, desaparecida en cada toda Galiza). Por cada termo proposto saíron, ata cinco denominacións diferentes, e el entende que afinar iso tamén é moi importante, ao igual que o traballo que fai Almudena. Noemí ía facer tamén antes de marchar o cancionero de coplas, e deu indicacións ao alumnado... todo iso é necesario. Adrián remata dicindo que hai profesorado coma Branca e outras persoas que contribúen a ese agromar actual do tradicional co seu labor.

Intervención de Almudena Falcón

En relación co anterior, engade que o profesorado atópase co problema de que tarda moito en asentar nun sitio, como ocorreu no seu caso, e noutros que coñece, e así non poden xurdir proxectos de continuidade. A ela pasoulle que, ata que chegou o momento no que tivo definitiva nun centro, nun puido comezar a traballar coa rapazada tirando proveito do xa feito outros anos.

Intervención de Santiago Veloso

Parabeniza a AELG por estas xornadas que xa van camiño de dúas décadas, que non é pouco: xa hai un pouso grande arredor desta temática. Recoñece que hai na mesa catro casos excepcionais nese sentido, e como a maioría do auditorio é de docentes, aproveita para facer unha pequena reflexión sobre cal é o papel da escola na transmisión dese patrimonio, que a UNESCO denomina “patrimonio vivo”, e que antes tiña -remite ao que dixo Tereixa- uns contextos de transmisión moi claros que se perderon, polo que agora corresponde que a escola asuma ese papel, na súa opinión. Comparte que a proposta da UNESCO dende hai anos para integrar o patrimonio inmaterial nas escolas, non é tanto integralo nos currículos –que tamén– como incorporalo de maneira real. En concreto, como membro de Ponte nas ondas (á que tamén pertence o relator da tarde, Lois Toirán), di que se conseguiu con moito esforzo pero con pouco resultado, que a Xunta establecese unha serie de escolas modelo de boas prácticas no que se refire ao patrimonio cultural inmaterial. Dio neste foro, porque aínda que é unha aposta modesta (ínfima por parte da administración) para que as escolas o integren dunha forma efectiva –como no caso dos tradirecreos e da regueifa–, poderíase estender ao conto, a danza, aos relatos de vida etc. Ao seu ver, o patrimonio inmaterial xa se traballa nas escolas dende hai tempo pero fai falla unha visión máis xeral sobre este conxunto do patrimonio que non é só música ou literatura, senón moito máis. Para rematar, súmase á proposta de Tereixa de establecer un día para conmemorar a tradición oral galega, e achega como opción o 17 de outubro, data que a UNESCO estableceu como Día do Patrimonio Cultural Inmaterial hai un par de anos. Pensa que Galiza é unha potencia nese sentido e pode ser unha referencia mundial como xa foi noutras épocas.

Intervención de Adrián Méndez

Fai un pequeno apuntamento ao respecto de que non se perdeu a transmisión, senón que se transformou o contexto. Completa dicindo que agora vívese un momento no que o baile e a música tradicional están máis vivos ca nunca (admite que outro caso é o tema da lingua, que se está perdendo): tócase e báilase dun xeito bastante espontáneo, todo un logro, na súa opinión.

Intervención de Tereixa Novo

Confesa que ela está de acordo pero pensa que tamén no tema do baile é moito máis fácil que no tema da oralidade.

Intervención de Adrián Méndez

Pregúntalle porque.

Intervención de Tereixa Novo

Explica que se pode bailar en calquera lado, sempre que haxa un instrumento adecuado que toque unha pandeirada, unha muiñeira ou unha polca, pero o problema que ve para traballar a creatividade da oralidade e da regueifa en todos os seus ámbitos é que se se daba en ámbitos que xa non existen. Pensa que crear o ambiente que potencie ese tipo de situacións é algo moi complicado de facer: pódese xuntar a moitos nenos e nenas, pero o que van a cantar non son pezas tradicionais, falta a base enraizada de verdade no país para que iso asente. Considera que hai que facer o que sexa nese sentido, aínda que non sexa gran cousa, cómpre intervir aí, pero non sabe de que maneira.

Moderadora

Retoma o tema da renaturalización, que podería axudar tamén a asumir que non todo ten que ser tradición ou herdanza, non hai porque escoller, xa que tradicionalmente o que se facía era mesturar o que había co que se lles ía ocorrendo. Ten o convencemento de que urxe darlle ferro porque non ten que ter vontade de transcender, pode ser só un xogo coa linguaxe, e a partir de aí poden saír mil cousas. Agora ben, argumenta, se todo o que se propón é escena é moito máis difícil que iso aconteza no escenario. En relación con esta última idea, diríxese a Adrián para recoñecer que na Foliada da Fonsagrada se fixo un gran traballo para crear distintos espazos, para que alí acontezan moitas cousas diferentes. Non desenvolve máis esta idea para dar a paso ao comentario do público.

Intervención de Cesáreo Sánchez Iglesias

Ao respecto do tema da accesibilidade, que lle parece importantísimo, pensa que se podería resolver coa declaración de BIC. Hai pouco declarouse o baile, que é algo próximo, pero non é o mesmo. Considera que a oralidade ten que ser ela mesma BIC, e obrigar así aos organismos financiados con diñeiro público a mirar por ela. Comenta que el tivo unha discusión co que foi director da radio xa fai anos, para facer un convenio de maneira que se tivese accesibilidade aos arquivos, de maneira que a AELG tivese algún tipo de enlace para entrar neses fondos. O director daquela dixo que ese era un patrimonio propio que eles tiñan, cando resulta que era algo [gardar rexistros] que facían voluntariamente os traballadores, como manifestou Ana Román, que o acompañaba nesa ocasión. Polo tanto, prodúcese a falla de accesibilidade: como estaba depositado alí, o director non autorizou un convenio para iso, resulta imposible a consulta. El pensa que esta situación se salvaría coa obriga de facer público que supón a declaración de BIC, e pensa tamén que citando as fontes a accesibilidade debería estar garantida. Lembra aos presentes que se alguén ten algún problema para o acceso a arquivos, a asesoría legal da AELG está á súa disposición. En canto ao tema de ter un día de celebración, ve ben que exista a efeméride a nivel internacional como ocorre co día do libro, por exemplo, pero cre que se debía coller un día específico para a oralidade en galego. Fai un paralelo co que pasou co Día de Rosalía, que parecía que ninguén o quería, e mesmo houbo certo rexeitamento, e ao final, foi a sociedade, as escolas sobre todo, quen tirou para diante e xa non se lle pide permiso a ninguén para celebralo. Dubida se a AELG podería facer algún tipo de consulta interna aos compañeiros e compañeiras que contribuíron a conformar estas xornadas dende hai décadas, para elixir unha data con certo consenso. Incide en que sería bo, independentemente da celebración da data internacional. Por outra parte, pensa que sería interesante que ficasen documentados e formasen parte do arquivo de oralidade da AELG os materiais da actividade de regueifa referidos por Almudena. Asume que é algo que corresponde comentar na sección da Literatura de Tradición Oral, e habería que ver os posibles problemas técnicos, establecer dende a secretaría técnica os requisitos dun fondo desas características. Non só hai que apoiar a regueifa, senón que tamén cómpre ir recollendo o que se fai para que quede documentada, e aproveita para poñer en relación a experiencia de crear textos orais de calidade por parte dos rapaces cun posible futuro como escritor/a. En todo caso, parécelle que iso quede rexistrado anima moito á xente moza, que é o futuro. Remata asumindo que estas tres cuestións fican como deberes para a propia AELG.

Intervención de Tereixa Novo

En canto á proposta que facía dun día dedicado á tradición, aclara que habería que poñerse

de acordo en que incluíría, se o patrimonio en xeral ou só na oralidade, aínda que vai todo ligado ao seu ver.

Moderadora

Lembra que se acaba de celebrar o Día do Patrimonio Cultural Inmaterial, a semana pasada.

Intervención de Tereixa Novo

É partidaria de non ficar só na celebración da oralidade, hai moitas outras facetas, como o baile e outras expresións con valor cultural, mesmo as comidas, por exemplo. O patrimonio inmaterial dun país é a súa cultura popular, en realidade, a feita polo pobo.

Intervención de Adrián Méndez

Considera que o do BIC, é gran tema. Comparte que asistira na Fonsagrada a unhas xornadas que organizaba Ana Estévez do Museo do Pobo Galego abordando esa cuestión. Había un rapaz andaluz que falaba do Flamenco, que está declarado Ben de Interese Cultural, pero el remite a un intento fanado dunha serie de normas que lanzou a Xunta hai anos, pero que non se aprobara no Congreso. Persoalmente pensa que non se correspondían coa realidade e recalca que é tal a riqueza que hai en Galiza a nivel de baile, música... que establecer unha normativa supón perder outro tanto que se deixa fóra. En todo caso remite ao traballo que están facendo nese sentido Xulia Feixóo e Beatriz Busto, tamén Chus [Caramés] e Carme [Campo] de Andar cos tempos. Renega do que poida ser normativizar e poñer nunha vitrina.

Intervención de Cesáreo Sánchez Iglesias

Colle a palabra para explicar que a declaración de BIC é unha protección, non supón “limitar”, senón conceder certos dereitos, e exemplifícao co ocorrido coa casa de Emilia Pardo Bazán en Meirás: pódese entrar agora en función de que é BIC, antes era a propiedade particular de alguén, pero fíxose pública. Insiste en que non se trata de normativizar, e sinala que o problema é que se declarou BIC o baile, e ao comezar a parcelar unha realidade complexa, xorden os problemas. O caso do falaba, no que unha persoa da administración impediu a accesibilidade a un arquivo, que aínda non foi depositado no Museo do Pobo Galego, pódese evitar con esa fórmula. Recalca que BIC non significa facer un inventario, senón protexer, no sentido de asegurar que haxa fondos, diñeiro público, de Europa... non se trata de constrinxir senón de apoiar. Neste caso, ademais, é unha realidade viva, que segue evolucionando. Sintetiza o anterior, dicindo que se é BIC determinadas dificultades que pode poñer unha administración, desaparecen.

Moderadora

Propón continuar esta última e outras liñas de debate pola tarde, e agradece aos relatores/as e ás persoas asistentes a súa presenza.

Intervención de Tereixa Novo

Aproveita para dar as grazas a quen organiza e patrocina estas xornadas, e especialmente a Branca por convidala.



A radio escolar como ferramenta para traballar o Patrimonio Inmaterial

Lois Toirán

A xeito de introdución

Para o profesorado resulta moi complicado establecer cales son os contidos cos que traballar na aula. É certo que unha parte deles xa están establecidos para cada área de traballo e tamén para cada idade ou nivel educativo. Pero tamén o é que a liberdade da que dispoñemos permítenos integrar outros novos que consideremos oportunos ou necesarios.

Pero é que ademais, tan importante é o contido como a metodoloxía ou o xeito de como imos traballar eses contidos.

Outro aspecto fundamental nese proceso formativo é a necesaria adaptación dos distintos contidos ás necesidades de cada nena e de cada neno. As súas circunstancias persoais, familiares, sociais, do tipo que sexan, han ser tidas en conta para unha educación eficaz.

Pero é que, ademais, hai outros moitos xeitos que teñen de aprender e moitos outros contidos que virán dados pola familia, pola súa contorna social, polos diferentes medios de comunicación. As persoas adultas vimos sendo os seus primeiros modelos educativos. A imitación foi, dende sempre, un dos principais xeitos de aprender.

Non hai que esquecer que cando falamos de contidos estémonos a referir a ampla variedade de conceptos: hábitos, comportamentos, actitudes, valores, coidado do corpo, autoestima, solidariedade, alimentación e un sen fin doutros moitos.

Este tipo de coñecementos ten que ser integral, que abarque a totalidade do saber, sen áreas que queden sen atender, que abra camiños constantemente e posibilidades de mellora continuas. Educar e aprender non deixan de ser un xeito de ver o mundo, un modelo de vida en sociedade onde buscamos o benestar. O coñecemento é básico xa que crea riqueza e sensibilidade e cando se comparte, une e resulta moito máis efectivo. E compartir resulta aquí transcendental por moitos motivos.

O saber é inmenso e inalcanzable tanto para unha persoa como para o seu conxunto xa que literalmente non ten fin. Pensar que unha persoa é capaz de educar ou formar a un cativo ou unha cativa ten tanto sentido como dicir que unha persoa científica alcanza un grao elevado de excelencia sen as achegas de decenas ou centos doutras persoas anteriores no tempo ou actuais. A ciencia é precisa e basicamente iso, compartir información. E que se fai ou se debería facer nos centros de ensino que non sexa unha imitación do que se fai na ciencia?

Urxente é a necesidade de educar ás persoas educadoras, ademais das mestras, a nais e pais. Aínda habendo consenso social non hai medidas que o concreticen. Dende o centro trátase de levar a cabo sesións formativas de intercambio de información ao longo do ano que tratan de paliar (non solucionar) ese déficit. Faise preciso compartir tempos, espazos e experiencias, obxectivos. “As canles de participación e de acción cidadá, dende o punto de vista da intervención pedagóxica e a lexitimación de medidas, esixen que se xere unha responsabilidade social e xurídica compartida.” (J. M. Touriñán, *Revista Investigación en Educación*).

ESCOLA DE PAIS E NAIS

BarallandoXunt@s



Programa de sesións da Escola de Pais e Nais

Unha porcentaxe moi alta de problemas relacionados coa evolución na aprendizaxe de nenas e nenos vén dado por cuestións relativas á familia. “Son numerosas as investigacións sobre este modelo de colaboración nas que se destaca que o alumnado vai mellor nos seus estudos cando as súas familias e os seus docentes comparten expectativas, e se manteñen en contacto debatendo, acordando propostas de acción, hábitos de traballo, actitudes ante á escola, así como actividades e tarefas escolares que deben potenciarse”. Jurjo Torres, UDC.

Nenos e nenas reaccionan dun xeito moi positivo cando esa relación familia-escola é habitual xa que a súa sensación de seguridade vese reforzada e posibilita renovar esforzos e ilusión. Neste aspecto queda moito por facer, persiste o medo a abrir a escola a participación-formación das familias. Son necesarias, quizais, novas figuras con funcións de enlace entre unhas e outras. As comunidades de aprendizaxe son un exemplo desa esperanza cara o futuro.

respectuosas do seu e, daquela, de todas as culturas. “Queremos advertir da importancia que a integración do pasado ten para o benestar presente e futuro das persoas... Un pobo que perde a súa lingua é un pobo condenado a non saber quen é... E unha persoa, que non sabe quen é, non pode contribuír con nada de orixinal ao destino da humanidade”. Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

Neste ambiente de traballo e colaboración e intercambio imos creando seguridade, apego, crecemento persoal, raíces. Estamos a falar de algo moito máis importante que aprender unha cantidade determinada de contidos, estamos a falar da creación da propia personalidade da nena, do neno.

Por que radio?

Un dos modelos de ensino polo que se pode optar é aquel que non se basea nos tradicionais libros de texto (que tanta seguridade nos dá na aula) e escoller unha programación por proxectos. Escóllese un ou varios temas de traballo para englobar e traballar os contidos especificados aplicados ás distintas áreas de ensino. A ciencia á que trataremos de imitar ofrécenos moitas posibilidades. Un exemplo pode ser o Proxecto Ríos: o estudo do río e dos seus hábitats proposto pola USC en colaboración con ADEGA, cunha metodoloxía científica aplicable e adaptable mesmo en educación infantil e que permite unha observación e estudo dos ecosistemas presentes ao redor dos ríos. Nesa organización dos contidos e a través da observación aparecerán problemas ecolóxicos como o efecto dos xurros nas augas que se verán reflectidos nas análíticas dos nitratos. Poderán aparecer, tamén, preguntas de por que en non poucas ocasións a traída da auga non é potable e no comedor do centro educativo necesitamos beber de auga embotellada, ou mesmo cal é a raíz das enchentes que asolagan grandes extensións de terreo rural ou urbano. A turbidez da auga ten que ter unha explicación e pode ser atopada, por exemplo, no tipo de árbores que foron plantadas nas abas dos montes augas arriba. Se se quere, é posible tamén poñerse en contacto cos axentes forestais ou mesmo co persoal da Confederación Hidrográfica para que nos informen de cales son os seus puntos de vista.



Neste caso concreto dous son os elementos nos que decidimos centrar: a auga e a árbore, unha comunión da que saen moitas iniciativas ou camiños a andar.

Esta conexión do traballo na aula e fóra dela e a procura dunha solución a problemas reais é a base dunha educación significativa. Non é de estrañar que, logo de iniciar este tipo de actividades sen que ningunha persoa adulta supervise, a propia rapazada instintivamente comece a recoller o lixo que se vai atopando nas saídas ao río.

Pois ben, e para contestar á pregunta antes feita, a radio é un dos poucos proxectos capaz de **englobar unha enorme diversidade de contidos** de todo tipo. Pode **involucrar todas as áreas** de aprendizaxe ademais de conectar directamente coas emocións, favorecendo a imaxinación e numerosas habilidades e competencias.

Defínese ademais como un **proxecto de equipo**, o común é esencial para que os programas de radio poidan ver a luz. Cada equipo, cada grupo, ten funcións diferentes, desempeñadas por persoas diferentes entre si. Saber traballar en equipo forma parte das aprendizaxes paralelas.

Pero o programa de radio inclúe **traballos persoais**, podendo dar resposta a ansias e intereses particulares integradas nun proxecto común. Pode ser o proxecto perfecto para as expresións dos diferentes talentos que quizais non aparezan doadamente noutro tipo de actividades. Ou pode servir como unha canle que favorece a integración das diversas sensibilidades.

A radio dá unha resposta a unha necesidade fundamental cando falamos de educación: **o que se pretende aprender** para ser realmente aprendido **necesita de ser comunicado** a outras persoas. A información elaborada pode chegar a un número considerable de persoas moitas delas alleas ao centro educativo. Por outra banda, a predisposición ante este feito fomenta un traballo máis responsable e de calidade independentemente dos resultados académicos simplemente polo feito de que o que fas vai ser recibido non só polo entorno escolar máis próximo senón tamén o familiar e, en xeral, o social polo que o seu empeño e esforzo vaise ver intensificado. De feito nese empeño teñen cabida diferentes aptitudes e do que se trata é de crear un campo novo e aberto de adestramento das destrezas. Esta forte motivación xunto coa propia funcionalidade do programa fai que a aprendizaxe sexa moito máis significativa.

Pero a radio ademais de crear é tamén, e sobre todo, escoitar. Escoitarnos a nós mesmos e aos demais promovendo a crítica construtiva e autocrítica, permitindo facerse conscientes dos resultados dos actos comunicativos no contexto dun proceso de autoavaliación.

CANDO E COMO?

Dous son os xeitos principais polos que nenos e nenas participan directamente en radio. Por un lado, dentro da **programación de aula**. A radio constitúe un núcleo xerador e exportador de contidos, o que vén ser que cara a todas as áreas xérase información dende a radio ou expórtase dende esas mesmas áreas outra información cara ao exterior, cara ás oíntes (os exemplos veñen máis abaixo). A persoa titora utiliza contidos relacionados coa ciencia, relacionados coa radio, perfectamente aplicables ás ciencias matemáticas, naturais e sociais. Logo, dende estas mesmas áreas e incluímos agora a Lingua Galega, xéranse contidos que serán emitidos a través de dúas emisoras de radio (**Radio As Nogais** e **Si Radio de Galicia**) da comarca dos Ancares. Simultaneamente o programa é emitido por internet na canle do centro a través da plataforma ZENO (Radiogaliza). Todos os programas emitidos están dispoñibles na canle de IVOOX Radioescola Galiza e os vídeos realizados na canle de youtube Radiomobilgaliza.

Por outra banda, 4 cursos de primaria (de 3º a 6º) poden dispoñer dunha hora semanal específica dunha área denominada **Radio** sendo actualmente unha optativa xunto con Relixión. Hai uns anos antes do cambio de lexislación a hora semanal era para 4º e 6º pero para todo o

alumnado.

Os contidos emanados das áreas para emitir polas emisoras locais comarcais serven para elaboración do **programa Ponte nas Ondas**, nome tomado da asociación cultural galego-portuguesa do mesmo nome. Hai que ter en conta que ao ser un programa emitido a cara unha audiencia xeneralista, as seccións do programa necesariamente teñen que contar cun mínimo de calidade que vaia máis alá do ámbito escolar.

Ao ser o centro un CPI, temos alumnado dende infantil até secundaria, polo que a través da colaboración con outros mestres e mestras máis rapazada participa da elaboración do programa radiofónico.

Xa dende o comezo das emisións en FM outros centros educativos participaron tamén con nós nunha colaboración, por veces, moi intensa. Así temos na comarca dos Ancares colaboracións con mestres dos centros de Navia de Suarna, Cervantes e Pedrafita aos que se sumaron Friol e, sobre todo, Currelos no Saviñao.

No pasado mes de marzo, coa celebración dos 30 anos da existencia de PNO, elaboramos un programa de radio en directo dende o Auditorio Fuxan Os Ventos en Lugo polas dúas emisoras de radio, pola canle en ZENO e máis por youtube coa participación de 10 centros da provincia cun tema central: o noso patrimonio inmaterial.



www.radiogaliza.gal, páxina con todas as ligazóns e certos contidos a traballar en radio

No propio centro dispoñemos dunha emisora de radioafección para establecer contactos con outros países, actividade que neste momento está na súa fase inicial cos primeiros comunicados. Tamén dispoñemos da axuda do concello de Becerreá en canto ao subministro eléctrico de balde para un repetidor de radio situado a unha altura de 1.200 m. para traballar co alumnado e os seus *walkies* tanto dende o centro educativo como dende as súas casas cunha cobertura moito máis ampla que a comarcal. Utilizando este repetidor, o centro de Currelos no Saviñao e máis o de Baralla estivemos a contactar directamente por radio para un traballo conxunto sobre toponimia (logo especificase máis).

Onde?

No centro dispoñemos de dous espazos específicos que obedecen ás dúas principais áreas de actividade: por un lado temos un pequeno estudo de gravación, lugar onde se grava e edita boa parte do programa de radio. Ademais de 5 micros, mesa de mesturas e un ordenador temos reprodutores e un amplificador con 4 altosfalantes, dous internos no estudo e dous externos cara o corredor onde se poden levar a cabo audicións do que se elabora dentro.

O outro local trátase dun aula específica para a parte máis técnica con ordenador e proxector con pantalla, un televisor así como unha instalación dun equipo de radioafección. Está pendente da instalación doutro para frecuencias distintas para, por exemplo, satélites. Dispoñemos tamén dun conxunto de 11 walkies. Complementase a aula cunhas ferramentas e recursos moi básicos para sinxelas experimentacións. Non esquecer que o propio centro dispón dunha aula de tecnoloxía e outra de laboratorio.

Que se traballa (I)?

Novamente dous son os grandes grupos de contidos que se traballan con nenas e nenos directamente involucrados. O primeiro xira ao redor da ciencia que a propia radio xera pola súa natureza. A través da páxina web propia estudan as novas que nela se van colgando a través de resumos ou traballos que posteriormente irán a PNO. Nela aparecen tamén ligazóns ás distintas ferramentas coas que levamos a cabo actividades concretas ademais da posibilidade de descarga dos contidos que utilizamos na aula. Loxicamente isto está sempre en fase de mellora.

Dun xeito resumido e esquematizado a xeito de exemplo estes serían algúns dos contidos aplicados e usado nas áreas de estudo:

CIENCIAS MATEMÁTICAS	Números de até 6 cifras Números decimais. Sumas, restas e multiplicacións	Frecuencias do son Frecuencias radio HF, VHF e UHF Cambios de unidades: Hz, Qhz, MHz Pilas e baterías en serie.
CIENCIAS DA NATUREZA	Forzas a distancia A materia Internet Comunicacións	Imáns e electroimáns, campos magnéticos, campos eléctricos Electricidade, unidades de medida Uso das ferramentas en liña dende a páxina web propia Elementos dunha estación de radio: uso
CIENCIAS SOCIAIS	Escoita de estacións de radio internacionais A atmosfera	Elaboración dun control de seguimento cos datos das emisións de radio comercial Elaboración de información básica sobre as localidades contactadas Funcións da atmosfera en canto á propagación: actividade solar

En secundaria haberá neste curso unha colaboración con 4º da ESO pola que levaremos a cabo unha actividade por trimestre na que se compartirán contidos nas áreas de **tecnoloxía** e radio (propagación das ondas na atmosfera, unidades de medida da electricidade e funcionamento e manexo dun equipo de radioafección).

En canto á área de **música** non é necesario ser moi extenso para decatarnos da enorme presenza e influencia que pode exercer sobre os contidos dos programas, non só pola música escollida senón tamén por aquela outra producida polos propios alumnos, aínda que máis adiante voltaremos falar dela.

A colaboración con entidades ou asociacións resulta moi útil e práctica ao tempo que enriquecedora. Dende a Asociación de Radio Comarca dos Ancares (**ARCOA**) leváronse a cabo varios obradoiros para a construción ou instalación de antenas de radio. Ademais foron precisos tamén os axeitados axustes cos equipos de transmisión e dos que participou o alumnado.

Membros desta asociación son tamén os responsables do mantemento e uso das instalacións dos repetidores de radio xa mencionados anteriormente.

Que se traballa (II)?

É agora o momento para abordar o segundo gran tema das actividades que envolven á radio. Falamos da **Cultura Galega e a súa Lingua**.

No **libro de estilo** do programa ao que nos tratamos de cinguir todos especificase que, ademais de estar aberto a calquera persoa da comunidade escolar, a lingua de comunicación e uso é o galego participando así da súa normalización e do seu uso habitual. Da mesma maneira indícase que os documentos elaborados serán respectuosos cos dereitos humanos así como aos principios que se aplican na ciencia. Usaranse termos que non resulten ofensivos a colectivos ou persoas utilizando unha linguaxe non sexista sen caer no reiterativo. Non é nin máis nin menos que aplicar as mesmas normas que as usadas nos nosos centros educativos.

Establécense ademais unha serie de consellos básicos dirixidos ao alumnado en canto á elaboración de textos informativos destacando a naturalidade na expresión. Son consellos que nos internan no uso da lingua. A entrevista constitúese como un recurso fundamental á hora de obter información así como os aparellos que se poden usar para levala a cabo.

A música á escoller será variada; celta, folk, popular ou etnográfica, clásica, por citar algunhas, de diferentes países, variada en canto a linguas, diversa, a que utilizan mestres e mestras de música, as que interpreten familias, asociacións... outra música é posible.

No **Plan Lector** do centro especificase cales van ser as actividades para o fomento da lectura dentro dos contidos curriculares. O valor que se lle dá á lectura é o prioritario no proceso ensino-aprendizaxe, non só nas áreas lingüísticas, senón tamén nas científicas.

É necesario destacar que a Radio formalmente está inserida dentro das actividades da biblioteca, concretamente da **Biblioteca Creativa**, o que nos permitirá a acceder a recursos de formación para o alumnado, aspecto a sinalar xa que nos permite traer ao centro, por exemplo, persoal especializado do ámbito do Patrimonio Inmaterial.

Para abordar este extenso patrimonio inmaterial dende a Radio Escolar para facer ser conscientes a nenas e nenos de cal é o tesouro que chegou a nós, para saber quen somos e de onde vimos fíxose necesario buscar a colaboración de entidades e persoas con ampla experiencia. De aí que foi case que inevitable formar parte da **Asociación Cultural Ponte... nas Ondas**. O seu nome, a súa historia e traxectoria foron merecentes de variados recoñecementos recibidos dentro e fóra de Galiza e Portugal.

Tamén temos a sorte de contar no noso concello ou comarca con persoas particulares dispostas a dar formación neste sentido.

Ponte... nas Ondas! naceu no ano 1995 para cubrir a necesidade de tender pontes de comunicación entre galegos e portugueses, dous pobos que comparten historicamente unha mesma cultura inmaterial que aínda hoxe permanece viva e que en moitos aspectos que nos son comúns. Conscientes de que este patrimonio, polas súas propias características, é moito máis vulnerable que as manifestacións da cultura material, as escolas de Galicia e Portugal veñen desenvolvendo dende hai anos, o *modelo* Ponte...nas ondas!, traballos de incorporación ás aulas desta riqueza co fin de recuperar e revitalizar todo o vasto legado que está sendo substituído pola poderosa cultura audiovisual e a cada vez maior tendencia uniformizadora da sociedade actual xunto cos efectos da globalización. A diversidade e a identidade cultural son as que contribúen a unha maior riqueza e empoderamento da sociedades.



O modelo

Educación + medios de comunicación + tecnoloxías + patrimonio = Ponte... nas Ondas!

A educación

No modelo PNO! o alumnado é o protagonista co emprego da radio, o patrimonio cultural inmaterial, as TIC e as redes sociais. O proceso posto en práctica polos centros educativos que ao longo de 30 anos veñen participando nas actividades propostas permite comprobar como

o traballo co PCI e as TICs ten sido un denominador común que consolidou este modelo, antes mesmo de que a **UNESCO aprobara a Convención de Salvagarda** e antes de impulsar a reflexión sobre a integración do PCI nos programas educativos.

O convenio de Faro de 2005, en vigor en estado dende 2022, propugna facilitar a inclusión da dimensión relativa ao patrimonio cultural en todos os niveis educativos, non necesariamente como materia en si mesma, senón como fonte de estudo para outras disciplinas. Ao mesmo tempo recomenda fomentar actividades multilaterais e transfronteirizas creando redes de cooperación rexionais, intercambiando, desenvolvendo e codificando boas prácticas e certificándose a súa difusión e informando á sociedade.

PNO! nace no ámbito educativo e trátase dunha experiencia que ten integrado na súa práctica pedagóxica aos tres niveis do ensino formal, a educación primaria, secundaria e universitaria.

Os medios de comunicación: a radio

Outro pilar do modelo foi a incorporación dos medios de comunicación co obxectivo de abrir as aulas á realidade que as rodea, e ao mesmo tempo, no noso labor de educadores, empoderar o alumnado na práctica cos medios de comunicación, formando cidadáns conscientes e preparados ante os desafíos da sociedade da información.

PNO promove contidos que garanten a diversidade lingüística e cultural na sociedade da información, axuda a coñecer as expresións do patrimonio inmaterial, crea contidos dixitais e divulga na comunidade educativa as manifestacións deste patrimonio.

Cando falamos da radio escolar, facemos referencia as múltiples experiencias que dende os anos 90 se desenvolven nos centros educativos galegos maioritariamente. Radio escolar que foi evolucionando e adaptándose aos novos formatos como os *podcast* e ás redes sociais. A radio escolar ten demostrado a súa potencialidade como ferramenta pedagóxica que se suma ao poder das TICs. Introduce o concepto do “radiovisual” pois desde as emisións pola FM, foi a primeira experiencia de radio en saltar á rede e en facer emisións de radio por Internet con imaxe en directo. Agora, o portal web “**Escolas nas ondas**” acolle as producións audiovisuais dos centros educativos do ámbito da lusofonía.

Integrar a práctica da radio escolar está sendo xa unha acción habitual en moitos centros, é, por tanto, un recurso que integra o seu principal soporte, a oralidade. Se hai un medio da oralidade, ese é a radio.



www.escolasnasondas.com, lugar onde visibilizar os traballos do alumnado

As TIC

Ponte... nas Ondas! nace como experiencia nun mundo analóxico e no momento en que as TIC se estaban incorporando ao proceso educativo. E o tránsito ao ámbito dixital levou incorporado as tecnoloxías do comunicación. Unha ponte radiofónica con escolas doutro país

foi xa un desafío tecnolóxico que dende o inicio se superou con solvencia por parte dos centros educativos participantes. A incorporación das chamadas telefónicas na programación desde o comezo tamén incorporaba á experiencia o emprego dun medio que dende o ámbito educativo non era habitual.

A emisión por internet de radio foi realizada por primeira vez no ano 1997, cando aínda se estaba incorporando ao traballo docente e cando ningunha emisora profesional realizaba emisións de audio por *streaming*. E xa no 1998 fíxose emisión de audio e vídeo por internet, con seguimento nas aulas e abrindo unha nova expectativa para a formación do alumnado.

Tamén no ano 2000 se realiza desde Ponte... nas Ondas! unha videoconferencia profesional, cando esta tecnoloxía só estaba implantada nuns poucos ámbitos fóra do mundo educativo.

A aposta polo emprego de internet como medio para reforzar a dimensión de PNO! supuxo a exploración de todas as posibilidades que abriu este medio. A implementación da páxinas web, a dixitalización da programación, a incorporación de todos os recursos da web e a difusión de todos os traballos realizados desde PNO!

Outro aspecto relacionado coas tecnoloxías da comunicación é a produción de traballos audiovisuais que teñen unha repercusión que transcende o ámbito escolar para ser referentes no ámbito audiovisual, o exemplo é Meniños cantores (www.meninoscantores.com) onde o alumnado é formado na comunicación multimedia e á protagonista desta aprendizaxe activa e participativa. Os resultados teñen sido produtos audiovisuais emitidos por radios e televisións profesionais e mesmo finalistas en festivais profesionais (ex. Celtic Media Festival, finalista o documental de Meniños cantores 2, emitido pola TVG).

A evolución da radio ten sido acompañada e experimentada desde PNO!, impulsando e dinamizando a creación de radios escolares en diversos formatos, sempre coa perspectiva da mellora das competencias comunicativas do alumnado. A realización de *podcasts*, emisións “radiovisuais” en directo ou a difusión nas redes sociais son algunhas das experiencias que dende PNO! se están a desenvolver.

O patrimonio

A UNESCO fallou as primeiras proclamacións do PCI en 2001. Ponte... nas Ondas! introduciu este ámbito do patrimonio no contexto educativo desde o ano 2002, en que deu a coñecer esta nova concepción que se concretaría na aprobación pola UNESCO, en 2003, da Convención para a salvagarda do PCI. En paralelo, Ponte... nas Ondas!, en colaboración con antropólogos galegos e portugueses, identifica os grandes ámbitos do patrimonio inmaterial galego-portugués (antes de que a UNESCO fixase os xerais para todo o mundo):

- As tradicións orais
- Os saberes tradicionais
- O ciclo festivo anual
- A cultura marítima
- A cultura agraria

Este traballo realizado para promover e presentar a primeira candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués supuxo a identificación e a localización das principais mostras representativas co PCI no ámbito da **Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**. E os centros educativos realizaron un papel fundamental nesta identificación das persoas e comunidades

portadoras, realizando traballos referenciais en sucesivas edicións da xornada de comunicación interescolar. Como exemplo, en 2019 divulgáronse “**Os tesouros humanos vivos**”, outra das iniciativas da UNESCO co PCI que xa están a desenvolverse en diversos países como Francia, Corea ou Chile.

Foi unha gran satisfacción a inscrición na UNESCO do modelo Ponte... nas Ondas! (PNO!) no rexistro de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) abríndose o camiño para a implantación dunha rede de centros que dean visibilidade e continuidade ao modelo e que ao mesmo tempo sexan referentes na transmisión e na salvagarda do PCI galego-portugués.

Esta é a primeira rede de centros educativos que se constitúe formalmente por parte dunha institución con competencias no patrimonio.

A Convención de 2003 para a Salvagarda do PCI recoñece a transmisión mediante a educación formal e non formal como unha medida clave de salvagarda e insta aos Estados a promover o recoñecemento, o respecto e a valorización do PCI mediante programas educativos en contextos de aprendizaxe formal nos centros educativos como en contextos informais coas comunidades de portadores.

O PCI ou patrimonio vivo é unha herdanza dos antepasados que se transmite aos sucesivos descendentes e nel inclúense, segundo a UNESCO, as tradicións orais, as artes do espectáculo, os usos sociais, os rituais e actos festivos, os coñecementos e as prácticas relativas á natureza e o universo e os coñecementos e técnicas vinculadas á artesanía tradicional.

Trátase dun patrimonio que infunde un sentimento de identidade e continuidade e que promove a cohesión social, o respecto pola diversidade cultural e a creatividade humana. Ademais, axuda ás comunidades a construír sociedades resilientes, pacíficas e inclusivas.

A integración do PCI no sistema educativo representa un enfoque social máis amplo de salvagarda e ten moitas vantaxes, pois proporciona contidos e métodos para que os programas educativos sexan máis adecuados e melloren os resultados da aprendizaxe, en liña co ODS 4 que abarca a valoración da diversidade cultural e a forma en que a cultura pode contribuír ao desenvolvemento sostible.

Hai que aproveitar o inmenso potencial que ten o patrimonio inmaterial galego-portugués para asegurar a transmisión interxeracional e a súa viabilidade. A responsabilidade dos centros educativos na transmisión é fundamental, pois os contextos onde se producía a transmisión dos saberes e as técnicas foron desaparecendo no ámbito das comunidades portadoras. A integración do PCI nas escolas dálle aos estudantes un sentimento de orgullo e de lexitimade, vencellando a escola á comunidade. O alumnado é o elo de conexión coa contorna. Implicar ao sistema educativo na preservación do PCI implica establecer unha ponte entre a escola e a sociedade, tendo ademais o potencial de establecer vínculos con asociacións e outras entidades públicas representativas da comunidade. O PCI pode integrarse en todas as materias do currículo, como unha temática específica mais tamén como unha motivación e unha ferramenta para aumentar a calidade de múltiples disciplinas.

En Baralla

A diario e dentro do tempo de lectura nenos e nenas na nosa aula por quendas traen preparadas 3 **adiviñas** dos libros dos que dispoñemos así como outras achegadas dende as familias. É o resto da clase a que ten que adiviñar as solucións. Iso si, a nena ou neno responsable terá que traer anotado o significado do vocabulario descoñecido, así como a explicación detallada da solución onde se dará luz sobre os símiles ou metáforas empregadas. En numerosas



Unha lectura diaria, un pensamento diario

ocasións o pensamento abstracto desenvólvese ás carreiras na procura de respostas concretas.

Cara o contido do programa de radio serán seleccionadas as mellores a xuízo dos responsables da sección. Ao ir acumulando puntos individualmente ao inicio, en equipos posteriormente, a pugna pola posto das máis adiviñas será unha pugna final co mestre.

Unha ampliación posterior das adiviñas vén dada polo **refráns**, aínda que neste caso hai máis aspectos a ter en conta xa que é necesaria ou ben unha selección ou unha análise específica polo tema da igualdade. A recompilación faise igualmente nas casas e, coma sempre, as persoas maiores serán unha fonte case que inesgotable.

Do mesmo xeito traballamos a fraseoloxía ou como lles chamamos nós, **frases feitas**. Polo menos en primaria son en si mesmas un atractivo indubidable. Aínda máis se no diálogo de cada día se van introducindo no momento axeitado. Neste caso usamos o dicionario e o mestre é o que escolle as palabras máis axeitadas para que sexan preparen na casa para que, de novo por quendas, cada alumno e alumna as traian preparadas. O resto da aula deben tratar de explicar o seu significado cando se lles dá unha aplicación concreta nun diálogo.

Durante aproximadamente dous cursos levamos a cabo unha serie de actividades relacionadas coa **toponimia** entre os centros de Currelos no Saviñao e Baralla. Aproveitando o repetidor en Becerreá, a colocación dunha antena en Currelos e usando os propios *walkies* do alumnado, preparamos dúas sesións duns vinte minutos á semana. Para esas sesións o alumnado traía preparado a recompilación do significado dalgúns topónimos da súa zona para que os do outro centro, falando entre eles, puideran adiviñalo ou deducilo. Ao longo dos cursos organizáronse tamén saídas a ambas localidades para, ademais de coñecerse, puideran participar xuntos nas visitas a lugares destacados da contorna.

Cando falamos de Patrimonio Inmaterial non podemos deixar de traballar os coñecementos e prácticas relativos á natureza. No **fitofaladoiro**, organizado dentro dos Plan Proxecta da Consellaría, ao igual que o Proxecto Ríos mencionado, en colaboración mutua coa mestra de tecnoloxía, tiñamos como obxectivo principal deste plan é recoller información sobre o nome e uso de plantas non cultivadas da zona. Ademais houbo que recoller unha mostra desas

plantas (co maior número de elementos posibles, é dicir, follas, talo, flores, raíz...) e realizar un herbario.

A recollida da información realizárona as/os alumnas/os, a familia... preguntándolle a quen coñeza esas plantas. Para levalo a cabo propúxose unha enquisa modelo de exemplo.

Quen realizou a enquisa achegou un vídeo ou unha gravación de son na que se viran reflectidas as preguntas, as respostas e a planta da que se estivo a falar.

Os datos das plantas que se recolleron tivémolos que inserir nos documentos en liña que nos proporcionaron dende a USC.

Como contidos transversais realizáronse actividades coas familias como a elaboración de xabóns ou hidrolatos.

Unha das colaboracións máis continuas no centro vén dada por unha das súas veciñas especialista no Patrimonio Cultural Inmaterial, **Branca Villares**, a quen hai que sumarlle, ademais, a súa calidade musical. A presenza de persoas coma ela nos centros educativos amortece en boa medida a deficiencia de formación e mesmo sensibilidade por parte do profesorado. Tráenos, dun xeito lúdico, o patrimonio intanxible que aprendemos en cada unha das nosas comunidades e que non fai pertencer a elas. Memorias, tradicións, costumes e rituais, usos, expresións, músicas como os arrolos ou as das cantareiras, as cantigas propias de cada época do ano, as festas e romarías... elementos todos propios do lugar máis próximo ou achegado. Todo iso ten cabida ao longo destes anos nos obradoiros a desenvolver no centro educativo de Baralla onde o alumnado, gravadora en man, trouxo para a radio, un universo de saberes.

Neste último programa feito en xuño reflectíase o estudado arredor de festas e romarías: os preparativos para o día da festa, quen eran os convidados, que comida e que sobremesa se facían, como se organizaban os veciños para traer aos músicos ou gaiteiros, como era ir de romaría ou merenda a outro lugar onde era máis importante os amigos e amigas ca os cartos, como eran os bailes e os seus rituais, os contos e os cantos de camiño á festa, os namoramentos... e todo baixo o oído atendo do alumnado que, coas gravacións, emitiron ao aire as voces de avós e avoas.

Coas persoas maiores que viven na **residencia** San Vitorio de Baralla e, especialmente, cos que conviven ao longo do día no **Centro de Maires** tamén estivemos ao longo do curso. Aos primeiros visitándoos e falando de todo canto quixemos. Cos segundos, sentándonos e falando, máis polo miúdo, da súa vida, das súas lembranzas compartidas. Despois foron eles quen viñeron ao noso centro a ver como se estudaba e se xogaba. Moito aprenderon uns dos outros e moito traballo deu escoller os mellores momentos para transmitilos pola radio e gardalos nas nosas memorias reais e virtuais.

Dificultades e novos proxectos

Aínda que a radio escolar pódese traballar dende a interdisciplinabilidade (e resulta recomendable facelo así), o feito de dispoñer dun tempo semanal específico é de gran utilidade. Coa chegada da LOMLOE a nova lexislación eliminou a hora semanal para o conxunto do alumnado de 4º e 6º e pasou a ser optativa (a escoller con relixión) o que implicou que non deixara de ser unha práctica “universal” para o alumnado de primaria a pesares que por outra banda puido ser accesible para os cursos de 5º e 3º.

Ao tratarse dunha área que require unha determinada formación inicial, aínda que sinxela, fai que o profesorado en xeral que se anima a participar descargue determinados traballos como a gravación e edición na persoa coordinadora o que limita e dificulta o uso desta ferramenta. O tempo dedicado fóra da aula a esta actividade pode chegar a ser inabarcable se non é compartido entre os grupos ou as persoas participantes.

Por outra banda, o acceso do propio alumnado ao material de radio pode ser posible pero só a determinadas idades se se quere que se faga con certa seguridade e responsabilidade de uso. Evidentemente en secundaria ou na universidade é moito máis factible e é onde o alumnado pode por si mesmo levar a cabo a elaboración dos produtos finais.

Outras cuestións como o orzamento ou mesmo os espazos a usar a pesares de que poden presentar supoñer certas dificultades nunca foron o motivo principal para non levar a cabo os obxectivos marcados.

Dende o persoal punto de vista resulta máis complexo o feito de atopar actitudes e ansias tanto de participación como de colaboración a pesares de que se estea de acordo coa utilidade do proxecto ou mesmo que se conte con esa formación inicial. É tamén difícil a continuidade polo esforzo que supón e pola variabilidade da presenza do mesmo profesorado nos centros, así como as circunstancias persoais que poden facer variar significativamente a dispoñibilidade para unha tarefa que supón non pouca dedicación.

Porén, a experiencia é incrivelmente enriquecedora para todos os participantes e as emocións de todo tipo a miúdo aparecen e cando os discentes comprobaban como o traballo sempre dá resultados positivos a satisfacción faise presente. E tratándose de nenos sempre aparecen **novos proxectos**.

Para o estudo da **microtoponimia** temos hoxe ferramentas realmente útiles e eficaces. Nenas, nenos e persoas adultas da familia, da veciñanza e da escola temos a posibilidade de recoller o nome que lle puxeron as nosas xentes a cada recuncho, a cada accidente xeográfico da nosa contorna máis inmediata, nomes que non deberan perderse e que deberan ser conservados para a nosa riqueza persoal e cultural.

En mente está o lanzamento dun globo **radiosonda** a imitación do que vimos en Meteogalicia coa recollida de datos en tempo real. Esta actividade sería complementaria á **estación meteorolóxica** xa case feita nas instalacións no alto do monte en Becerreá (onde temos o repetidor de radio) conectada a internet para uso libre cuxos datos serían comparados coa outra estación meteorolóxica no propio centro (por levar a cabo) coa finalidade do estudo do tempo meteorolóxico, estudo que levaríamos a cabo partindo dos nosos propios medios e coa axuda doutros datos que tamén poderíamos recoller directamente por radio dos satélites meteorolóxicos. Unha serie de actividades que sen dúbida requirirá da colaboración de compañeiras e compañeiros xunto con persoas e asociacións con experiencia nestes temas. Aquí, ir da man da sabedoría de avós e avoas, do noso patrimonio inmaterial será novamente profundamente enriquecedor.

E xa na utopía, case afastado da realidade, quedaría un proxecto coa Axencia Espacial Europea onde o traballo dun curso enteiro arredor da ciencia cunha actividade final do contacto e conversación cos astronautas radioaficionados da Estación Espacial Internacional, para o que sería preciso xa só para comezar, o compromiso de participación da comunidade escolar ao completo.

Reflexións finais

O ensino, a aprendizaxe, ten milleiros de camiños que percorrer. O ideal sería percorrelas con ilusión e curiosidade, explorando cada corredoira, cada regato, cada val, cada cumio, cada elemento dunha paisaxe inalcanzable sabendo que o mellor de todo é ese camiño que percorres e o que vas aprendendo e descubrindo pouco a pouco pero continuamente. Ter a sensación e a seguridade de que algo no interior se vai creando, se vai formando e que nesa tarefa participa todo o mundo. Pero para iso necesítase coñecemento, ciencia, e necesítase acompañamento, o

feito de compartir tempos e actividades.

Vincular a ciencia e o patrimonio inmaterial e a literatura en xeral é un mecanismo que nos fai libres e críticos, sensibles e respectuosos, proactivos e tolerantes, fainos humanos coas raíces ben asentadas.

En Palestina os xenocidas levan anos eliminando a toponimia e tratando de substituíla por traducións e cando non lles son útiles esas traducións directamente inventan novas designacións. A eliminación física é acompañada pola eliminación cultural, inmaterial.

O desprezo pola lingua, elemento central do noso patrimonio é o resultado da falta de dúas cousas: falta de pensamento científico e falta de amor, unha palabra pouco usada e que, sen embargo, foi berrada no Parlamento Galego ante aqueles, ante aquelas, que non querían escoitar:

Todos os nenos do mundo teñen dereito
a ter catro avós e catro avoas coma catro soles,
para escoitar mil contos
a carón do lume.

Todos os nenos do mundo teñen dereito
a xogar ás catro esquinas
e a ter centos de amigos,
para xogar ás catro esquinas,
e a perderse, ás apilladas, entre as casas dos veciños.

Todos os nenos do mundo teñen dereito
a ter catro soños
e catro castelos construídos
na area das súas praias,
mentres contan as ondas que non teñen número.

Todos os nenos do mundo teñen dereito
a ser
un millón de veces felices.

Ana María Fernández



As voces das mulleres rurais e a construción dun arquivo oral. Terra e memoria

Ana Cabana

Facer historia oral: reconstruír o pasado integrando voces, silencios e digresións

A historia non é memoria nin viceversa. Lonxe de corresponderse e de ser sinónimos, historia e memoria son conceptos antagónicos, mais con gran relación. O principal vínculo vén dado polo feito de que a historia ten na memoria un campo de estudo, en tanto que a memoria é unha das fontes das que a historia tira para reconstruír o pasado. Á historia interésalle tanto a memoria individual, composta polas lembranzas de cada persoa, como a memoria colectiva, a que constrúe, garda e transmite un grupo social, e a ámbalas dúas accede a través dunha metodoloxía específica, a historia oral.

A historia oral, segundo a definición canónica que ofrece a Asociación de Historia Oral (*Oral History Association –AHOA*), creada no xa afastado 1966, é unha metodoloxía de recompilación, preservación e interpretación das memorias e voces de persoas, comunidades ou testemuñas directas de acontecementos pasados, mediante entrevistas gravadas en audio e/ou vídeo. O gran valor da historia oral é conseguir integrar voces vivas na narración histórica, asegurando unha comprensión máis inclusiva e completa do pasado, non só ao aumentar o número de testemuños, senón a súa diversidade. Xaora que esta metodoloxía non é a chave das noces e que para facer historia o máis aquelado non é xuntar testemuños orais en exclusiva, o ideal é engadilas sempre que sexa factible ata completar o conxunto máis heteroxéneo de fontes posible: documentación oficial (actas, estatísticas, lexislación, mapas, etc.), prensa periódica de época, iconografía (imaxes, ilustracións, etc.), bibliografía coetánea, cartas, diarios, obras artísticas (pintura, escultura, música, cinema, etc.) e obxectos materiais (ferramentas, roupa, etc.). Todo elemento produto da época que se pretende estudar é susceptible de volverse un pilar para a análise histórica e, ao seu carón, debe estar a fonte oral, unha máis, con especificidades, como as teñen todas, con debilidades, como as teñen as outras, pero cun enorme potencial e claras vantaxes para quen pretende achegarse á reconstrución histórica dos tempos nos que

aínda quedan xeracións vivas. Entre outras virtudes, a máis importante é que posibilita dar voz a quen non deixou pegada no resto de fontes, pero outra non menor é que, fronte aos restos da época en cuestión, a fonte oral constrúese dende o presente, a demanda da propia investigación.

A fonte oral aínda ten algún detractor, mesmo dentro da academia, ben é verdade que cada vez menos e con argumentos máis frouxos. Sobre todo porque as limitacións que se apuntan sobre os testemuños orais, caso da súa veracidade ou do amplo marxe de subxectividade, son tamén restricións que teñen as demais fontes (a documentación escrita non terma de mentiras ou medias verdades, si acaso? Nunha fotografía non cabe que a persoa que a realiza sexa tendenciosa á hora de enfocar ou de situar os suxeitos retratados?). Foi un dos máis ilustres cultivadores da historia oral (quizais o máis recoñecido despois do “pai” da disciplina, o historiador e sociólogo británico Paul Thompson), Alessandro Portelli, autor de obras como a magnífica *A morte de Luigi Trastulli e outros relatos*, publicada orixinalmente en inglés en 1990 (pola editorial da Universidade de Nova York), quen lle deu a volta a ás consideracións pexorativas sobre esta metodoloxía. El puxo énfase, por exemplo, en que as distorsións na memoria poden non ser simples fallos, senón pistas sobre como as persoas interpretan e dan sentido ao pasado en razón do momento no que lembran.

Ao historiador italiano débese a idea de que a historia oral non serve só para recoller feitos, senón que a súa riqueza radica en poder atesourar tamén emocións e construcións das narrativas que logo poder analizar. Así o probou en libros como o mencionado, no que o tema é a repercusión na memoria colectiva dun feito moi concreto: o pasamento dun obreiro do aceiro de 21 anos de nome Luigi Trastulli en Terni, localidade situada a uns 100 quilómetros ao norte de Roma. A súa morte produciuse no contexto dunha folga obreira, un membro da brigada especial da policía disparoulle cando os obreiros saían da fábrica para participar nunha manifestación contra a integración de Italia na OTAN (foi un dos países fundadores da institución, que naceu da sinatura do Tratado do Atlántico Norte o 4 de abril de 1949 en Washington). O suceso tivera lugar o 17 de marzo de 1949, pero nas entrevistas que Portelli comezou a realizar a inicios da década dos setenta, os testemuños situábano en 1953. Outro historiador tería renunciado a esas memorias mentireiras, pero el converteu no seu obxectivo de investigación indagar as razóns que había detrás dese erro xeneralizado. E logrouno. Durante a súa investigación comprendeu como na memoria obreira dos setenta a loita contra a presenza de Italia na OTAN carecía de transcendencia algunha, pero si que a tiñan as folgas masivas contra o peche das fábricas de siderurxia locais de Terni acontecidas en 1953, que mudaron por completo o ecosistema social e económico da vila. O relato feito dende o presente condicionaba a memoria social, sentenciou. A memoria obreira converteu Trastulli no símbolo dunha mobilización social na que non tivera relación para asociar a súa morte coa protesta máis transcendente dándolle sentido así ao feito de que tivese perdido a vida por unha causa que importaba. Media hora de “feito vivido” fronte a anos de “feito recordado”, sinalaba Portelli, para dar conta de como a investigación histórica debía estar atenta ás falsidades e terxiversacións da verdade que achaba nos testemuños para poder entender a estrutura narrativa dos feitos pasados. Así, a partir da obra de Portelli, a historia oral busca non só testemuños veraces, senón tamén aportar explicacións sobre as digresións e as incoherencias que se atopan nas memorias recollidas.

A influencia de Alessandro Portelli na historia oral contemporánea é tal que na definición canónica de historia oral se sinala que recoller percepcións é, de seu, un dos seus obxectivos. Outro dos propósitos da historia oral actual foi o sinalado pola que podería ser cualificada como a “nai” da historia oral, Luisa Passerini. Da súa pluma saíu a celeberrima investigación *Torino operaia e Fascismo* (1984) –traducida á lingua inglesa, pero non á castelá nin á galega–

na que pon o foco na análise dos silencios dos testemuños e nas reinterpretacións da memoria colectiva. Ela deu con iso nas súas entrevistas cos obreiros turineses, pois a práctica totalidade omitiron nos seus relatos de vida os vinte anos de fascismo que era o tema de interese da historiadora piemontesa. Cando realizou preguntas sobre eses anos, conseguiu apenas unhas frases feitas e comentarios xerais. Os silencios e as reinterpretacións que posibilitaban para as súas testemuñas converter en banal o tempo do fascismo nos seus decursos vitais, a partir da súa investigación, volvéronse “elementos cheos de sentido” para a investigación histórica focalizada na historia oral.

A historia oral e as voces das mulleres rurais

Eu fun unha muller da ribeira hasta que me botaron fóra. Para axudar á batea a medrar tiñas que ir á ribeira. E meu home, que andaba a naveghar e non estaba acostumbrado, aprendeu a ir ao rastro e todo. Íbase ao río de Padrón ao rastro [...] Si che ghustaba ter e prosperar había que mollar os pés. Eu recordo ir ao marisco dende pequena. Aínda indo á escola, mamá acostumbrounos aos tres irmáns a traballar. Recordo que unha [...] a tía Maruja díxonos que fomos nós a apañar, que despois xa os levaba ela ao barco. Ti non te imaginas o contentos que íbamos os dous irmáns maiores -eu con doce anos e meu irmán con seis- para apañar cada un no seu cesto! Cando cheghou mamá tñamos unha morea de cartos para lle dar. Ti sabes o orgullo que che daba eso? Mamá tiña a costumbre de levarnos con ela á seca antes de irmos para a escola. Logho nos marchábamos e ela quedaba. Viñan barcos e camións a comprar á plaia. Había moito marisco.[...]

Moita xente cos cartos da ribeira fixo a vida. Había unha muller en Rebordelo, Peregrina, que a deixara o home, que era un fughado da gherra, con tres fillos e maila nai, sin cobrar nada. Ela criou aos tres fillos e coidou á súa nai, e nunca deron verghonza. Unhas veces terían máis e outras menos, pero ela cando non podía ir á ribeira iba comprar peixe e íbao vender polas aldeas, e traía a boroa, as patacas, as fabas e todo. Eles nunca deron verghonza, nin foron pedir. Comerían máis ou comerían menos. Ela criou aos fillos coa plaia e coa patela.

E máis xente de por aquí, que botaba nas leiras pero a súa base fundamental era a ribeira. [...] Era o ano sesenta e tantos.

Este é un fragmento da entrevista que Antón Rodríguez Gallardo realizou a María Teresa Romero, unha mariscadora nada en 1941 e veciña de Baraña, no concello de Boiro (A Coruña). Esta parte da entrevista que ambos mantiveron ilustra, xunto con outros testemuños, un capítulo do libro do autor de inminente publicación en Medulia Editorial titulado *Mans que teceron futuro. Historias e experiencias de vida de mulleres na sociedade galega contemporánea (Boiro, 1836-1975)*. Malia non ser máis ca dous parágrafos o que aquí se extracta, resulta evidente que se trata dunha memoria de incuestionable riqueza para poder achegarse a temáticas fundamentais para a investigación histórica contemporánea. O testemuño ofrece información sobre a economía e as relacións familiares e sobre o mundo laboral das zonas de costa, no que existe unha clara división sexual das tarefas e que combinaban traballo no agro e no mar, e que ademais incumbe, como pasou sempre no litoral e no interior de Galicia, a todos os membros da unidade familiar, sen que a curta idade actuase como eximente de nada. Pero tamén permite reflexionar sobre os enormes custos que a guerra civil e o franquismo supuxeron para moitas mulleres que se viron convertidas en únicas garantes do pan dos seus

fillos por terse quedado soas (viúvas de combatentes, parellas de represaliados ou de exiliados, etc.). Toda a riqueza de testemuños como o de María Teresa teríase perdido se non fose pola recollida realizada por persoas investigadoras que, tanto de dentro da academia como dende fóra, apostan decididamente por achegarse ao estudo do pasado valéndose da historia oral.

Xente coma a María Teresa, queda, se non directamente apartada, si infrarrepresentada na documentación oficial que se custodia nos arquivos institucionais, que é a que conforma a fonte central da que se nutren as investigacións históricas. María Teresa é integrante do que en historia denominan “clases subalternas”, un concepto que acuñou o intelectual comunista Antonio Gramsci na súa obra *Cadernos do cárcere e outros escritos*, redactada durante a década que estivo en prisión por causa do réxime fascista de Benito Mussolini. Con ese concepto o pensador italiano referíase á poboación que se atopa nunha situación de subordinación, marxinalidade e exclusión dentro das estruturas de poder e que debido a iso non conta con capacidade para influír na política, pois o discurso sempre está monopolizado polas elites sociais, culturais e económicas que dominan aos subalternos. A subalternidade ocúpaa o campesiñado, a clase obreira e popular, as persoas emigrantes, as minorías (étnicas, relixiosas, etc.) e, tamén, as mulleres. Elas sempre careceron de autonomía para definirse sen ter en conta o imperio do grupo hexemónico no que atinxe ao xénero ao longo da historia, os varóns. E en contextos como o que a María Teresa lle tocou vivir, tampouco tiveron acceso aos medios de decisión nin aos espazos de representación. Para iso houbo que agardar a que a democracia callase en España, despois de case corenta anos dunha ditadura que as consideraba “eternas menores”, e a que triunfasen moitas das reivindicacións do asociacionismo das mulleres e do movemento feminista.

María Teresa estaría nese numeroso agregado que conforman os subalternos pola súa condición social (recordemos, mariscadora e labrega, por tanto, parte das clases populares), polo territorio que habita (o rural) e polo seu xénero. Estas tres razóns suman niveis de marxinação e discriminación e xuntas provocan que atopar trazos da súa experiencia vital, ou de calquera muller de rurais como o galego, na documentación de arquivo non sexa tarefa doada porque non tiñan presenza en ningunha esfera de poder. Mulleres rurais coma María Teresa aparecen algunha vez nos papeis que conforman os fondos dos arquivos municipais ou provinciais de Galicia, por suposto. Por idade, cando María Teresa naceu, mulleres coma súa nai ou súas tías, de telas, poderían estar en moitas listas feitas para poñerlles multas porque estraperlaban pequenas cantidades de alimentos que loxaban esconder da CREPA (Central Reguladora de Produtos Agrícolas) para logo vender fóra do prezo taxado nun intento por asegurar a supervivencia familiar. Tamén poderían ter sido quen axudaron a esconder veciños e familiares que estaban fuxidos ou na guerrilla antifranquista, polo que o seu nome podería aparecer en informes que buscaban represalias (multas económicas, prisión, distintos tipos de violencia, morte, etc.). O seu nome podería aparecer tamén nunha cartilla de racionamento, vixente ata os primeiros cincuenta, no fondo dun arquivo local. Era o documento que se precisaba para ir polo *cupó* oficial de azucre, de aceite ou do restoballo que facían pasar por lentellas e outras legumes. As da xeración de María Teresa, as nadas na posguerra, áchanse dende rapazas nas nóminas de traballadoras das fábricas da industria conserveira, pero tamén, cando eran nenas (nos anos cincuenta) algunhas roubando alimentos ou limpando petos alleos en estacións, rúas ou mercados de abastos en momentos de apuro para axudar a sacar ás familias adiante, o que lles valía aparecer nos escritos do Tribunal de Menores que se conservan en arquivos históricos provinciais. Nomes de mulleres coma ela están tamén nas listas de *Sección Feminina* para facer ou mesmo dar algún curso de costura ou de cociña ou para recoller a *canastilla* cando deron a luz aos fillos. Pero tamén hai nomes de mulleres coma ela nas sentencias dos xulgados porque se soubo que abortaran, cometendo un delito tipificado pola lexislación do réxime que

as condenaba a elas e a quen lles axudase na interrupción do embarazo (médicos, matronas, practicantes, albeites, veciñas, familiares, etc.). Porque nin no franquismo, nin en ningunha outra etapa histórica, o feito de ser muller no rural (ou noutro espazo) iguala aos suxeitos máis aló dese condicionante social concreto que é o xénero. Elas tiveron experiencias vitais moi diferentes, diametralmente distintas por mellor dicir, en función da súa clase social, do seu capital relacional (non era igual se incluía amizades ou parentesco con altos cargos do réxime ou da igrexa que se non era o caso) ou da ideoloxía que profesaban elas e as súas familias antes da guerra, por exemplo. O franquismo estableceu unha fenda profunda entre aquelas mulleres que respondían ao modelo de “boas mulleres”, o que tiña moito que ver con seguir directrices de xénero e da moral católica, das que eran conceptuadas como “malas mulleres”, que rachaban con modelo nacional-católico que se impoñía a través da acción de *Sección Feminina*. As primeiras puideron ata formar parte nalgún momento e chanzo da dita institución, para as outras quedou a represión en forma, por exemplo do *Patronato de Protección a la Mujer*.

Se seguimos a Gayatri C. Spivak, unha figura de referencia dos estudos postcoloniais e feministas, a voz das mulleres coma María Teresa non estaría na documentación oficial por moito que deamos co seu nome nela, pois dende a subalternidade non se pode falar con conciencia plena. Spivak denuncia como sempre habería alguén encargado de “falar por ela”. Homes na maior parte dos casos (pais, maridos, mestres, curas ou parentes masculinos), pero tamén algunhas outras mulleres, de clases máis altas e que ocupaban espazos nas xerarquías de poder, serían quen de silenciais. Ela, no razoamento da autora india, non podería máis que acatar o silencio ou, de falar, asumir publicamente o discurso hexemónico imposto por outros, o que reproducía a súa marxinação.

O corolario de que as mulleres rurais, en tanto que subalternas, non puideran ser quen de producir o seu propio discurso (escoller vocabulario, facer valer as súas propias representacións, escapar de ideas impostas, etc.) e que estean desaparecidas de moita documentación e secundarizadas noutra tanta, é que quedan invisibilizadas para a investigación. E isto redonda, no caso da historia, en que se teña construído unha narrativa sobre o pasado que non as inclúe, como se elas non tivesen estado ou tido importancia ningunha nos procesos políticos, sociais e económicos da súa época. Fronte á invisibilización das mulleres das clases subalternas, da metade da sociedade en cada cohorte de idade, clase social ou territorio, e dos grupos subalternos en xeral, un recurso de primeira orde para a investigación histórica acostuma ser o que fixo Antón Rodríguez Gallardo, acudir á historia oral para escoitalas.

Un proxecto en curso: a colonización da Terra Chá nas voces das mulleres

Por que interesa recoller testemuños de mulleres rurais? Non se trata dun afán meramente sumatorio, de ter máis voces, senón de ter unha maior representación e, sobre todo, de tela de suxeitos usualmente esquecidos como o foron elas. O obxectivo fundamental da historia oral realizada con suxeitos femininos está na súa potencialidade para integrar narrativas e experiencias diferenciadas das que, por únicas, marcaron o canon do relato historiográfico, as dos homes. Relatar a historia en masculino é un nesgo evidente aos ollos de investigadores e investigadoras de hoxe en día, pero durante moito tempo mantívose a firme convicción de que, aínda que a documentación reflectía información e casuística só relativa a homes, se conseguía que a investigación fora “neutra” en xénero. Parecería que a representación de comunidades e sociedades enteiras tiña sentido partindo do saber duns poucos, aqueles que tiñan posicións de poder e voz a través da documentación oficial (políticos, soldados, grandes propietarios, banqueiros, nobres, etc.) e, polo tanto, representaban masculinidades hexemónicas na sociedade do momento. Pero o certo é que a recollida de voces femininas deixa entrar experiencias que

non se tiñan en conta, caso dos coidados, das maternidades, das sororidades ou de saberes feminizados (artesanías, cultivos, recursos naturais, etc.) e tamén información novidosa sobre os procesos históricos, porque os viviron dende outra perspectiva necesariamente condicionada pola construción cultural que as impregnaba polo feito de ser mulleres, unhas veces como observadoras, outras coma protagonistas.

É o caso de investigacións como a citada de Antón Rodríguez Gallardo, que lle abre a porta a un colectivo especialmente feminizado como é o do marisqueo e a mulleres significadas do municipio boirense (mestra, comerciante, industrial, concelleira, etc.). Pero tamén ten sentido incluír as voces das mulleres que se teñen tido por actrices secundarias e mesmo por suxeitos intrascendentes. Ese é un dos obxectivos dun proxecto que mantemos aberto un equipo de investigación e outro de traballo no marco dun convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o concello de Castro de Rei (institución que a financiou no marco do Plan Deputación de Lugo 2025 de Cooperación cos Concellos), denominado “Estudo integral e posta en valor da experiencia colonizadora da Terra Chá no concello de Castro de Rei (Lugo)”. Unha das razóns de ser desta investigación centrada na análise dos pobos de Matodoso e Veiga de Pumar, construídos e habitados nos anos cincuenta e sesenta do século pasado, foi coñecer as percepcións que da experiencia colonizadora tiñan as mulleres que habitaron eses pobos da Terra Chá construídos polo Instituto de Colonización (INC). A política de colonización en España (lexislación, investimentos, obxectivos, etc.) e a idiosincrasia dalgún pobo en particular ou os pobos dalgunha comarca concreta contaban xa con achegas dende perspectivas diversas (arquitectura, urbanismo, economía, etc.), pero non se tiña reparado nestes estudos nas voces das mulleres nin se tiña atendido ao feminino como elemento de análise. Todo zumegaba masculinidade nos “pobos de Franco”, como os denomina no seu último libro o historiador almeriense Antonio Cazorla, que foi, xunto coa historiadora gaditana Laura Cabezas Vega, quen primeiro prestaron atención ás mulleres da colonización nas súas investigacións. Certamente toda a xerarquía da iniciativa colonizadora era masculina. Dende o propio ditador, que acudía ás inauguracións e ás cerimoniais de entrega de chaves coas cámaras do NODO e os fotógrafos e xornalistas da prensa oficial detrás para relatar en termos propagandísticos a súa actuación, pasando polo ministro de agricultura da vez. Os primeiros pobos da colonización ideáronse e planificáronse sendo o titular da carteira de Agricultura Rafael Benjumea, pero case todos se construíron sendo Rafael Cavestany ministro, entre 1951 e 1957, mentres que os últimos cadraron coa xefatura de Cirilo Cánovas, que estivo ata 1965, e de Alfonso Díaz-Ambrona, que cesou en 1969, non habendo máis construcións a partir de 1971, cando o INC se transforma no *Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario* –IRYDA–). Só homes eran tamén todos os técnicos que participaban no deseño de pobos, casas e parcelas (arquitectos e enxeñeiros) e no seu desenvolvemento (peritos agrícolas e apareladores), e tamén os maiores (chamados capataces nalgunhas zonas), que eran os traballadores do INC que se ocupaban da xestión e control dos colonos, dende a súa selección ata a organización do seu día a día durante período de tutela que a lei marcaba para eles e que supoñía que non eran *de iure* propietarios nin das casas que habitaban nin das terras que labraban durante os primeiros cinco anos. Igualmente, só homes eran os traballadores principais dos pobos de colonización que contrataba o INC, caso de tractoristas ou veterinarios. Homes eran, por suposto, o párroco e o mestre, dúas autoridades en calquera aldea durante o franquismo, máis se cabe nos pobos de colonización. E varóns eran os colonos, porque ás mulleres negábaselles tal condición. Elas estaban nos case trescentos pobos de nova planta que mandou construír o INC como cónxuxes e fillas de colonos, pero para elas non había a “cartilla” que identificaba a ese novo tipo de labrego que era o colono, nin títulos de propiedade das explotacións ou vivendas.

Fotografía 1. Mulleres da colonización da Terra Chá nos balcóns das súas casas en Veiga de Pumar (1969)



Fonte: Arquivo familiar de Helena e Javier Álvarez

Así se explica a infrarrepresentación feminina na documentación oficial, e, como corolario, a súa invisibilidade nas investigacións realizadas sobre a colonización. Entre as fontes impresas máis ricas para velas están as revistas que mandaba imprimir o INC e que de cando en cando publicaba algún artigo para elas, o que permite ter unha noción clara do que a ditadura esperaba delas e cal era o seu ideal (perfecta ama de casa, nai e axuda para o colono en tarefas consideradas “menores”), e as fotografías, xa as oficiais feitas en momentos concretos (inauguración, celebración dalgún aniversario, visitas ilustres, etc.), xa as privadas, que recollen momentos máis cotiáns e familiares, e nas que aínda que non sexa moitas veces en primeiro plano, elas aparecen. Pero estas fontes son en moitas ocasións insuficientes para poder historiar debidamente dende a súa perspectiva un proceso tan complexo como foi o de poboar un espazo novo no que non había tal cousa como o libre albedrío ou decisións autónomas para as persoas residentes nin no que atinxe a agricultura para desenvolver nin a como habitar espazos domésticos. Ante esa invisibilización, a posibilidade de realizar un exercicio de historia oral ten demostrado ser a mellor opción porque aporta, directamente, como descubrimos no proxecto de investigación sobre os pobos de colonización de Castro de Rei, unha maneira diferente de entendelos.

As entrevistas neste proxecto foron realizadas na súa maioría por Zaida García Villanueva e Sonia Engroba Cabana. A primeira, nacida no pobo de colonización de Veiga de Pumar, apostou no seu día por encamiñar o seu traballo final do mestrado en Servizos Culturais –titulación da Universidade de Santiago de Compostela que se imparte na facultade de Humanidades no Campus de Lugo– (*Da outra ourela á chaira: memorias das mulleres da colonización*), a estudar as mulleres do seu pobo e, dende aí, seguiu involucrada na investigación no marco do devandito convenio e na acción cultural a través da Asociación de Mulleres “As da outra

ourela” da referida parroquia de Pumar. A segunda non é veciña dos pobos de colonización, pero si dunha parroquia limítrofe, por tanto conta con coñecemento dos mesmos. Os seus estudos en Historia da Arte convertérona na persoa idónea non só para entrevistar aquelas persoas que viron a colonización dende os lindes, senón para encamiñar o traballo de dixitalizar as fotografías que os e as habitantes dos pobos da colonización do concello de Castro de Rei gardan das primeiras décadas da colonización (caso das que ilustran este texto). A elas dúas uniuse máis puntualmente o tamén estudante do mestrado de Servizos Culturais, Manuel García Gándaras, que coma Zaida García, tamén escolleu as mulleres da colonización como tema para o seu traballo final (*Saberes en femenino: una mirada etnográfica a la colonización en Castro de Rei (Lugo)*). Malia que el non tiña ningunha relación coa zona (alumno arxentino chegado a Galicia para cursar o mestrado), e que non dominaba a lingua galega como para falala ou escribirla (entendíaa sen problema), a súa titulación en Antropoloxía na Universidade de Bos Aires permitiulle realizar achegas de enorme riqueza a partir das entrevistas grupais que realizou ás mulleres de Veiga de Pumar, aproveitando as súas reunións mensuais no local da Asociación “As da outra ourela”. Unha parte das entrevistas realizadas foron gravadas en vídeo ademais de en audio, e para iso contouse co saber de Andrea Maseda, tamén veciña da comarca e con estudos en Audiovisual, ademais de ter cursado igualmente o mestrado en Servizos Culturais da USC.

Fotografía 2. Zaida García entrevistando a súa avoa, Consuelo Campa, habitante do pobo de colonización de Veiga de Pumar (Terra Chá) a onde chegou dende Negueira de Muíñz.



Fonte: Fotografía autoría de Andrea Maseda.

A investigación sobre as voces das mulleres da colonización puido realizarse grazas á xenerosidade e boa disposición tanto das veciñas de Veiga de Pumar como de Matodoso, que foron as directamente interpeladas. Só así se explica o éxito do exercicio de historia oral e das outras actividades realizadas no contexto do mencionado convenio, nas que tiveron a ben participar para dar o seu testemuño de primeira man (visitas a centros educativos do concello

de Castro de Rei, realización de visitas guiadas para alumnado universitario que realizaba saídas de campo, actividades de divulgación para crianzas que acudían a campamentos de verán do Museo do Castro de Viladonga, etc.).

Os testemuños e memorias das mulleres da colonización de Castro de Rei foron recollidas a través de máis de trinta entrevistas semiestruturadas con final aberto e, como era de agardar, ofrecen información novidosa e relevante sobre a colonización que as fontes escritas (documentación oficial e prensa periódica de época) non deixaba ver, pero tamén inédita con respecto aos testemuños que se tiñan recollido dos homes deses mesmos pobos (caso dos traballos de Xosé María Cardesín, cunha mirada antropolóxica, ou de Javier Cancela, dende a enxeñaría hidráulica, por exemplo).

Segundo os seus testemuños, por exemplo, a decisión de acudir á colonización non foi sempre consensuada entre o matrimonio, sendo os homes os que se amosaron máis proactivos, e elas, moito máis reticentes. Para moitas mulleres ir aos pobos de colonización foi unha cuestión de confianza nos maridos e mesmo de resignación. Emérita, por exemplo, que chegou á colonización dende Negueira de Muñiz, recorda como “foi máis el” o que dixo de ir para Matodoso, porque ao seu marido faláralle da colonización “o maioral de aquí (...)”, mais ela non quería vir porque “(eu) tiña medo de non poder darlles pan aos nenos (...). No seu relato, como no de moitas outras mulleres da colonización da Terra Chá, a percepción é que “el era moito de tirar para diante”, pero o certo é que moitos dos homes puideran ter información previa, caso do marido de Emérita, e mesmo algúns visitaran as casas e as parcelas antes de vir, e a elas non se lles deu esa oportunidade, foron ás escuras.

Pero, como sempre acontece, a situación xeneralizada non tivo que ser totalmente homoxénea. No caso de Emilia, que habita unha casa da colonización de San Xulián de Mos, foi ela a que tivo que convencer o marido, Arturo, de deixar a taberna da que eran donos e coller unha casa da colonización construída na mesma parroquia. O dela non era vir a cegas, senón que tiña información tanto dos traballadores do INC, que paraban comer e tomarlle algo no negocio que rexentaba e oíalles falar e ata preguntou máis dunha vez, ata atreverse a facer a solicitude dunha explotación na colonización, amparada pola confianza gañada na relación con eles como clientes, como da súa propia observación da situación, xa que tiña cerca casas e parcelas da colonización xa habitadas. Xa que logo, non cabe facer unha relación directa entre o xénero e a negativa a iniciar unha nova andaina vital na colonización, senón entre non ter información ningunha, caso de Emérita, que veu dende Cancio sen máis indicación co parecer do marido, e Emilia que puido contar con explicacións de primeira man e facerse unha composición de lugar propia.

A fonte oral tamén demostra que os espazos teñen outro protagonismo e outro significado distinto para as mulleres polo feito de selo. A documentación oficial teima en indicar como a parcela era o territorio dos colonos e a casa a das mulleres, fai unha separación nítida segundo o xénero que corresponde ao ideal do nacional-catolicismo, que separa as esferas masculinas e feminidades en todos os ámbitos como garante da moral. Se ben é certo que a casa ten un enorme protagonismo nos testemuños delas, ratificando o que se pode ver en moitas fotografías, e negando a documentación do Instituto Nacional de Colonización, elas tamén foron labregas. Sumaron aos roles que se esperaba delas, o de ama de casa, esposa e nai, o de “colonas”. Nada das parcelas, incluído o abonado da terra ou os cultivos, e das cortes de vacas lles foi alleo a elas, malia que dende revistas e discursos se incidise en que o fogar só se podía compartir con tarefas puntuais que tiñan que ver sobre todo co coidado de animais pequenos (pitas, coellos e porcós) e nada co gando vacún.

“Ao principio a terra estaba un pouco alisada. Non estaba abonada, non estaba preparada. Levou anos (...) Aquí hai zonas que son moi molladas. Como é moi chao, a terra non chupa a auga. Esta terra era moi mala, esta terra estaba abandonada porque era moi mala. É que non daba froitos. (...) Os primeiros anos foron moi difíciles, houbo que traballar moitísimo. A terra, ao botar o abono do gando, ía engordando, entón cada vez é mellor. Pero ao principio a terra aquí era mala. Os anciáns de aquí, esta terra non a querían para traballar, nin facían casas nela. Porque claro, é moi húmida, moi mala. (...) Fóiselle botando ese abono do gando, foise cavando, botando herba, daquela un ano con esa herba, daquela volvendo cavar, a movela, a traballar e traballar. A terra canto máis a removes, máis crece, máis fértil queda. É como unha horta, como un invernadoiro, o mesmo que un invernadoiro. (...) Pero a terra era mala e segue sendo mala. A terra esta boa non é, porque se fose boa non quedaba o regadío como quedou o millo este ano. Ao meu fillo quedáronlle cinco hectáreas de xirasol e nunha terra boa non che quedan, que se quitaban. Pero isto, os avós de por aquí non eran parvos, eran listos. Traballan terra pero non esta porque sabían que tiña un problema. Cal era o problema? Que é moi seca e chove, humedécese e non vale para traballar. (...) Aquí é moi chao e a terra non é boa. É boa porque se engordou moito, porque se lle botou moito abono, coidouse, renovouse. A terra é mellor que fai cincuenta anos, pero segue sendo mala.” (Aurora, Veiga de Pumar)

“As vacas estaban de fronte á parede, comían de fronte á parede, e para darlles de comer tiñas que camiñar polo medio delas. Entón fíxose a modificación. Planificouse así, a xente, os profesionais que a fixeron non tiñan moita idea. (...) En dez anos (...) xa fixeron a modificación porque era inviable, era moi difícil de traballar” (Manuela de Veiga de Pumar)

“Antes as mulleres íamos ao prado para axudar, porque non verao recollíase a herba seca. (...) En canto veu para aquí a muller traballou moito máis que o home. Porque a muller estaba na cuadra como o home, pero a muller vén para a cociña e as comidas, os avós, os nenos. A min o meu marido, é moi bo, pero o meu marido nunca me bañou aos nenos. (...) Cociñar aquí os homes non cociñaba ningún. E non protestabamos, e non protestabamos! Era o dobre de traballo.” (Aurora, Veiga de Pumar)

“Eu ocupábame da casa e de fóra tamén. Para donde iba o meu marido iba eu tamén. Traballaba sempre co marido. Nunca demos un paso separados (...) El nunca cociñou, sempre tuven que... hasta meterlle a comida no plato.” (Emérita, de Matodoso)

Nos pobos de colonización, sobre as estruturas arquitectónicas e urbanística establecíanse discursos de xénero que reforzaron a idea da superioridade do traballo masculino a costa de invisibilizar o feminino fóra da casa e naturalizar o do fogar, pero a análise da vida cotiá e do relato das mulleres (e tamén se se presta atención no dos homes) desvelan contradicións e tensións entre o deseño ideolóxico do espazo e as prácticas sociais. Elas estiveron onde parecía que non tiñan que ter estado e déronlle outro sentido ao espazo coas súas experiencias vitais, só rescatables a través da historia oral.

O arquivo oral “Terra e Memoria” e as voces das mulleres

Normalmente, cando se realiza un exercicio de historia oral, a conservación dos testemuños orais que se van recompilando ten lugar no arquivo privado da persoa investigadora, pero unha opción de enorme interese é a de alimentar un arquivo oral. Un exemplo da potencialidade dun

Fotografías 3 e 4. Traballo cotián das mulleres da colonización da Terra Chá. Elena López Cando na corte das vacas da explotación familiar en Veiga de Pumar (1973) e matrimonio recollendo herba para o gando na parcela da colonización en Matodoso (s. d.).



Fonte: Arquivo familiar de Helena e Javier Álvarez e Álbum fotográfico realizado polo INC para celebrar o XXV aniversario da colonización da Terra Chá.

centro dedicado a preservar, organizar e visibilizar testemuños orais construídos por múltiples persoas e iniciativas investigadoras é na actualidade o *Terra e Memoria. Unidade de Patrimonio Documental e Oral Contemporáneo* (<https://www.terraememoria.usc.gal/>). Trátase dun proxecto que xestiona o grupo de investigación Histagra da Universidade de Santiago de Compostela que está situado no Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (Cispac) do Edificio Fontán da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, dedicado á conservación, investigación e difusión de fontes orais (tamén gráficas e hemerográficas) sobre a historia social de Galicia.

O xerme do actual proxecto atópase en Historga, o arquivo de Historia Oral de Galicia, nado en 1987 da man da profesora Isaura Varela e o investigador Marc Wouters a partir do exercicio de historia oral realizado polo estudantado da Licenciatura en Historia daquel ano. As achegas de estudantes de seguintes cursos, de sucesivos proxectos, sobre todo *Nomes e Voces*, dedicado ao estudo da violencia franquista, as doazóns de investigadores e grupos (Xerardo Pereiro, Raúl Soutelo, Asociación Euroeume, o xa citado Antón Rodríguez Gallardo, etc.) foron engrosando os fondos do arquivo oral, que na actualidade conta con máis de 2.386 entrevistas.

No último ano tense realizado un gran esforzo por dar a coñecer o arquivo, que conta cunha páxina web onde é posible facer pequenas buscas para coñecer os fondos que logo se poden consultar na sede física do arquivo, e por animar a estudantes e persoas investigadoras de diferentes disciplinas das Ciencias Sociais e as Humanidades a coñecer os fondos. Unha acción frutífera na divulgación do arquivo e dos seus fondos orais e fotográficos foi a apertura dunha conta a rede social *Instagram* (@terraememoria_gal) que iniciou Iago Iglesias e mantiveron, entre outros estudantes do Grao e do Mestrado de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, Sara Flores Martín, Florencia Gitar Podestá e Alejandro Rodríguez Barbeito. Co gallo do 8M, comezaron a tarefa de visibilizar as voces femininas do fondo e lograron introducindo, en colaboración cos xestores do Cispac e de Histagra, Nereida Prada Piñeiro e

Gustavo Hervella García, unha lapela no buscador da base de datos que permite facer buscas polo xénero da persoa entrevistada. Así, a golpe de clic, aparecen os nomes e voces das 737 mulleres recollidas no fondo do arquivo. Outra acción foi a realización de vídeos curtos, visibles na conta de Instagram, aproveitando as voces e imaxes desas mulleres que prestaron o seu testemuño a *Terra e Memoria*, e que inclúen temáticas como o contrabando na raia, o ensino e a alfabetización feminina, os bailes e o ocio, o internamento en centros psiquiátricos, o traballo no agro das mulleres ou as fórmulas de represión sexuada (rapadas) durante o franquismo.

Bibliografía

- Alares López, G. (2008), *Colonos, peritos y mayores. Intervención estatal y transformación agraria en Valmuel y Puigmoreno (Teruel, 1953-1971)*, Teruel: Instituto de Estudios Turolenses.
- Albertus, M. (2023), “The Political Price of Authoritarian Control: Evidence from Francoist Land Settlements in Spain”, *The Journal of Politics*, 85 (4).
- Cabana Iglesia, A. (2011), “Memoria colectiva y ‘Revolución verde’. Más allá del cambio productivo y ecológico”, en Lanero, D. e Freire, D. (coords.): *Agriculturas e Innovación Tecnológica en la Península Ibérica (1946-1975)*, Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.
- Cabana Iglesia, A. (2020), “Sisar lugares en tramas forzadas: Habitar los pueblos de colonización en Galicia”, en Lanero Táboas, D. (ed.): *De la chabola al barrio social. Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)*. Granada: Comares, pp. 161-184.
- Cabezas Vega, L. (2023), “Espacio y género en los poblados de colonización del franquismo”, *Historia social*, 107, pp. 65-84.
- Cancela Barrio, J.J. (2004), *Gestión integrada del agua en la cuenca alta del río Miño*. Tese de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela.
- Cardesín Díaz, J.M., (1985), *Tierra Llana de Lugo. Estudio antropológico de una comunidad en formación*. Tese de Licenciatura inédita de la Facultade de Xeografía e Historia de la Universidade de Santiago de Compostela.
- Cardesín Díaz, J.M., (1987), “Política agraria y transformaciones en la agricultura gallega: la zona de colonización de Terra Chá (1954-1973)”, *Agricultura y sociedad*, 44, pp. 243-279.
- Carmona Zubiri, D., Travé Molero, R., e Nogués Pedregal, A. M. (2024), “Patrimonio e identidad en la colonización franquista de Hellín”, *Barataria. Revista Castellano-Manchega de Ciencias Sociales*, (36), pp. 114-133.
- Cazorla Sánchez, A. (2024), *Los pueblos de Franco: Mito e historia de la colonización agraria en España, 1939-1975*, Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Crecente, J.M. e Crecente, R. (2005), “Un proyecto global de puesta en valor. Poblados de colonización de Terra Chá (Lugo)”, *PH Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 52, pp. 119-121.
- Crelin, J. (2023), “Oral history”, *Research Starters History*. EBSCO.
- Gómez-Benito, C. (2004), “Una revisión y una reflexión sobre la política de colonización agraria en la España de Franco”, *Historia del Presente*, 3, pp. 65-86.

- Gómez-Benito, C. (2006), “De la academia al campo. El centro de interpretación de la colonización agraria franquista en Sodeto (Huesca)”, *Historia agraria*, 38 pp. 151-157.
- Hernández Burgos, C. & Román Ruíz, G. (Coord.), *La tierra prometida. Historia y memoria de la colonización franquista en la provincia de Granada*. Granada: Comares.
- Hernández Burgos, C. (2021), *Voces de un pasado gris. Las fuentes orales y la didáctica del franquismo*. Granada: Comares.
- Mariezcurrera Iturmendi, D. (2008), “La historia oral como método de investigación histórica”, *Gerónimo de Uztariz*, 23/24, pp. 227-233.
- Migueluez-Carballeira, H., e de Pablo, J. (2021), “Nossoutros, se tivéssemos para onde ir, não vínhamos para aqui: comunidades de sentido nos Assentamentos de Colonização da Terra Chá”, *Clara Corbelhe*, 1, pp. 69-78.
- Moya, E. (Coord.) (2017), *La colonización rural en la provincia de Jaén durante la edad contemporánea*. Granada: Comares.
- Oral History Association (s.f.), “Oral History: Defined”.
- Ortega López, T. M.; Cabana Iglesia, A.; Cabezas Vega, L. e Canalejo Alonso, S. (2023), *Mujeres y agricultura en la política española del siglo XX*. Madrid: Cátedra.
- Passerini, L. (1984), *Torino operaia e fascismo. Una storia orale*, Roma–Bari: Laterza.
- Portelli, A. (1991), *The Death of Luigi Trastulli and Other Stories: Form and Meaning in Oral History*. Albany, NY: State University of New York Press.
- Ritchie, D. A., (ed.), (2010), *The Oxford Handbook of Oral History*. Oxford: Oxford University Press.
- Sonlleve Velasco, M. (2020), “Construcción de la identidad femenina en la clase popular franquista a través de testimonios orales”, en Cagnolati, A. e Canales Serrano, A. F. (Eds.), *Women’s Education in Southern Europe*, Canterano: Aracne, pp. 221-280.
- Sonlleve Velasco, M., Sanz Simón, C., & Maroto Sáez, A. (2020), “La educación femenina en la Guerra Civil española: un análisis desde las voces de la infancia de clase popular”, *Revista Educación, Política y Sociedad*, 5 (1), pp. 39-59.
- Thompson, P. (1988), *La voz del pasado. Historial oral*, Valencia: Edicions Alfons El Magnànim.



Colleita e recolleita: a patrimonialización da memoria intrafamiliar

(Síntese do plan de traballo nas aulas para o ano 2025)

Branca Villares

A relatora comeza confesando que cando soubo que aceptaran a candidatura para dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2025 á oralidade das mulleres, concretamente á figura das pandeireteiras, sentiu unha gran responsabilidade, ao pensar cal sería a mellor maneira de aproveitar esa oportunidade.

Estaba convencida de que urxía trazar un plan didáctico para abordar esa tarefa despois de moitos anos esforzándose en buscar formas de divulgar o que sabe, froito dunha aprendizaxe natural na casa, que lle permite recoñecerse como filla da tradición oral cun pai gaiteiro e tendo medrado nun contexto onde as mulleres sempre cantaron. Dubidaba como transmitir o que ela aprendera organicamente, ao que logo sumou experiencia e coñecementos no seu paso por asociacións e agrupacións culturais que lle permitiron aprender con outra xente, pero tamén recoñece que percorreu boa parte do camiño pola súa conta, de forma autodidacta.

Nesa busca de maneiras eficaces de comunicar todo iso, fixo un percorrido mental polo traballo feito antes e revisou fórmulas empregadas por outros compañeiros e compañeiras, porque tiña claro o que non quería facer, dado que o camiño cara á transmisión do folclore pasaba pola vivencia propia, como referiu Adrián Méndez no seu relatorio da mañá.

Branca Villares esperaba poder facer un bo traballo de divulgación do legado das mulleres cantareiras e explicalo de forma amena en centros de ensino e nas clases coas pandeireteiras, pero tamén transmitilo á sociedade en xeral, mesmo a quen non tiñan interese nesta manifestación da oralidade.

Desa procura da perspectiva axeitada, naceu “colleita e recolleita”, que ela define brevemente como un proxecto-exhortación para traballar a memoria intrafamiliar dende a escola ou dende outro ámbito. Branca remite a Lois [Toirán] e Eva [Alonso Leivas], docentes nos primeiros

centros onde puxo en práctica esta nova metodoloxía de ensino da tradición popular. Buscaba unha ferramenta que lle permitise reflectir as colectividades e a oralidade, quería explicar o mundo das pandeireteiras como un mundo creado en base ás relacións interpersoais, en contextos que non teñen por obxecto consumir cultura, senón facer cultura.

A relatora tiña moitas expectativas, pero cumpría concretar dalgún xeito, porque no camiño da divulgación do legado das pandeireteiras estaban presentes toda unha serie de valores posibles para ter en conta:

- A diversidade musical, verdadeiro feito diferencial, foco de interese para moita xente. Nese sentido, poderíanse estudar as particularidades das cantigas e ritmos como valor en si mesmo, é dicir, sería factible elaborar unha sistemática de todos os acentos posibles en muiñeiras, por exemplo (muiñeira nova, ribeirana, cabalgada, carballesa, muiñeiras corridas...).
- A diversidade melódica, isto é, estudar as cadencias das melodías como fixo Dorothé Schubart, ver como se relacionan entre si e extrapolar conclusións en base á análise do corpus folclórico que está rexistrado (remite á importancia dos arquivos da que falaba Ana Cabana)
- A diversidade lingüística e literaria tamén dá pé a unha proposta de análise ambiciosa. Falando en termos de lingua, só a partir das cantigas poden ser estudados o seseo, a gheada, o rotacismo, a toponimia e a microtoponimia, xiros e expresións propias de cada zona e de cada xénero, e recursos literarios como o leixaprén, finda, atafinda, paralelismos, aliteracións.
- Os distintos xéneros musicais cantados (cantos de labor, de divertimento, cancións infantís, os que están asociados aos rituais do ciclo do ano...) prestábanse así mesmo a seren foco de traballo.
- A clasificación das distintas temáticas tratadas tamén ofrecía inmensas posibilidades.

En síntese, había tantos elementos importantes analizables dende diferentes disciplinas no mundo do legado das pandeireteiras, que calquera docente corría o risco de se perder no proceso de patrimonialización que está tendo lugar na actualidade. Branca Villares quería evitar iso, pero admite que ela mesma estaba tendo ese problema: habendo tanto que abordar de interese, resultaba difícil saber por onde empezar. Porén, non quería obviar o que consideraba a clave fundamental: a funcionalidade do canto dentro da sociedade que o pon en práctica. Confesa ao auditorio que é unha persoa ambiciosa, que non quere limitarse a ensinar só música ou literatura oral, o seu obxectivo pasa por contar como se exercía esa oralidade de xeito cotián, como as persoas se valían dela para relacionarse, para que de aí se poida inferir toda a narrativa existente dentro da coplas.

Todo isto resultáballe abafante, pero finalmente atopou algo que lle axudou a superar as súas dúbidas (que quizais persoas cunha formación regrada presentes na sala non chegaron a ter), e conseguiu dese xeito ordenar as ideas para o proceso de transmisión.

A gran descuberta para ela foi a visión émica e ética: pensa que os ensinantes de música tradicional están confusos porque son arte e parte no proceso, e tamén esperan o mesmo do alumnado, o que resulta complexo. Persoalmente axudoulle coñecer o traballo do sociólogo Marvin Harris que falaba disto, da émica e da ética, que veñen á súa vez dos termos fonémica e fonética, de maneira que a fonémica correspóndese coa fonoloxía (o sistema de sons de cada lingua en particular), mentres que a fonética remite aos sons físicos que pode producir o ser humano, e non son a mesma cousa. Trasladando esta concepción ao estudo das expresións culturais dun pobo, pódese dicir que a émica é a visión do nativo, e a ética, a visión do

observador ou do analista externo; este último é o que establece as categorías analíticas e fai a explicación do fenómeno que está a estudar, explicación que normalmente nada ten que ver coa explicación e a percepción da mesma do nativo.

Para axudar a clasificar esta contraposición, pon como exemplo práctico unha situación que podería ter ocorrido nas Festas do San Froilán. Hai dúas maneira de velo, alguén que vén de fóra cunha cámara e alucina co que hai na Praza do Campo o Domingo das Mozas, isto é, observa unha moza cantando e un grupo de mozos bailando, e entón deixa constancia dese rexistro vocal, desa cadencia melódica, establece a tipoloxía (muiñeira, se é o caso) e pode percibir un monte de valores niso que está a acontecer; porén, se se lle pregunta á moza ou ao mozo que estaba bailando non teñen case ningunha noción do que o observador percibiu. A súa vivencia do que está a pasar é totalmente diferente: el ou ela chegou con moita expectación ao San Froilán, para encontrarse alí cuns amigos, tamén levaba tempo indo a clases de baile, e púxose a improvisar alí puntos o máis complicados posible porque quería mocear con alguén que estaba alí, etc. En síntese: o que pasou non estaba planificado, ocorre en función das circunstancias. Pois ben, no caso das persoas docentes e/ou divulgadoras, téñense en conta esas dúas perspectivas na construción do relato que está a pasar alí. Téñense en conta as características técnicas, pero ao mesmo tempo agárdase que os e as que participan desfruten desa vivencia, naturalicen esa maneira de cantar e bailar, de comunicarse, de pasalo ben coas amigas a través do baile, de cortexar, bótanlle coplas ao frechazo.

Branca Villares incide en que se refería a isto cando preguntaba aos membros da mesa da mañá polos procesos de renaturalización do folclore; a ela esta cuestión obsesiónaa porque sabe que todas esas músicas que a súa xeración foi aprender da xente maior dábanse nuns contextos que hoxe non existen. Non serve de nada que se replique a melodía exactamente igual que a cantaba a señora, porque a función da cantiga non é a mesma, e logo quen aprendeu esas catro estrofas igual non se sente libre para cambiar esas coplas ou engadir outra que fale do que lle interesa ou do que de verdade lle importa, porque considera demasiado importante conservar tal cal o legado desas mulleres precedentes, cando para elas en realidade non tiña verdadeira importancia o texto que se estaba cantando, simplemente cantaban para soste a festa. Na súa opinión, non sempre se entende ben a funcionalidade do canto e durante moitos anos, mesmo ao dar aulas de música tradicional, confesa que ela tampouco o tivo claro. Non obstante, desta volta teimaba en que se comprendese a finalidade do canto e o contexto no que se producían as cantigas para que acabase de cobrar sentido este celebrar a oralidade das pandeireteiras e a poesía oral das mulleres.

Parécelle fundamental entender os contextos nos que tiña lugar o fenómeno e entender que a xente que participaba facíao con total liberdade, non tiña a presión de estar facendo unha obra magna, nin de extraordinaria calidade musical nin literaria, simplemente sostiñan a festa para que ese momento propiciase que pasasen moitas outras cousas (o diálogo entre os corpos, a comunicación a través do baile, e tamén a mensaxe oblicua da linguaxe non literal que se emprega nas coplas para contar o que se quere sen dicilo con todas as palabras).

Branca reconece que pretender conxugar as dúas visións a un tempo era algo case imposible, tiña que simplificar a ecuación. Non dera aínda coa ferramenta, pero analizando as metodoloxías que lle daban mellor resultado nas súas aulas de música, decatouse de que o que mellor funciona é a aprendizaxe significativa á que remitía antes Lois Toirán, ese construír en base ao que a xente xa sabe aínda que non sexa consciente de que o sabe. A relatora exemplificao así: como lle ten dito moitas veces a Tereixa Novo, para explicar o pasodobre cando ten alumnado maior, ela tira da Carolina porque todo o mundo coñece esa cantiga e é quen de cantaruxala, e así empézase a marcar o compás, ela pode explicar o dous por catro, e logo incluír variantes e

construír coñecemento. A partir do que se coñece vaise pasando a cousas máis complexas, iso é a aprendizaxe significativa, que forma parte do construtivismo.

A cuestión era como crear aprendizaxe significativa para que as novas xeracións que non viviron o torreiro de baile (aclara que tampouco a súa quinta, en xeral, aínda que ela participou en moitas foliadas e xornadas de canto e baile espontáneo) nin tampouco teñen elementos dos que tirar para relacionar todo ese corpus folclórico (ter escoitado a Carolina, contar con referencias de música tradicional na casa, ter participado activamente na vida cultural con asociacións, etc.), poidan construír coñecemento progresivamente. Ela chegou á conclusión de que non se trataba de dar todo feito, senón de traballar a memoria intrafamiliar, de maneira que a rapazada entenda que a conmemoración deste 2025 era como se lle dedicasen o Día das Letras a cada unha das súas avoas, ou ás mulleres maiores de referencia que teñen ao seu carón. Decidiu tirar dese fío, traballar a memoria intrafamiliar da comunidade a través da oralidade, para o que deseñou unha entrevista para mozos e mozas moi semellante á que emprega quen busca cantigas e bailes por aí. Con ese material foi a algúns colexios de confianza (en concreto, en Baralla, Viveiro e Burela, os tres resultaron unha excelente escolla tanto polo profesorado cómplice como pola boa disposición do alumnado).

A proposta de Branca estruturábase en dúas xornadas: na primeira ía e presentáballes o patrimonio que non é visible pero que determina a identidade, e amosáballes os dous ciclos básicos: o do ano e o ciclo vital, para que se achegasen ao patrimonio oral da súa comunidade. Explicoulles que esta maneira de honrar a memoria das mulleres pasaba porque cadaquén puxese en valor as que teñen na súa familia/contorna que conservan memorias e vivencias de interese. Púxolles exemplos, pasoulles a enquisa, faloulles un pouco de como atopar o momento idóneo para facer a entrevista á avoa ou á persoa que escollesen (conta como anécdota que varias nenas de Baralla elixiron a Inés, unha taberneira, á que aludían como “a avoa da praza”: para elas era a persoa maior de referencia á que sempre lle escoitaban cantigas e refráns).

A relatora comenta que o feito de empregar unha enquisa tamén ten como valor engadido achegar a rapazada ao método científico, pois tiñan que recoller datos completos da persoa (nome e apelido, lugar e data de nacemento, lugares onde viviu), anotar as súas lembranzas, dende as máis antigas (arrollos, cantigas de berce, primeiros xogos e cantigas, cantigas de Nadal) ata outras máis recentes. Engade algúns detalles a maiores en canto ás indicacións que recibiron as rapazas e os rapaces nesa primeira xornada: cando lles explicou o ciclo do ano e o ciclo vital fixeron dous círculos no encerado e foron completando os fitos da vida da xente (os acontecementos importantes como o nacemento ou entrar na escola, por exemplo). Tívoise en conta que os ciclos do ano non son iguais nas tres localidades, e que difíren entre os rapaces que eran de familias que habitaron máis ou menos sempre nesa zona, que os que tiñan familias migrantes, polo que, dentro deses dous círculos, cadaquén foi colocando as festas e romarías de referencia (Nadal, Entroido, tempo dos magostos, chegada da primavera, o solsticio de verán e, por suposto, as dos patróns das festas de verán, caso de Monte Castelo na costa ou o San Vitorio en Baralla). A entrevista supuña sentar coa avoa e facer ese percorrido polos dous círculos, incidindo nos costumes de cada festa (preparativos, xogos, rituais, con quen se xuntaban para celebrar, que comían...), e, en xeral, recollendo lembranzas, cantigas, contos e calquera outra cousa que lembraban ter cantado/contado e con quen. Deixóuselles claro que se aparecían cantigas, perfecto, se non, o que saíse tamén estaría ben. E así foi.

Con estas instrucións os mozos marcharon para a casa. A relatora confesa que os resultados foron algo dispares, porque hai diversidade de familias, distintos graos de implicación da rapazada e outras circunstancias que inflúen, como a idade dos grupos. Consta que afinou máis o alumnado dos dous últimos cursos de primaria e dos dous primeiros de secundaria.

Ante a imposibilidade temporal de expoñer todo o que saíu nesas memorias, Branca Villares fai unha valoración sintética: os avós e avoas (sobre todo elas) demostraron unha inmensa xenerosidade para compartir o seu tempo e experiencia. Ela confesa terse emocionado escoitando algunhas entrevistas, e non porque se cantase –en moitas non–, senón por como falaban dos preparativos das festas e de todo o relativo aos fitos dos dous ciclos (por exemplo, como pasaban de ser consideradas nenas a ser consideradas mozas, segundo se usaban medias ou non nos bailes), e de que xeito toda esa memoria interpelaba a curiosidade dos mozos/as.

A relatora comparte co auditorio un breve fragmento dun audio que lle fixeron chegar (co permiso correspondente), ao consideralo fundamental como demostración de que a actividade funcionou, pois cando a avoa interrompe o seu canto porque lle parece que non é correcto o que di a peza, a neta ánimoa a seguir, dicíndolle: “*Hai que poñelo, avoa, é cultura*”. Branca aclara –o son non era de todo limpo– que a avoa, cunha melodía increíble, está cantando dúas coplas que reflicten actividade sexual: “Manuel, Manueliño, / cabeza de garabullo, / anduveches enganando ás nenas, / unha noite no escuro”. Engade que esa maneira de presentar o home é moi típica, e, independentemente de que quen a escoite o entenda así ou non, a avoa decátase de que canta algo impropio para un traballo da escola, pero para quen fala resulta interesantísimo, xa non porque sexa cultura, que o é, senón porque propicia que xurda unha conversa sobre o que é axeitado ou o que non, e dá pé a falar de educación sexual, da violencia contra as mulleres... Para alén diso, Branca interpreta como un logro inmenso a afirmación da rapaza, que demostra que a rapazada entendeu do que se trataba; moito máis aló dos resultados obtidos –algunhas cantigas moi boas, si–, o importante para a valoración global da actividade debe partir de todo o proveito que se tira de fomentar esa convivencia interxeracional. A cultura é o que pasa fóra dos escenarios; o interesante dos procesos de interacción, como se dixo pola mañá, case nunca ocorre dentro da programación formal, senón nos corredores, nos ensaios previos, nas aulas, nos contextos non pechados, como é este caso.

Pois ben, despois da recolleita tiña lugar a segunda xornada da proposta, na que houbo unha posta en común do alumnado (con ela e o profesorado colaborador, que tamén escoitaran as gravacións) e establecéronse as estratexias de posta en valor, tamén de cuestións que a rapazada non vían destacables (por exemplo, que unha cantiga xa fose moi coñecida, ou que só soubesen unha copla ou dúas): tratábase de facerlles ver todos os valores intrínsecos que había nesas quince minutos (un supoñer) que conseguiran que a persoa cantara/contara. É extraordinario todo o que se pode inferir diso.

Branca Villares incide na importancia de axudarlles a entender o valor do que non son quen de percibir nesa posta en común, ademais de ser momento de falar –vendo os exemplos– de todos os elementos valorativos que se mencionaron ao principio (melodía, temas...). Porén, non menos importante era que eles decidisen a estratexia de patrimonialización, que entendesen ben este proceso. Conta minimamente como foi en cada un dos centros educativos: en Baralla fíxose unha emisión no programa de radio, escollendo cortes significativos desas entrevistas; en Viveiro establecéronse comisións de traballo: a de xogos populares, que logo replicaron na práctica; a comisión das músicas (houbo quen aprenderon algunhas das cantigas, e quen se animou e interpretar algunha das pezas coa gaita); a comisión audiovisual, que traballou moito a partir das fotografías que nas casas se puxeron enriba das mesas para ilustrar do que se falaba... Ao final, houbo unha xornada de posta en común coas familias (coordinada polas persoas docentes) e unha sorte de merenda.

No cole de Burela empregaron estas entrevistas cunha estratexia totalmente diferente ao teren alumnado de moi distinta procedencia. Traballaron a comparativa do ciclo do ano en distintos lugares, pero tamén a diferenza no ciclo da vida entre un sitio e outro. Foi algo moi

bonito e moi importante tamén: remataron facendo uns paneis poñendo en valor diferenzas e semellanzas (por exemplo: a festa de Aninovo en... parecece ao Entroido de..., teñen este elemento en común).

Para pechar a súa comunicación, a relatora fai un resumo aludindo a aspectos importantes para ter en conta no caso de que alguén queira replicar esta dinámica: escoller alumnado coa idade idónea, contar coa implicación do profesorado, axudar a identificar fitos culturais e propor o material base (entrevistas) pero deixarles escoller a estratexia de posta en valor (xa sexa vídeos curtos tipo TikTok ou comunicacións máis formais, ou unha xornada de divulgación: o feito de preparar o que se vai dicir supón interiorizar e reelaborar a información), que logo conta coa supervisión dos docentes.

Anticipa que van xurdir cuestións inesperadas con respecto á proposta, neste caso, aínda que non había ningunha pregunta específica foron recorrentes as memorias de guerra e de posguerra, o recordo aos tempos de censura do galego, de afearlles aos mozos e mozas que o falasen, tamén o recordo da represión, a vergoña da pobreza (referencia presente nas localidades da costa), e as narracións de migracións, que resultaron moi enriquecedoras. Pero, sobre todo, quere destacar o orgullo da rapazada ao sentirse parte de todo isto, o que lle serve para introducir os valores finais que pairan nesta “colleita e recolleita”, que permite traballar a integración cultural; aínda que se estea estudando a lingua galega é importante saber que se ten en común e que non, e resulta moi gráfica e natural a maneira na que os mozos e mozas celebraban a diferenza.

O orgullo do que pasa en cada casa conecta coa necesaria resignificación deste legado da oralidade das cantareiras, que non é algo morto, estanco nin fosilizado; permite facer aos máis novos que se pode xogar coa tradición, empregar con liberdade ese repertorio precedente, como facían os seus avós, sentíndose libres para usar a música e o baile para vivir a vida.

Branca Villares conclúe reivindicando a necesidade de implicalos na posta en valor, de involucralos na autoxestión –tamén nos leceres–, para que se poñan de acordo de como levar adiante a súa propia interpretación de todo ese legado. Iso é moito máis potente que organizarlles un macrofestival.



A oralidade das cantareiras: salvagarda da memoria do pobo. O valor dos arquivos e a súa difusión

(mesa redonda)

Moderadora: Eva Teixeira

Participan: Lois Toirán, Ana Cabana e Branca Villares

Moderadora

Anticipa que ten un par de cuestións para iniciar a conversa, pero ante o limitado do tempo dispoñible para o diálogo e tendo en conta que non houbo ocasión de que interviñesen as persoas asistentes ao final de ningún dos tres relatorios, cédelle a palabra ao público. Avisa tamén que reserva uns minutos finais para facer un peche conclusivo e anima ao auditorio para que participe e non sexa convidado de pedra.

Intervención de Branca Villares

Dirixese aos presentes para dicirlles que non teñan medo a intervir, aínda que lles pareza que non está de todo fiado o que queren transmitir.

Moderadora

Mentres as persoas asistentes van pensando as súas intervencións, remite ao lema da mesa –“A oralidade das cantareiras: salvagarda da memoria do pobo. O valor dos arquivos e a súa difusión”– para abordar o tema dos arquivos públicos, mencionados pola mañá ao fío de que soen estar dixitalizados pero aínda así a accesibilidade é relativa. Cita como exemplo o caso do Arquivo Sonoro de Galicia, cun acceso moi restrinxido, como testemuña Richi Casás, quen tivo que conseguir un consentimento de Dorothé Schubarth (aínda viva nese momento) para poder facer copia dunha gravación que esta lles fixera á súa avoa e á súa tía. Outro caso ben diferente é o do APOI, do Museo do Pobo Galego, totalmente dispoñible para o acceso na rede; a

maiores, remite tamén ao que se comentou pola mañá con respecto aos arquivos da RTVG, que imposibilita acceder ás gravacións mesmo sendo intervencións da propia persoa que as solicita. Gustaríalle contraponer esa situación de bloqueo co feito de que na actualidade calquera persoa é un arquivo vivinte, ao ter capacidade para dixitalizar: pode recoller parte da memoria coral da súa contorna ao contar con ferramentas moi potentes para poder gravar e conservar distintas manifestacións da tradición oral, e tamén difundilas, evitando que desaparezan.

Intervención de Lois Toirán

Explica que no ensino público (pon o exemplo do colexio onde traballa) a principio de curso piden a autorización das familias para gravar, expoñer, dar a coñecer, tanto as imaxes como o arquivo sonoro. Todo o que se fai alí está exposto porque contan con ese permiso. Incide na importancia de facelo, na actualidade especificando “arquivo visual e sonoro”, por separado.

Intervención de Ana Cabana

Especifica que tamén no “Terra e memoria” actual se fai, pero das primeiras entrevistas, do ano 87, non hai ningún papel que permita facer nada público, posto que a lexislación é moi garante cos dereitos de intimidade e cos datos persoais. Por ese motivo, hai anos e anos de entrevistas que non poden ser máis que escoitados de xeito privado por un investigador, non se poden subir á rede. Hoxe en día, engade, existen uns protocolos estandarizados polos que a persoa que é gravada permite o uso académico ou cultural, ou outros usos especificados, e reconece que boa parte da confianza coa que alguén concede a entrevista e cede a memoria ten que ver cun bo uso posterior. Todo isto depende de lexislacións superiores que moitas veces parecen contravir o obxectivo das recolleitas, porque son moi garantas coa información, cos datos das persoas gravadas, e co dereito á imaxe. Neste sentido, confesa que cando se incorpora algunha entrevista ao arquivo hai consciencia de que un dos dereitos que se lle dá á persoa, e que pasa ao descendente, é a pedir que se saque do arquivo ou a pedir que se destrúa. A Universidade de Santiago de Compostela ten un comité de bioética polo que pasa cada un dos proxectos que se fan nesa institución, xa sexa con animais, con temas sensibles, ou con respecto ás gravacións que poden comportar datos. Pon un exemplo: se os estudantes de profesorado van coller datos a unha escola, iso ten que ter o permiso do comité de bioética para usar os materiais obtidos, aínda que sexan imaxes nas que non se ven as caras. Insiste en que é un procedemento moi garante polo que, aínda que os medios técnicos actuais superan aos dereitos, os dereitos van diante, e este condicionante atópase en todos estes arquivos con memoria, voz e imaxe.

Intervención de Lois Toirán

Entende que estas limitacións son un problema porque, como dicía unha crianza (nunha gravación que reproduciu Branca Villares no seu relatorio): «É cultura». Polo tanto, el considera que se debería poder usar senón libremente, polo menos para fins educativos, algo básico e fundamental. Non sabe se terá unha solución doada ou non, pero cre que así debera ser.

Intervención de Branca Villares

Está convencida de que tanto o APOI como moitos outros arquivos –mesmo os que están colgados en redes–, dos que beben moitas asociacións culturais, con gravacións das pandeireteiras, non contan con ningún tipo de permiso, e iso é un problema.

Moderadora

Puntualiza que no caso de Dorothé Schubarth, existe a autorización-cesión dela con respecto a eses arquivos, pero non das persoas que gravou. Porén, está todo accesible por agora, e mentres estea aí, pódese consultar.

Intervención de Branca Villares

Comenta ao respecto da presentación que vai haber do *Cancioneiro galego serodio* que fixo Xabier Díaz en Mondariz, que unha das preguntas que tiña para el era sobre isto, pois é unha reclamación lexítima dos herdeiros directos. A seguir, matiza que todos somos herdeiros deses saberes, pero hai unha serie de herdeiros directos cos que ninguén volve contactar nin lles facilita a gravación feita (como ocorreu no devandito caso de Richi Casás, e tantos outros, coas gravacións dos seus avós, das súas avoas). Conclúe dicindo que o tema dos dereitos é moi complexo.

Intervención de Ana Cabana

Engade que non só é o caso do arquivo sonoro, cos arquivos fotográficos é igual, hai que ter o permiso de cada persoa que sae na fotografía, senón non é válido para expoñer. Pon en evidencia que interveñen intereses e dereitos varios, mais que a lexislación é moi clara e pasa por riba das boas intencións culturais.

Intervención de Francisco Torrente, “Pancho”

En relación coa norma garante, opina que hai unha parte de vontade de garantía, si, pero que hai tamén un desexo excesivo de control, unha desconfianza do que pode traer a cultura no exercicio da súa liberdade, de maneira que o protagonismo popular é visto dende o poder como algo que hai que ter controlado para que non se desboque. Pensa que esa é a mentalidade que ten a xente que moitas veces é a encargada de ter ese control, e que ten tendencia ademais a presentar o tema da cultura como diversión, un simple pasatempo, e non como exercicio de reivindicación do protagonismo popular.

Moderadora

Manifesta a súa opinión tamén nese sentido, considerando que esa protección é outra forma de mordaza, de censura, e engade que extrapolando o caso, dun libro pódese facer certo número de copias, entón apréciase outra *vara de medir* para a cultura oral. Dende o seu punto de vista, este é un patrimonio ao que se debería poder ter acceso precisamente cunhas determinadas finalidades, non para facer burla da maneira de entoar, falar ou cantar da persoa, por exemplo, senón para facer un uso que teña que ver coa construción cultural. Remata dicindo que unha cousa é a lexislación e outra é como debería ser a realidade.

Intervención de Branca Villares

Aínda recoñecendo a necesidade de que existan arquivos, pregunta se non será negativa a tendencia actual a rexistrar e gravar en vez de atender, desfrutar e aprender como sempre se fixo. Dende o seu punto de vista existe un excesivo celo agora en canto ao rexistro documental.

Intervención de Ana Cabana

Responde rotundamente non e propón imaxinar un mundo sen APOI. Recoñece que pode ser difícil ir ao Consello da Cultura, pero pódese facer. Porén, pregúntase, sen os arquivos, sen ningún rexistro, cantas cantigas se terían perdido, canta música, canto saber, canta experiencia tería desaparecido se non houberese ese recurso, aínda nas súas formas máis simples: o arquivo familiar, un arquivo comunitario... Aclara que non ten que estar todo nunha institución regrada, pois hai múltiples posibilidades, pero resulta incuestionable que arquivo en si é moito do que legamos. Tanto dende a perspectiva das persoas historiadoras como dende o ámbito da sociedade non gardar rexistros é anular toda unha serie de saberes, de patrimonio bibliográfico, documental, fotográfico, o que sería unha perda monumental.

Engade que hai disciplinas que se moven máis cara a esa idea (non rexistrar) a diferenza da historia, que aínda está focalizada en gravar testemuños porque só nese caso se pode volver a eles décadas despois. Pon como exemplo que unha avoa pode contar á neta, pero talvez xa non á bisneta: se non queda gravado, iso está perdido. Confirma que hai disciplinas, por exemplo a antropoloxía, que consideran que se puxo demasiado interese en atender o proceso mesmo do rexistro, cando habería que fixarse máis na conversa que ten lugar. Porén, admite que na historia aínda se está no punto de poñer a nota ao pé con todos os datos, mentres que na antropoloxía, con dar fe de que o fixo un antropólogo ou antropóloga é suficiente, sen necesidade de referenciar: tenden á observación participante. En canto ao tipo de rexistro, manifesta que hai moita variedade, dende a libreta de notas a outros máis estritos. Nos proxectos nos que é partícipe na actualidade, tratan de gravar imaxe ademais de son, o que resulta un condicionante importante, pois calquera se pon máis nervioso vendo unha cámara, e no mundo rural hai aínda moito menos costume nese sentido. Recoñece que se perde fluidez e agradabilidade, xa non se fai durante un paseo, porque está o aparato: a técnica constrinxen moito, pero prefírese perder iso e gravar, porque o rexistro é fundamental aínda no ámbito histórico. Argumenta ademais, que o rexistro en si mesmo é moi estudable, pois o que se rexistra e o que non é unha decisión social, de maneira que varía dunhas sociedades a outras. Amplía esta idea de ata que punto o rexistro é culturalmente e historicamente significativo lembrando que cando se empezou a gravar en Galicia os primeiros foron os de fóra, como Lomax ou, no ámbito da fotografía, Ruth Matilda Anderson, que veu rexistrar o que aquí pasaba. Conclúe facendo referencia ao grao de drama que sería prescindir dese tipo de fotografía, de todo tipo de rexistro que abre os ollos a como puido ser o pasado.

Moderadora

Intervén para achegar que Branca, co cuestionamento do afán constante por rexistrar, estaba tamén remitindo a unha idea moi presente ao longo da xornada, especialmente pola mañá: a contraposición entre a reprodución constante, cando semella que se apropia alguén do rexistro como se non houberese máis, como única posibilidade, fronte ao que é a recreación, o coñecemento dun produto previo, patrimonial, ao que se suma un proceso de reactualización para facer propia esa peza ou que sexa, e poñela de novo en acción, convertela en algo lúdico, por exemplo.

Intervención de Ana Cabana

Incide en que grazas ao arquivo se pode recrear.

Intervención de Lois Toirán

Declara que el percibe como culpable claro disto ao capitalismo, e remite ao que comentou no seu relatorio sobre a importancia de que as familias e o profesorado se puxesen de acordo, por exemplo para as saídas fóra da aula e actividades complementarias. Porén, o profesorado ten medo a que pase un accidente ou haxa algún tipo de problema involuntario, porque xa se teñen dado casos de familias que tratan de sacar algún tipo de beneficio, aínda máis, el ten coñecemento de que hai avogados e avogadas que se ofrecen ás familias para obter eses beneficios. Entende que logo a administración non se vai expoñer a que aparezan centos ou miles de reclamacións tentando conseguir algún tipo de rédito (cartos), polo que concorda co comentario feito previamente dende o público ao respecto de que se tenta ter todo controlado dende o poder para evitar esas casuísticas.

Intervención de Branca Villares

Puntualiza que, aínda que podía parecelo pola súa intervención anterior, non discute a utilidade e a necesidade dos arquivos, senón que pretendía dar pé á reflexión dado que nos últimos tempos se pon máis énfase na fase de rexistro e catalogación que no propio exercicio da cultura. Nese sentido, compara o afán de atesourar coñecemento descargando todo o posible, co que facía antes algunha xente que acaparaba libros na biblioteca que xamais lía. Concreta aínda máis dicindo que como todo ten que estar dixitalizado e á disposición de todo o mundo, hai tantos relatos da oralidade á man que xa ninguén se senta a contalos, e o mesmo pasa coas cantigas: hai tantas gravadas que non se cantan de cando en vez para recordalas. É dicir, na súa opinión estáselle dando demasiada importancia a esa fase de conservar esta esencia de quen somos, pero a morte de informantes e a perda das que poderían ser as súas achegas, leva pasando dende o inicio dos tempos e vai seguir producíndose, hai que asumilo. Argumenta que ter unha chea de arquivos non garante que haxa unha cultura saneada e en forma, pois a cuestión está no uso que lle dá a todo iso, e se queda no arquivo, na dixitalización, no momento do rexistro, e non se volve sobre eses materiais, non serve. Conclúe que a nosa cultura chegou ata agora e moitas outras culturas mesmo están sobrevivindo sen rexistro de ningún tipo, porque se van transformando co tempo, que é o que pasa cunha cultura viva, vaise transformando.

Intervención de Lois Toirán

Pensa que hai outro aspecto a ter en conta para explicar isto: co tema das Intelixencias Artificiais, as realidades ampliadas, as realidades virtuais... non vai ser moi difícil en pouco tempo (se non se fai xa agora), coller arquivos públicos e crear produtos audiovisuais históricos propios e sacar réditos diso. As IA estanse alimentando gratuitamente da cultura previa e creando novos produtos, polo que el pode entender que, ata certo punto, haxa un control ou que poñan reparos ao acceso libre, aínda que para fins educativos non debería ser así. Considera que habería que regulalo dalgunha maneira, e así que para calquera tipo desas finalidades habería que contar cun permiso especial dos herdeiros que corresponda, e senón os hai, das propias institucións públicas.

Intervención de Cesáreo Sánchez

Fai unha achega abordando varias cuestións: en primeiro lugar, en canto á IA, explica que se está en fase de saqueo por parte das grandes multinacionais, e xa os propios estados están tomando decisións de protección, en concreto nos países do norte, aínda que tamén depende da adhesión que teñen os estados coa escrita, o mundo do audiovisual xa é outra historia.

Puntualiza que os estados e os gobernos soen ser máis proclives a axudar a regular nese ámbito, pero son máis reticentes a todo o que teña que ver coa literatura, onde se tende a ser máis crítico con eles, esta manifestación artística non é nunca moi querida por parte do poder.

En canto ao que se falaba antes, recorda que unha cousa é o respecto á propiedade intelectual e outra é o dereito a acceder a un arquivo en determinadas condicións (se se é investigador, por exemplo), se se trata dalgún tipo de documentación social restrinxida, tipo arquivos secretos. Engade que tampouco é o mesmo acceder para unha investigación que reproducir, e que aí hai moitas variables posibles, como demostra o conflito que *La Voz de Galicia* tivo cun dos seus fotógrafos, Xurxo Lobato, no que gañou o autor, porque a propiedade intelectual da fotografía é de quen a fixo. Comenta que, pola súa propia experiencia en *A Nosa Terra* durante 20 anos, sabe isto, pero, non obstante, hai casos moi diversos como ocorreu con Luísa Villalta: persoas que coma el tiñan fotos coa autora por convivio literario ou vivencial, deixáronas na AELG en acceso aberto, por suposto, respectando o nome do fotógrafo, que é importante, do mesmo xeito que nas traducións o é que apareza quen traduciu o libro. Porén, considera que chegado un determinado momento debe priorizarse o dereito á información, un dereito social, público, ademais da accesibilidade investigadora. Logo reconece que os temas de publicación de fotos xa é outro territorio distinto, aínda que lle sorprende o requisito de que cada un dos que aparece na fotografía teña que autorizar se a foto foi autorizada no seu momento. Dende o seu punto de vista, se foi feita a foto, despois o herdeiro pode dicir o que sexa, pero enténdese que a persoa si a autorizou, se se puxo alí con quince máis, e reproduciuse en función de que está aí nese sentido. En calquera caso, sabe que hai moitas casuísticas diferentes e unha lexislación moi complexa.

Volvendo ao tema da IA, explica que a AELG está traballando coa dirección de CEDRO e hai casos onde se vai levar ao estado aos tribunais, como está pasando en Alemaña... os autores ante a conducta de estados como Francia ou Alemaña están protexéndose. Engade que aínda que hai compensacións cara aos autores e autoras, na enquisa que se fixo o 90 e tantos por cento non quere autorizar que a obra propia sexa reproducida pola intelixencia artificial, pois supón perder o control sobre o texto (poema, novela) para sempre: dende o momento en que entra en fase dixital poden facer dela un saio. Alude a outras cuestións como a especialización nese sentido que está tendo lugar en Dinamarca, ou de que maneira tamén afecta á defensa dos idiomas, pois que alguén se negue a que o traduczan pode ser unha maneira de protexer unha lingua, aínda que sexa individualmente. Di que no último Galeusca houbo unha mesa específica sobre as linguas minorizadas o tema da IA, porque quedar fóra dela tamén é outra forma de minorizar. É un tema moi importante para o dos saqueos –pon como exemplo coller a Biblioteca Nacional enteira– porque despois con toda esa información elaboran produtos propios. Comenta que hai moito medo, polo que se chega a acordos secretos coas grandes plataformas para non desaparecer, porque un Amazon é capaz de meter en IA todo o actual e o histórico do *New York Times* e elaborar producións que compitan co propio xornal. Conclúe anticipando que estes temas de actualidade vanse resolver nos tribunais, con xuízos de centos de millóns de euros. É un proceso que está empezando agora.

Intervención de Santiago Veloso

Anticipa que non pretende cambiar de tema, e pon en valor os tres relatorios previos á mesa, cada unha no seu ámbito. Comenta, con respecto á de Branca Villares, que lle pareceu interesantísima a estratexia que seguiu para levar a patrimonialización ás escolas, o feito mesmo de que a través dese cuestionario, parecíanse informacións que non se procuraban, como as historias da guerra, da emigración... Considera que concienciar do valor do patrimonio cultural

resulta difícil ata para os adultos, e moito máis transmitirillo á xente máis nova. Nese sentido, a espontaneidade da rapaza que di “Avoa, isto é cultura”, reivindicando esa cultura invisible, parécelle marabilloso, ao igual que o feito de que este ano dedicado ás cantareiras lle servise para entrar co patrimonio inmaterial nas escolas. Segue recollendo unha reflexión xa feita nese relatorio: a oralidade é un ámbito do patrimonio inmaterial, pero o patrimonio inmaterial é moito máis ca iso, a proba é que despois desa recolla da oralidade veñen saberes, historias de vida, moitas cousas que están aí arredor da escola. Tamén concorda coa importancia dos arquivos e máis ante a ameaza da IA para a autoría, como expuxo Cesáreo. Por último, convida a reflexionar sobre o feito de que todo o patrimonio inmaterial que é de todos e non é de ninguén, agora parece que hai quen que se preocupa de rentabilizalo e que ao mellor saca bastante diñeiro aproveitando o anonimato deste patrimonio diluído nas comunidades e nas persoas.

Intervención de Ana Cabana

Confesa que se vai apropiari dunha frase que leu nalgures, aínda que non é quen de referenciar os datos correspondentes, e dicía máis ou menos “*Fomos tan listos para crear algo como a intelixencia artificial pero somos tan bobos como para depender dela*”. Neste punto entende que hai que darlle moitas voltas á cuestión da propiedade, na liña tamén do que comentaba antes Cesáreo: non pasa nada cando se fai unha gravación da feira de Meira, sobre un entroido do Ulla ou sobre a primeira vez que puxeron bikini en Foz, os problemas xorden cando un veciño nomea os perpetradores na Guerra Civil, ou cando nunha documentación aparece alguén da guerrilla ao que pasearon nun paredón, e a familia intervéñ. Evidentemente, esa foto ten un valor un histórico, pero a familia non quere ver así ao seu avó ou ao seu pai. O mesmo ocorre cunha foto dos de Falange: agora os fillos ou os netos teñen dereito a dicir esta foto non se difunde. Engade que, mentres que ninguén ten un problema ao recoller unha muiñeira concreta para unha difusión posterior, por exemplo, non ocorre o mesmo cos temas sensibles, para os que está feita a lexislación. Porén, ela ten claro que, como as leis non están matizadas por temas, afectan a todo o mundo, e moitas veces hai historiadores con problemas por dar nomes. Realmente, o que permite despois facer divulgación é ter un permiso, sen el quen difunde á responsable, e pódese dar de fronte con herdeiros que entenden que danan o seu honor, xa non o dos seus antepasados.

Intervención de Branca Villares

Achega un apunte máis, apoiándose no documental Lévame a idea, onde Felisa Segade e Bea Busto falan disto e din que se polos herdeiros das pandeireteiras fose, non habería memoria delas rexistrada porque había unha vergonza terrible dentro das familias por parte das xeracións que non viviran iso que as avoas facían. Considera paradoxal que precisamente os dereitos da imaxe delas sexan dos herdeiros, e, nese sentido, agarda que con todo o que pasou este ano esa xente empece a entender o valor que realmente tiña, senón, algo se fixo mal.

Intervención de Nela Valado

Defende o dereito ao recordo, en relación con todo o que se está a falar e establece un paralelismo coa historiografía, onde ás veces se establecen máis límites, aínda que ela cre que son os mesmos: as familias borbónicas ou doutro tipo, herdeiras dos monarcas, seguramente non lles gustará que se conten as partes feas. Estima que co tempo será necesario evolucionar na normativa para diferenciar entre protección da persoa, a protección de datos, por unha parte,

e o dereito ao recordo que ten a sociedade, precisamente a partir deses arquivos que ao mellor existen 70 anos para que se poidan abrir, por outra. Engade tamén que hai outro movemento interesante na actualidade que reivindica que a cultura é de todos, e iso percíbese na dinámica de compartir arquivos nas redes, que se alimenta co voluntarismo de moitísima xente a nivel internacional (sóbense libros, audios e arquivos sonoros). Remata reiterando que no actual contexto de aldea global ten que evolucionar a situación nese sentido, para combinar o dereito a alimentarse as sociedades da súa herdanza, e por outro lado, a protección ás persoas.

Moderadora

Ao fío do que se está a dicir, manifesta que tamén eses dereitos dos herdeiros, dalgunha maneira supoñen unha terxiversación da historia, porque permiten que teña lugar un silenciamento, e aclara que no momento en que un herdeiro pode decidir que determinado material documental do tipo que sexa non transcenda, mesmo que sexa destruído, no fondo deixa quedar á sociedade só cunha versión do relato, que acostuma ser a que xa se tiña.

Intervención de Cesáreo Sánchez

Achega información detallada que exemplifica como as decisións de familiares de persoas falecidas, neste caso de dous autores –Ramiro Fonte e Luísa Villalta– repercuten negativamente na difusión da súa obra, de maneira que limitan a súa representatividade ou permiten que sexa utilizada dende posicións que non se corresponden cos ideais desa persoa. Nese sentido considera que moitas veces os herdeiros son os verdadeiros inimigos da obra dos autores, e fai referencia brevemente ao labor de mediación que el realiza en temas de dereitos de autor, con CEDRO, non tanto polo posible beneficio económico, como pola protección legal da obra, para evitar casos de saqueo.

Moderadora

Propón, para ir pechando, aproveitar o tempo que queda para que se aborde a experiencia de recollida como valor en si, e anima a que haxa intervencións nese sentido, para amosar de que maneira o feito mesmo de participar nunha recolleita, por moi precaria que esta sexa, mesmo no nivel íntimo e familiar, ten un valor extraordinario para a persoa que a fai, independentemente de que logo non faga difusión dese material.

Intervención de Branca Villares

Aproveita para falar, porque foi unha das partes que tivo que obviar por falta de tempo no relatorio. Resalta o valor da vivencia aínda que non se interiorice no momento no que se produce, nin ao mellor a curto prazo, porque a importancia que se lle dea non vai depender do que diga outra persoa sobre o valor patrimonial que ten. En concreto, no seu caso, as enquisas que facían os rapaces non estaban determinadas por concretar os ítems que ela lles propoñía, senón que a rapazada gañaba en autoestima cultural pola experiencia, mesmo se non se fixese nada despois con esas gravacións porque facer unha entrevista que dá lugar a recuperar memoria intrafamiliar e comunitaria é o valor en si. Pódense sacar mil aprendizaxes pero o importante é vivilo no momento, e pon como exemplo todas as persoas que tiveron o sentimento de ser un pouco netas das señoras que lles cantaron, que as acolleron e compartiron información desinteresadamente. Isto resulta máis relevante aínda cando se trata dunha persoa próxima a quen recolle.

Intervención de Lois Toirán

Le a cita “Queremos advertir da importancia que a integración do pasado ten para o benestar presente e futuro das persoas, *un pobo que perde a súa lingua e a súa cultura é un pobo condenado a non saber quen é e unha persoa que non sabe quen é non pode contribuír con nada de orixinal ao destino da humanidade*”, e explica a continuación que iso é dunha nota oficial do colexio oficial de Psicólogos de Galicia. Confesa que se trata dun documento que xa ten os seus anos, pero xa se refire é cuestión de identidade, entendendo que a identidade é benestar. Engade que nunhas xornadas que se fixeran na Escola de Formación de Profesorado, o presentador, Rodríguez Lestegás, dicía que todas as violencias que el observaba se producían pola falta de raíces, pois cando as persoas non saben quen son, nin de onde veñen eses valores son substituídos por outros que non son mellores. Polo tanto, conclúe, isto tamén é cuestión de supervivencia.

Intervención de Ana Cabana

A partir do seu coñecemento ao respecto, pois dende hai moitos anos a actividade de facer unha entrevista ao alumnado forma parte do traballo de determinadas materias, sabe que se trata dunha das experiencias máis ricas para a xente que pregunta e para a xente que é preguntada, que por primeira ten espazo e adquire importancia, ata o punto que ela fala de “empoderar esa memoria”. Incide na importancia que ten a posteriori, pois ten encontrado xente que tempo despois lle confesou o inmenso valor que lle deu a unha cinta que lle permite recordar como falaba a súa avoa, por exemplo. Non ten dúbida de que iso é impagable a nivel emocional, moito máis que para a historia, porque igual o que contou esa persoa –a fame dos anos corenta– non descubriu nada para a historiografía galega, pero si resultou unha achega para a súa casa, para a súa familia. Remata insistindo en que é riquísimo a nivel persoal para a xente que fala, os portadores do saber, pero tamén para a que pregunta, para calquera das dúas partes.

Intervención de Branca Villares

Fai un pequeno inciso para pór en valor a importancia de verbalizar o que fose pese á vergonza.

Intervención de Carmen Simón

Achega para a reflexión algo que leva moito tempo pensando como ensinante de linguas, que é a importancia que sempre se lle deu á canle escrita fronte á canle oral, que realmente apenas se ensinaba, non se traballaba especificamente, pois entendíase que por non ir á escola non quedou ninguén sen falar (salvo casos terapéuticos). Confesa que sempre lle chamou a atención que, non obstante, no ensino das linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés, si que se lle daba moita importancia, falábase de destrezas, da importancia do canal oral, de falar, de escoitar; está claro que hai unhas habilidades que se poden ensinar, e polo tanto, se poden aprender. Considera que existe un paralelismo na sociedade entre o papel e a importancia que sempre tiveron os homes fronte á insignificancia das mulleres. Alegrouse de que este ano as mulleres empezasen a brillar por todas partes, e pensa que quizais sexa tamén porque a oralidade vai alcanzando a importancia que realmente ten e debe ter en toda a sociedade. Engade, por outra parte, que quería resaltar o valor do recordo e da memoria, e de que xeito actividades feitas por moitas mestras e mestres incidiron niso. Pon como exemplo a elaboración do calendario do colectivo Estiño, que vai facer 50 anos que existe, no que ela participou e que

servía nas escolas como pretexto para facer todo este labor, porque elaboralo sumaba as achegas de todas as aldeas onde os nenos e nenas recollían información. Explica que non estaba tan sistematizado como a proposta de Branca, pero unhas veces eran os refráns, outras os costumes, outras o propio vocabulario... o foco de atención para o calendario. Conclúe que xa tiña como obxectivo acubillarse baixo o paraugas da oralidade, polo que se sente moi satisfeita do traballo feito, e de ver que hai continuidade, que se avanza no sentido de non perder a memoria, que tan importante é. Remata parabenizando ás relatoras polo seu labor.

Intervención de Branca Villares

Confirma que se trataba duns calendarios maravillosos que ademais incluían moitas coplas.

Intervención de Alba María

Manifesta que con respecto á importancia das recolleitas, quería referir tres momentos como improvisadora oral que amosan esta actividade dende tres ópticas diferentes: o primeiro cadra cunha improvisación dela con Lupe Blanco nestas xornadas, que foi a primeira vez que houbo transcripción, algo que as improvisadoras orais refugan porque o valor do que fan é outro moito máis complexo, que supera a letra e a melodía e que perde moitísimo cando se transcribe. Porén, reconece que esa conversión escrita valeu para que unha compañeira delas presentase un traballo analizando a estrutura da regueifa, grazas a que existía esa gravación, con erros incluídos, que quedaron para a posteridade. A continuación, remite ao segundo momento, no que se conseguiu romper o mito de que o brindo, que é o gran xénero da improvisación oral da provincia de Lugo, é un xénero “riquiño”, a versión riquiña da regueifa, o que non era certo. Aclara que o que ocorría era que o único home ao que se lle recolleu durante anos, Antonio Río Montero, “O Ribeira de Louzarella”, co que se fixo algún libro, e que se entrevistou, tiña ese carácter, e converteuse na metonimia do brindo. Comenta que esa interpretación mudou indo improvisar con el, en vez de facer unha recolleita unicamente observadora, de maneira que ao participar con el, que vivía só en Pedrafita do Cebreiro, conseguíronse outras temáticas, outras fórmulas, que é algo que lles gusta moito ás analistas da lírica, porque é o que permanece dentro da improvisación oral, as pequenas fórmulas dos versos. Dese xeito, conseguiron ampliar a óptica con respecto a ese xénero oral, e explica que o terceiro momento consistiu, xa nos anos 2000 máis ou menos, en devolverlle ao brindo un dos seus contextos máis habituais, como en toda a improvisación oral, que é o contexto de comensalidade, sen o cal non se entendería moitas das temáticas. Detalla que indo polas casas, unha a unha, os seus compañeiros investigadores, descubriron, como era de supoñer, que “O Ribeira de Louzarella” non era o único improvisador nin o único brindeiro, e conseguiron extraer novas fórmulas, novas temáticas, e fixeron unha gravación na que os improvisadores –puntualiza que usa o masculino á mantenta porque non había improvisadoras que se atrevesen a saír en público–, puideron coñecer outras caras diferentes dese xénero... Pecha a súa intervención aclarando que a lírica non é só algo fixo, é algo que non é que se transforme, e que se crea no momento: “pasa” no momento.

Moderadora

Agradece estas últimas intervencións que supoñen o peche das xornadas, antes de darlle paso ao obradoiro de Jara Ortiz. Agradece tamén ás persoas que participaron na mesa cos seus relatorios (Lois Toirán, Ana Cabana, Branca Villares), á organización, á AELG, á Deputación por ceder o espazo, ao equipo técnico (Brais, Miguel, Úrsula), a Lois Pérez que estivo pola

mañá, e a todas e todos os asistentes. Agarda que o próximo ano haxa outras xornadas coma estas e lembra que estará dispoñible na rede a gravación coma a destes anos para que quen queira poida acceder a ela.

Extrae como conclusións mínimas ao respecto do todo o que se debullou ao longo do día que a oralidade e a narrativa tradicional debe encamiñarse máis cara á recreación (no sentido de crear de novo) e non á reprodución, ao estatismo: débese facer propia esa tradición e desa maneira tamén vai ser unha aprendizaxe vivencial e significativa, que é o obxectivo. Para iso precísanse espazos e tempos para ofrecer un contrarrelato, que é especialmente importante; está moi ben o activismo, pero non se pode esperar que o camiño sexa exclusivamente ese.

Por último, admitindo que abusa da confianza, exemplifica a extraordinaria experiencia da recolleita a partir do seu caso particular: con súa nai e súa tía, nos seus últimos tempos, tivo a ocasión de recuperar un par de coplas que falaban das “tecelás”, porque a nai delas fórao. Aínda que a tía non as cantaba, tíñaas gardadas, verbalizábaas. A moderadora conta que lles engadiu unha melodía que coñecía, que foi a da costureiriña de Fuxan, e rematou cantándolla á súa nai case coma unha nana nos seus últimos tempos. Engade que tivo a sorte, a maiores, de que Alba María rematou converténdoa de verdade nunha canción de berce xunto con outras coplas que son a memoria da súa familia máis próxima, xa desaparecida. Pídelles a Branca e a Alba María a acompañen para entoar unha delas nesta ocasión:

*Costureira non a quero
que a quero tecelana
baixa un pé e ergue outro
e ten bon durmir na cama.*

Conclúe lembrando que as recolleitas son unha experiencia brutal que permiten darlle múltiple funcionalidade a todo aquilo que se herda, cando se recrea e se fai propio.



Cantareiras: o poder da poesía do pobo (sesión práctica)

Jara Ortiz

Comeza botando unhas coplas:

*Aquí vin, aquí cheguei
aquí me mandaron vire
aquí está meu corazón
se o queren recibire* (bis os dous últimos)

*I agora comezo eu
viva o meu atrevemento
onde non son coñecida
tomarei coñecemento* (bis os dous últimos)

A seguir, saúda ao auditorio e preséntase. Manifesta a súa satisfacción tanto por estar nas Xornadas como polo feito de que este ano se dedicasa o Día das Letras ás cantareiras. Comenta que o obradoiro que trae tamén o leva aos centros educativos.

Fai unha pequena introdución lembrando que as cantareiras son mulleres anónimas que transmitiron moita sabedoría, e que facían a festa para elas. Reivindica a idea “da festa para quen a traballa”. Aclara que a RAG nomeou mulleres concretas para a súa homenaxe, o que é moi importante, porque elas non acostuman a estar na historia oficial, pero lembra que cantareiras “foron, somos e serán” moitísimas máis que as referidas expresamente pola Academia.

Engade tamén que recibiron ese recoñecemento por seren as cantigas poesía oral popular, que se transmite de boca en boca, sen estar escrita. Achegarse a ese formato de xeito natural, escoitándollo a outras persoas, é algo que se recorda sempre.

A continuación, vai preguntando ao público a diferenza entre unha cantiga (peza completa) e unha copla, anima a poñer en común outras denominacións que reciben as coplas (cantareas, cántegas, leilías) e explica, en canto á estrutura, que a copla que se repite recibe o nome de retrouso. Achega como curiosidade o feito de que as pezas tradicionais non teñen unha temática unitaria como ocorre en pezas máis modernas, se non que cada copla trata da súa cousa, polo que son doadas de intercambiar nas pezas, que se poden refacer, recrear ou improvisar, o que supón moita riqueza e potencia a creatividade.

Segue inquirindo ao auditorio para dicir cales son os temas máis habituais nestas composicións –a vida cotiá, o amor ou o desamor, os traballos, as referencias aos bailadores/as– e expón que nalgúns casos reflicten pensamentos ou verdades absolutas, porque hai moita sabedoría neses versos populares.

Pregunta tamén pola finalidade que tiña o que facían as cantareiras, e ademais de servir para o baile, lembra que tiña outras utilidades: había arrollos para as crianzas, cantos para traballos coma a sega ou para festexar a colleita; por suposto, incide na súa funcionalidade no ámbito do lecer, lembrando que antes non había máis música que a que podían facer as persoas que participaban nos seráns ou nas vodas (caso das regueifas). A festa por excelencia era a foliada, termo moi coñecido pero tamén presenta outras nomenclaturas (fiadeiro, polavila, filandón, ruada... na súa zona, Ferrol, chámanse repichocas).

Outra das cuestións que comenta é a importancia das pandeiretas, aludindo ás partes que as compoñen, e sobre todo á especificidade do toque que se fai en Galiza: aquí en xeral cóllese coa man hábil e tócase coa non hábil, e tócase co peso do instrumento, ao contrario que o que se fai noutros sitios do mundo (Asturias, País Vasco, Brasil, Países Árabes, por exemplo).

Remata a súa introdución ao mundo das cantareiras lembrando a importancia dos muíños como espazos de celebración, e aproveita para pedir ás persoas presentes que reproduzan ese o seu son característico (“tacadá, tacadá, tacadá, tacadá...”), ao tempo que comeza unha muiñeira coa pandeireta. Engade que este instrumento está vencellado á muller e aos traballos do campo, nos que se cantaba, por iso empeza a parte práctica cun par de coplas en relación. Primeiro comparte o texto, logo a melodía, e a continuación, anima ao auditorio a interpretarlas:

*Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada* (bis os dous últimos)

*Unha noite no muíño
unha noite xa é bastante
unha semaniña enteira
esa non hai quen a aguante* (bis os dous últimos)

Despois, anticipa que se van cantar outras cantigas que escolleu por preferencias persoais ou ben por estar recollidas das mulleres que foron homenaxeadas no 2025. Ao compartir esas pezas, realízase un traballo oral e de memoria. A primeira delas refírese a un lugar concreto (Mens), algo que ela pon en valor. De novo, a dinámica é dicir primeiro as coplas, logo presentar a melodía (cun retrouso de alalás neste caso) e, dende que o público xa está familiarizado co texto e a música, interpretarlas colectivamente.

*No lugariño de Asalo
paseio de pedra en pedra
cunha variña na man
e unha cinta verde nela (bis os dous últimos)*

*Axúdame compañeira
dáme aquí unha axudiña
que eu non me podoo axudare
desta miña gargantiña (bis os dous últimos)*

*Toca miña pandeireta
se non heite de rachare
que me custaches os cartos,
axúdamos a gañare (bis os dous últimos)*

*Moito miras para min
moito me chiscas o ollo
voume xa a despedir
non podoo atender a todo (bis os dous últimos)*

A seguir, propón outra cantarea, desta volta unha muiñeira de Rus, da zona de Carballo. De novo vanse cantando unha a unha despois de achegar as coplas e a melodía correspondente:

*Axúdame compañeira
compañeiriña leiale
axúdame compañeira
non me deixes quedar mal*

A volta desta peza tamén é sen texto, do tipo “ailalará ai a la la”. Jara convida ao público a bailar antes de comezar coa segunda copla, á que reconece que lle fixo un cambio no último verso. Logo desta, van as seguintes, ata a do final, con alusión á despedida, algo habitual:

*Unha boa cantareira
téñoa de par de min
se me preguntan por ela
direilles que está aquí*

*Pos o sombreiro de lado
porque es fillo de rico
pódelo poñer ao dreito
que eu de ti non necesito*

*Miña gargantiña rouca
Miña gargantiña rouca
quen che me dera cambiare
esta garganta por outra*

Vou a dar a despedida

*por riba dunha cereixa
eu quería marchare
o corazón non me deixa*

A terceira peza que achega para o obradoiro é unha xota, da zona de Pontevedra, de Folgoso. Unha vez máis presenta o texto, logo a melodía e o retrouso, e logo xa propón interpretala ao público. Nesta ocasión resalta a importancia das compañeiras, no canto e na vida, tan presentes no cancionero popular:

*Axúdame, compañeira
Axúdame, camarada (bis os dous)
Axúdame, compañeira
a facer a foliada (bis os dous)*

*Estas si que son follas de olivar,
comer e beber e non traballar
e non traballar, e traballar non
estas si que son follas de limón.*

*Unha pera, dúas peras
non tiña máis a pereira (bis os dous)
unha para a miña prima,
outra para a compañeira (bis os dous)*

*Estas si que son...
Algún día por te vere
abrín portas e ventanas, (bis os dous)
agora por non te vere
tódalas teño pechadas (bis os dous)*

*Estas si que son...
Vou a dar a despedida
que me parece que veñen (bis os dous)
o moito cansa e enfada
o pouco parece benhe (bis os dous)*

Como houbo quen se animou a bailar, Jara Ortiz agradece ás bailadoras a súa colaboración, porque “isto xa era unha foliada”. Para rematar, vai unha muiñeira, da que explica que ten coplas dun poema de Rosalía (“Airiños, aires”), porque lle pareceu acaído falando de muller e oralidade traer algo da autora. En canto á melodía, tirou dunha música tradicional con algún arranxo propio. A primeira estrofa recítaa, non a canta, comeza no retrouso:

*No rosal da miña vida
loucas ilusións cantaron
a dor tiroulle unha pedra
ai de min todas voaron
Ai a la...*

*E que ventara ou chovera,
e que ventara ou chovera
onde todo canto miro
todo me dice estranxeira*

*Ai, con que prisa voara,
toliña de tan contenta, (bis os dous)
para cantar a alborada
nos campos da miña terra!
Ai a la...*

E que ventara ou chovera...

*Se pronto non me levades,
morrerei de tristeza (bis os dous)
soía nunha terra estraña,
donde estraños me alumean.*

E que ventara ou chovera...

*Agora mesmo partira,
partira como unha frecha (bis os dous)
sin medo ás sombras da noite,
sin medo da noite negra.*

E que ventara ou chovera...

Jara Ortiz despídese lembrando que esta peza é popular, aínda que estaba escrita, e fai un agradecemento final.

Biografías das representantes das entidades

Iria Castro Fernández



Deputada de Cultura da Deputación de Lugo.

Cesáreo Sánchez Iglesias



Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín-Irixe, 1951) é autor dunha ampla obra, principiada en 1978 con *Silencios e conversas de inverno*. Estudou Arquitectura Técnica e Socioloxía e Ciencias Políticas en Madrid e foi un dos fundadores da Agrupación Cultural Lóstrego, que presidiu. Continuou a manter unha posición dinámica dentro da creación do movemento asociativo cultural durante a transición, colaborando na formación da Agrupación Cultural Avantar, do Carballiño.

Foi director de Edicións A Nosa Terra e presidente do semanario do mesmo nome. Traballou na Oficina Técnica de Arquitectura da Xunta de Galicia.

A súa poesía, varias veces premiada, caracterízase por unha elaboración en chave simbolista e evocativa, realizada en versos breves. Está considerado un dos nomes máis relevantes da promoción poética da década de 80.

Despois de participar en diversos Consellos Directivos da AELG, desde 2005 é o presidente da entidade.

Biografías das relatoras e coordinadores

Adrián Méndez



Adrián Méndez Fernández, 1996 A Fonsagrada. Dende entón, a miña vida está fundamente vencellada á música, á cultura popular e á memoria oral. Son músico –gaiteiro e zanfonista no grupo De Ninghures–, profesor de baile tradicional e investigador da cultura popular, campos que combino coa produción cultural e o ensino.

Levo anos traballando na divulgación e transmisión das nosas músicas e bailes tradicionais, tanto dende a aula como nos escenarios, festivais e obradoiros. Fun profesor de música en secundaria e de baile tradicional en diferentes vilas e centros culturais na provincia de Lugo, e imparto regularmente obradoiros e palestras sobre o patrimonio inmaterial galego.

A nivel académico, formeime en Historia e Ciencias da Música pola Universidade de Oviedo e completei o mestrado de Profesorado. Tamén tiven a sorte de estudar na Universidade de Lisboa, onde profundei no coñecemento da música tradicional dende unha perspectiva internacional.

Na área cultural, fun parte de numerosos proxectos: desde arquivista e colaborador no APOI do Museo do Pobo Galego ata a produción en festivais como o TradFest, traballando tamén con artistas como Abraham Cupeiro ou Sheila Patricia e tamén en cine con directoras como Jaione Camborda (*O Corno*) e Sonia Méndez (*As Neves*). Dende 2015 coordino a Foliada da Fonsagrada, festival que naceu co obxectivo de revitalizar a nosa cultura local e que se converteu nun referente.

Na actualidade, ademais de docente, son presidente da A.C. Petapouco e a Destempo da Fonsagrada. Levo o *management* de grupos como Irmaus da Raia Seca. Tamén estou preparando a publicación do meu primeiro libro, centrado na recuperación da memoria de Modesta Fernández, violinista da Fonsagrada, unha figura esquecida que merece ser recoñecida. E finalmente, estou na produción documental *360 curvas* que conta a historia da vila da Fonsagrada dende 1992 até o día de hoxe.

Almudena Falcón



Chairega, de Cospeito máis concretamente. Estudou Filoloxía Clásica na Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente exerce como docente de lingua galega no IES Basanta Silva de Vilalba, onde mobiliza ao seu alumnado coa regueifa, como colaboradora do proxecto Enreguéifate. Tamén ten colaborado en publicacións colectivas como *Manuel María. Libro colectivo de homenaxe* (Deputación de Lugo, 2017) ou *Cantos de dor e esperanza. Voces galegas por Palestina* (Tempo Galiza, 2024). En solitario publicou *Flocos de millo* (2020).

Tereixa Novo



Nada en Doncos - As Nogais no 1956. Infancia feliz, vivindo e participando aínda, os últimos coletazos do noso mundo rural tradicional.

Curso maxisterio en Lugo, e no 1978 empezo a miña andaina como mestra en VILELA de COUREL. Despois virían: Tuiriz, Os Peares, Preescolar na casa, Monforte de Lemos, As Nogais, Fisterra e Compostela, onde remato o meu periplo docente.

No 1971, estando estudando en Lugo, participo da fundación e inicio dun grupo folk que pouco máis tarde daría lugar a Fuxan Os Ventos. Dende aquela ate hoxe, hai 54 anos, parte fundamental e transversal na miña vida.

No 1977 coñezo á que sería a persoa máis importante e determinante para min: Moncho Díaz, con quen caso no 1979. Un ano antes, no 78, Moncho entra en Fuxan. El sempre dicía que entrou por consorcio, pero pronto se demostrou que o fixo por méritos propios e máis que merecidos.

Temos dúas maravillosas fillas Noa e Faia, coas que vivimos e compartimos os sabores e sen sabores de Fuxan os Ventos e o andar de escola en escola e de lugar en lugar, en función de onde me levaba a miña profesión, e que nos deron un neto –Mateo– e unha neta –Maruxa–, que son os nenos dos meus ollos, e polos que teño o pesar, mutuo, de que non puidesen desfrutar máis co avó Moncho, que faleceu en febreiro de 2023 vítima do puto cancro, e das negligencias e recortes do sistema público de saúde, deixando ó seu arredor unha enorme dor e un oco imposible de encher.

É en Fisterra onde inicio outra faceta miña, non menos importante cás outras. A Política activa: Sindicalista da CIG-ENSINO, Concelleira de cultura en Fisterra polo BNG, Membro do Consello Nacional e da súa Executiva, Deputada no Parlamento Galego e Delegada provincial da Vicepresidencia da igualdade e do Benestar na Coruña co BNG no Goberno Bipartito.

No 2009 co remate do Bipartito deixo a política activa e regreso ó ensino e ó coidado: de min mesma (que me facía moita falta), de miña mai, e máis adiante no 2017, converténdonos en familia de acollida. Desde aquela ate hoxe coidamos a Nico e despois a Elidh e Lisze, das que sigo sendo a súa mamá-avoa, agardo que por moito tempo. E como son unha persoa moi argalleira, “emprededoras” se chaman agora, inda que eu sempre digo de min: “Que sempre fun un cu inqueda, das que moito abarca e pouco apreta”, compatibilizándoo con todo o anterior: hostaleira e feirante. Agora tamén teño que engadir “relatora”.

Branca Villares



Cantareira e música, mestra de canto tradicional e divulgadora do folclore galego, foi partícipe de Colectivos Culturais como María Castaña e Reviravolta e dos grupos como Liñaceira e Eudemónicas. Coa súa polifacética actividade contribuíu á formación de moitas persoas na música tradicional. Defende a vertente lúdica e sociocultural da música e a aprendizaxe do tradicional, combinando a festa e a análise crítica, involucrando o seu alumnado en traballos de investigación

sobre a representación das mulleres nas coplas tradicionais, por exemplo. Pertence á Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e responsable da organización destas Xornadas.

Lois Manoel Toirán Vázquez



(Lugo 1967).

Natural de Lugo cidade, actualmente vivo en Baralla onde traballo como mestre de educación primaria no CPI.

Dende cativo introducíame pouco a pouco no mundo da radioafeción ao tempo que facía algún programa de radio en emisoras piratas en Lugo.

Durante un ano aproximadamente traballo en RNE mentres continúo cos estudos.

Coa formación universitaria, a obxección de conciencia militar e relixiosa iníciome no traballo ambiental, pacifista, sindical e mesmo político. Na Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en Lugo e no Grupo de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel constato que para unha formación profesional máis completa é fundamental o traballo social.

Inicio o traballo no programa de radio Cerna de ADEGA en diferentes emisoras locais galegas. Nun tempo máis próximo seguirá o traballo en Ponte... nas Ondas, asociación cultural galego-portuguesa. Paralelamente participo actualmente na asociación ARCOA, Asociación de Radio da Comarca dos Ancares de recente creación.

Logo da chegada de Maxín e Uxía faise obrigada a participación tamén na Asociación Galega de Pais e Nais Separados por un longo período de tempo, onde a formación en igualdade de nenas e nenos fíxose prioritaria.

Dende hai 5 anos o labor en radio escolar fíxose máis intenso e actualmente no meu centro unha das áreas de estudo chámase así, Radio, dentro do horario escolar.

Nela o patrimonio inmaterial e a ciencia son os aspectos fundamentais nos que asenta ao igual que se trata de facer na práctica educativa.

Ana Cabana



Ana Cabana Iglesia (Castro de Rei, Lugo) é Doutora en Historia pola USC e Profesora Titular do Departamento de Historia desta universidade no Campus de Lugo. Membro do Grupo de Investigación Histagra (Historia agraria e política do mundo rural. S. XIX e XX), do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Actualmente codirixe a Cátedra Juana de Vega e é membro do grupo de innovación docente Xuvenciencia.

As súas liñas de investigación prioritarias son o estudo das actitudes sociais durante a ditadura franquista, a análise da conflictividade rural durante o franquismo e a transición á democracia e a historia das mulleres e do xénero en relación coa sociedade rural do século XX.

Fixo estadías de investigación e foi profesora invitada en varias universidades europeas e

estadounidenses.

Entre as súas publicacións máis recentes: *Mujeres e Agricultura na política española do século XX* (Cátedra 2024, en coautoría); Ponte Sampaio, 1965. *(Des)memoria das loitas labregas durante o franquismo*, en Grandio Seoane, E. (coord.), *Pasado arrincado. Lugares de memoria democrática en Galicia*, Vigo, Galaxia (2024); “*Las mujeres del campo se han ocupado de los quehaceres domésticos y de ayudar en las faenas agrarias*”, en Archilés Cardona, F. e Sanz Hoya, J. (coords.), *Mentiras, lugares comunes y medias verdades: Género, nación y política en España*, Madrid, ediciones de La Catarata (2025).

Jara Ortiz



Cantareira, percusionista, arranxista, compositora e divulgadora musical. Investiga no eido do canto e das músicas tradicionais para recuperalas e traelas ao presente cun son actualizado. Foi voz principal e percusionista do grupo folk Habelas Hainas, creado dende unha ollada feminista e social. Na súa traxectoria une a fondura das músicas de raíz e doutras músicas ao vivo. Na actualidade ten varios proxectos para crianzas onde divulga a música tradicional, a perspectiva de xénero e a literatura. É mestra de canto tradicional e pandeireta dende hai dúas décadas en diversas asociacións e escolas do país

e ten colaborado con Uxía Senlle, Susana Seivane, Xabier Díaz ou Xisco Feijóo.

Lois Pérez



Lois Pérez (Lugo, 1979) é mestre, contador de historias, poeta, escritor e guionista. No eido da dramaturxia gañou en 2008 o Premio de Teatro Radiofónico da Radio Galega con “Saltimbanqui” (Xerais, 2008), dirixida e adaptada por Quico Cadaval. Como poeta publicou *LP* (2013), *Long Play* (Xerais, 2017) e *Lugo Philadelphia* (Xerais, 2023), con fotografías de Alba Díaz. En 2017 gañou o Premio aRi[t]mar ao mellor poema editado en Galicia nese ano por “*Blues do rei Bergman=B.B. King*”. Coordina a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e, no eido do ensino público, traballou e promoveu diferentes proxectos de innovación na normalización lingüística

do galego na escola, premiados todos eles por organismos oficiais e institucións diversas. Forma parte do comité de redacción da revista *Luzes*, dirixida por Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas. Con *A gruta da torre* (Xerais, 2022) gañou o V Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade e con *A tribo do mar* (Xerais, 2023) o XVI Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil. Con *Cartas na escuridade* gañou o Premio María Victoria Moreno 2023, convocado polo Concello de Pontevedra, así como Premio Follas Novas 2025 de literatura xuvenil.

Eva Teixeira



Nada en Lugo a mediados dos 70, é docente de secundaria nun instituto da Terra Chá, lugar de orixe da súa familia materna e paterna. Incorporouse á AELG no 2022 e pouco despois á Sección de Literatura de Tradición Oral, algo que non tiña previsto inicialmente malia a súa pluralidade de intereses, que a levou a abordar a memoria das mulleres e os inicios da banda deseñada en Galiza en artigos como “*A cacharreira*” (*Terra Chá. Boletín da cultura galega*, 2003) e “*Xaquín Marín nos inicios do humor gráfico galego*” (*Tebeosfera*, 2017). No 2025 doutorouse pola USC coa tese “*Manuel María e a canción galega, 1968-1982*”, outra mostra da preferencia polo estudo da interacción entre distintos formatos artísticos.

A súa devoción polos libros e polo colectivo lévaa a crear e participar en distintos Clubs de Lectura, dentro e fóra dos centros educativos. Na actualidade é responsable do CL Saleta, radicado na Casa Museo Manuel María.

En canto á escrita, gusta dos obradoiros, elixe formatos breves e híbridos e considera que os espazos gañan ao seren compartidos, polo que participou en proxectos colaborativos como *Manuel María. Libro colectivo de homenaxe* (Deputación de Lugo, 2017) ou *Cantos de dor e esperanza. Voces galegas por Palestina* (Tempo Galiza, 2024). Pertence ás Comadres das Letras, un colectivo de escrita feminista que publicou dúas obras: *Contármonos* (Alvarellos, 2023) e *Cereixas roubadas* (Alvarellos, 2025).

Manifesta certo desleixo polo dixital e as tecnoloxías, ten escasa presenza na rede e conta cunha única obra publicada de forma individual: *mapa.gal* (edición de autora, 2023). En “*Mans para mapa*” (*Nós Diario*, 2023) detalla parte da peripecia desa publicación que agocha o título nunha capa onde só aparece unha pequena ilustración feita pola poeta, que aínda se considera “case inédita”.













ÍNDICE

Limiar da Deputación Provincial de Lugo	5
Limiar da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega	7
Limiar da coordinación da Xornada	9
Programa	11
Da polavila á escena: recollida, creación e difusión (conferencia) Adrián Méndez	13
A regueifa no ensino: a oralidade como catalizador na mocidade (conferencia) Almudena Falcón	17
O valor da palabra, sempre e mais despois (conferencia) Tereixa Novo	27
A oralidade das cantareiras: fonte de inspiración e recursos na escena cultural e musical (mesa redonda) Almudena Falcón, Tereixa Novo e Adrián Méndez Branca Villares, moderadora	33
A radio escolar como ferramenta para traballar o Patrimonio Inmaterial (conferencia) Lois Toirán	43
As voces das mulleres rurais e a contrucción dun arquivo oral. Terra e memoria (conferencia) Ana Cabana	59
Colleita e recolleita: a patrimonialización da memoria intrafamiliar (conferencia) Branca Villares	73
A oralidade das cantareiras: salvagarda da memoria do pobo. O valor dos arquivos e a súa difusión (mesa redonda) Lois Toirán, Ana Cabana e Branca Villares Eva Teixeiro, moderadora	79
Cantareiras: o poder da poesía do pobo (sesión práctica) Jara Ortiz	91
ANEXOS	97
Datos biobibliográficos das/os intervenientes Apéndice fotográfico	



asociación de **escritoras
escritores**  en lingua galega